

**EUROPEAN  
RESUSCITATION  
COUNCIL**

# **Recomendaciones para a Resucitación 2015 do Consello Europeo de Resucitación (ERC)**

## **Sección 1: resumen ejecutivo**





## Recomendacións para a Resucitación 2015 do Consello Europeo de Resucitación (ERC)

### Sección 1: resumo executivo

#### Tradución oficial autorizada ao galego do Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar (CERCP)#

Koenraad G. Monsieurs<sup>ab,\*</sup>, Jerry P Nolan<sup>cd</sup>, Leo L Bossaert, Robert Greif, Ian K Maconochie, Nikolaos I Nikolaou, Gavin D Perkins, Jasmeet Soar, Anatolij Truhlář, Jonathan Wyllie and David A Zideman, en nome do Grupo de Redacción das Recomendacións 2015 do ERC\*\*

Koenraad G Monsieurs

Emergency Medicine, Faculty of Medicine and Health Sciences, University of Antwerp, Antwerp, Belgium and Faculty of Medicine and Health Sciences, University of Ghent, Ghent, Belgium. \*Autor para correspondencia

Jerry P Nolan

Anaesthesia and Intensive Care Medicine, Royal United Hospital, Bath, UK and Bristol University, UK

Leo L Bossaert.

University of Antwerp, Antwerp, Belgium

Robert Greif

Department of Anaesthesiology and Pain Medicine, University Hospital Bern and University of Bern, Bern, Switzerland

Ian K Maconochie

Paediatric Emergency Medicine Department, Imperial College Healthcare NHS Trust and BRC Imperial NIHR, Imperial College, London, UK

Nikolaos I Nikolaou

Cardiology Department, Konstantopouleio General Hospital, Athens, Greece

Gavin D Perkins

Warwick Medical School, University of Warwick, Coventry, UK

Jasmeet Soar

Anaesthesia and Intensive Care Medicine, Southmead Hospital, Bristol, UK

Anatolij Truhlář

Emergency Medical Services of the Hradec Králové Region, Hradec Králové, Czech Republic and Department of Anaesthesiology and Intensive Care Medicine, University Hospital Hradec Králové, Hradec Králové, Czech Republic

Jonathan Wyllie

Department of Neonatology, The James Cook University Hospital, Middlesbrough, UK

David A Zideman

Imperial College Healthcare NHS Trust, London, UK

*\*\* Grupo de Redacción das Recomendacións 2015 do ERC*

Gamal Eldin Abbas Khalifa, Annette Alfonzo, Hans-Richard Arntz, Helen Askitopoulou, Abdelouahab Bellou, Farzin Beygui, Dominique Biarent, Robert Bingham, Joost JLM Bierens, Bernd W Böttiger, Leo L Bossaert, Guttorm Brattebø, Hermann Brugger, Jos Bruinenberg, Alain Cariou, Pierre Carli, Pascal Cassan, Maaret Castrén, Athanasios F Chalkias, Patricia Conaghan, Charles D. Deakin, Emmy DJ De Buck, Joel Dunning, Wiebe De Vries, Thomas R Evans, Christoph Eich, Jan-Thorsten Gräsner, Robert Greif, Christina M Hafner, Anthony J Handley, Kirstie L Haywood, Silvija Hunyadi-Antièevia, Rudolph W. Koster, Anne Lippert, David J Lockey, Andrew S Lockey, Jesús López-Herce, Carsten Lott, Ian K Maconochie, Spyros D. Mentzelopoulos, Daniel Meyran, Koensraad G. Monsieurs, Nikolaos I Nikolaou, Jerry P Nolan, Theresa Olasveengen Peter Paal, Tommaso Pellis, Gavin D Perkins, Thomas Rajka, Violetta I Raffay, Giuseppe Ristagno, Antonio Rodríguez-Núñez, Charles Christoph Roehr, Mario Rüdiger, Claudio Sandroni, Susanne Schunder-Tatzber, Eunice M Singletary, Markus B. Skrifvars Gary B Smith, Michael A Smyth, Jasmeet Soar, Karl-Christian Thies, Daniele Trevisanuto, Anatolij Truhlař, Philippe G Vandekerckhove, Patrick Van de Voorde, Kjetil Sunde, Berndt Urlesberger, Volker Wenzel, Jonathan Wyllie, Theodoros T Xanthos, David A Zideman.

*Tradución oficial autorizada ao galego do Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar (CERCP).*

*# Grupo de tradutores ao galego das Recomendacións 2015 do ERC*

Tradución: Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia.  
Rosalía Ferreiro García (licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Románica).  
Marcos Gabriel García López (licenciado en Medicina e Cirurxía).



## Copyright and translation declarations - GL 2015 (translation GL by Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar)

### Copyright declaration

© European and Spanish Resuscitation Councils 2015. All rights reserved. No parts of this publication may be reproduced, stored in a retrieval system, or transmitted in any form or by any means, electronic, mechanical, photocopying, recording or otherwise, without the prior written permission of the ERC.

Disclaimer: The knowledge and practice in cardiopulmonary resuscitation is evolving constantly. The information provided in these Guidelines is for educational and informational purposes only. This information should not be used as a substitute for the advice of an appropriately qualified and licensed healthcare provider. Where appropriate, the authors, the editor and the publisher of these Guidelines urge users to consult a qualified healthcare provider for diagnosis, treatment and answers to their personal medical questions. The authors, the editor and the publisher of these Guidelines cannot guarantee the accuracy, suitability or effectiveness of the treatments, methods, products, instructions, ideas or any other content contained herein. The authors, the editor and/or the publisher of these Guidelines cannot be liable in any way for any loss, injury or damage to any person or property directly or indirectly related in any way to the use of these Guidelines.

©Os Consellos Europeo (ERC) e Español (CERCP) de Resucitación 2015. Todos os dereitos reservados. Ningunha parte desta publicación pode ser reproducida, almacenada nun sistema de recuperación, ou transmitida en calquera forma ou por calquera medio, sexa electrónico, mecánico, fotocopia, gravación ou doutra maneira, sen a previa autorización por escrito do ERC.

Descargo de responsabilidades: Os coñecementos e a práctica en resucitación cardiopulmonar evoluciona constantemente. A información que se prové nestas guías é so con propósito educativo e informativo. Esta información non pode utilizarse como substituto do consello dun provedor da saúde debidamente cualificado e autorizado. Os autores, o editor e o distribuidor destas Guías, urxen ao usuario que consulten un sanitario cualificado para o diagnóstico, tratamento e resposta das súas preguntas médicas cando sexa apropiado. Os autores, o editor e distribuidor destas guías non poden garantir precisión, adecuación ou efectividade dos tratamentos, métodos, produtos, instrucións, ideas ou calquera outro contido do texto. Os autores, o editor e/ou distribuidor destas guías non se responsabilizan de calquera perda, lesión ou dano que teña unha persoa ou propiedade, directa ou indirectamente, relacionada dalgunha maneira ao uso destas guías.

### Translation declaration

This publication is a translation of the original ERC Guidelines 2015. The translation is made by and under supervision of the National Resuscitation Council: (add the NRC name) , solely responsible for its contents.

If any questions arise related to the accuracy of the information contained in the translation, please refer to the English version of the ERC Guidelines which is the official version of the document.

Any discrepancies or differences created in the translation are not binding to the European Resuscitation Council and have no legal effect for compliance or enforcement purposes.

Esta publicación é unha tradución das Recomendacións ERC orixinais de 2015. A tradución está realizada por e baixo a supervisión do Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar (CERCP), único responsable do seu contido.

Se xurde algunha dúbida relacionada coa exactitude da información contida na tradución, por favor, consulte a versión en inglés das recomendacións do ERC, que son a versión oficial do documento.

Calquera discrepancia ou diferenza xurdida na tradución non é vinculante para o Consello Europeo de Resucitación (ERC) e non ten ningún efecto xurídico sobre o seu cumprimento ou execución.

## Política de Conflicto de intereses (COI) para as Recomendacións 2015 do ERC

Todos os autores destas guías 2015 do ERC asinaron as declaracións de COI

### Agradecementos

Moitas persoas apoiaron os autores na preparación destas recomendacións. Particularmente agradecemos a An De Waele, Annelies Picke, Hilary Phelan e Bart Vissers da Oficina do ERC polo seu apoio administrativo e por coordinar gran parte do traballo dos algoritmos e as ilustracións. Tamén estamos en débeda con Rosette Vanlangendonck e Luke Nolan pola súa contribución na edición das referencias.



# Recomendacións para a Resucitación 2015 do Consello Europeo de Resucitación (ERC)

## Sección 1: resumo executivo

Koenraad G. Monsieurs<sup>a,b,\*</sup>, Jerry P. Nolan<sup>c,d</sup>, Leo L. Bossaert<sup>e</sup>, Robert Greif<sup>f,g</sup>,  
 Ian K. Maconochie<sup>h</sup>, Nikolaos I. Nikolaou<sup>i</sup>, Gavin D. Perkins<sup>j</sup>, Jasmeet Soar<sup>k</sup>,  
 Anatolij Truhlár<sup>l,m</sup>, Jonathan Wyllie<sup>n</sup>, David A. Zideman<sup>o</sup>, on behalf of the ERC Guidelines 2015 Writing Group<sup>1</sup>

a Emergency Medicine, Faculty of Medicine and Health Sciences, University of Antwerp, Antwerp, Belgium

b Faculty of Medicine and Health Sciences, University of Ghent, Ghent, Belgium

c Anaesthesia and Intensive Care Medicine, Royal United Hospital, Bath, UK

d School of Clinical Science, University of Bristol, Bristol, UK

e University of Antwerp, Antwerp, Belgium

f Department of Anaesthesiology and Pain Medicine, University Hospital Bern, Bern, Switzerland

g University of Bern, Bern, Switzerland

h Paediatric Emergency Medicine Department, Imperial College Healthcare NHS Trust and BRC Imperial NIHR, Imperial College, London, UK

i Cardiology Department, Konstantopouleio General Hospital, Athens, Greece

j Warwick Medical School, University of Warwick, Coventry, UK

k Heart of England NHS Foundation Trust, Birmingham, UK

l Anaesthesia and Intensive Care Medicine, Southmead Hospital, Bristol, UK

m Emergency Medical Services of the Hradec Králové Region, Hradec Králové, Czech Republic

n Department of Anaesthesiology and Intensive Care Medicine, University Hospital Hradec Králové, Hradec Králové, Czech Republic

o Department of Neonatology, The James Cook University Hospital, Middlesbrough, UK

1 Imperial College Healthcare NHS Trust, London, UK

### Introdución

Este resumo executivo proporciona os algoritmos de tratamento esenciais para a resucitación de nenos e adultos e salienta os cambios principais dende 2010. En cada unha das dez seccións, que se publican como documentos individuais dentro deste número de Resuscitation, proporciónase unha orientación detallada. As seccións das Recomendacións 2015 do ERC son:

1. Resumo executivo
2. Soporte vital básico e desfibrilación externa automatizada do adulto<sup>1</sup>
3. Soporte vital avanzado do adulto<sup>2</sup>
4. Parada cardíaca en circunstancias especiais<sup>3</sup>
5. Coidados posresucitación<sup>4</sup>
6. Soporte vital pediátrico<sup>5</sup>
7. Resucitación e soporte de transición de acabados de nacer na sala de partos<sup>6</sup>
8. Manexo inicial das síndromes coronarias agudas<sup>7</sup>
9. Primeiros auxilios<sup>8</sup>
10. Principios de formación en resucitación<sup>9</sup>
11. Ética da resucitación e decisións ao final da vida<sup>10</sup>

As Recomendacións 2015 do ERC que seguen non definen a única forma na que se pode realizar a resucitación; só representan unha opinión amplamente aceptada de como se debería realizar esta con seguridade e eficacia. A publicación das recomendacións de tratamento novas e revisadas non implica que a atención clínica actual sexa insegura ou ineficaz.

### Resumo dos cambios dende as recomendacións de 2010

#### *Soporte vital básico do adulto e desfibrilación externa automatizada*

As Recomendacións 2015 do ERC destacan a importancia crítica das interaccións entre o operador telefónico do servizo de emerxencias médicas, a testemuña que realiza a RCP e a dispoñibilidade e a tempo dun desfibrilador externo automatizado (DEA). Unha resposta coordinada eficaz da comunidade que agrupe estes elementos é clave para mellorar a supervivencia da parada cardíaca extrahospitalaria (*Figura 1.1*).

- O operador telefónico de emerxencias médicas xoga un papel importante no diagnóstico precoz da parada cardíaca, a realización de RCP con axuda telefónica (coñecida tamén como RCP telefónica), e a localización e dispoñibilidade dun DEA.
- A testemuña formada e capacitada debería valorar a vítima do colapso rapidamente para determinar se non responde e non respira normalmente, e logo alertar inmediatamente os servizos de emerxencias.
- A vítima que non responde e non respira normalmente está en parada cardíaca e require RCP. As testemuñas e os operadores telefónicos de emerxencias médicas deberían sospeitar unha parada cardíaca en calquera doente que presente convulsións e valorar coidadosamente se a vítima respira normalmente.
- Os que realizan a RCP deberían dar compresións torácicas en todas as vítimas de parada cardíaca. Os que estean formados e sexan quen de facer respiracións de rescate, deberían realizar compresións torácicas e respiracións de rescate combinadas. A nosa consideración na equivalencia entre a RCP só con compresións torácicas e a RCP estándar, non é suficiente para cambiar a práctica actual.
- A RCP de alta calidade segue a ser esencial para mellorar os resultados. Os que realizan RCP deberían asegurar compresións torácicas de profundidade axeitada (aproximadamente 5 cm pero non máis de 6 cm no adulto medio) cunha frecuencia de 100-120 compresións por minuto. Permitir que o tórax se reexpanda completamente tras cada compresión e minimizar as interrupcións nas compresións. Cando se administren respiracións de rescate/ventilacións, empregar aproximadamente 1 segundo para insuflar o tórax cun volume suficiente para asegurar que o tórax se eleve visiblemente. A relación de compresións torácicas e ventilacións segue a ser 30:2.
- Non interromper as compresións torácicas durante máis de 10 segundos para administrar ventilacións.
- A desfibrilación nos 3-5 primeiros minutos do colapso pode producir taxas de supervivencia tan altas como 50-70%. Pódese obter desfibrilación precoz polos que fan a RCP mediante a utilización de DEA de acceso público in situ. Deberíanse implantar activamente programas de acceso



**Figura 1.1** As interaccións entre o operador telefónico do servizo de emerxencias, a testemuña que realiza a RCP e o uso oportuno dun desfibrilador externo automatizado son os elementos clave para a mellora da supervivencia da parada cardíaca extrahospitalaria.

público a DEA nos espazos públicos que teñan unha alta afluencia de persoas.

- A secuencia de RCP do adulto pode utilizarse con seguridade en nenos que non responden e non respiran con normalidade. A profundidade das compresións torácicas en nenos debería ser de polo menos un terzo do diámetro torácico anteroposterior (para lactantes isto é 4 cm, para nenos 5 cm).
- Un corpo extraño que produce obstrución completa da vía aérea é unha emerxencia médica e require tratamento inmediato con golpes nas costas e, se iso non consegue aliviar a obstrución, con compresións abdominais. Se a vítima perde a conciencia, debería comezarse inmediatamente RCP mentres se solicita axuda.

### Sopte vital avanzado do adulto

As Recomendacións 2015 do ERC de SVA destacan a mellora do coidado e a implantación das recomendacións para mellorar os resultados centrados no doente<sup>11</sup>.

Os principais cambios dende 2010 son:

- Mantense a énfase na utilización dos sistemas de resposta rápida para a atención do doente que está deteriorándose e a prevención da parada cardíaca intrahospitalaria.
- Mantense a énfase nas compresións torácicas de alta calidade con mínimas interrupcións durante calquera intervención de SVA: as compresións torácicas só se deteñen brevemente para posibilitar intervencións específicas. Isto inclúe minimizar as interrupcións nas compresións torácicas durante menos de 5 segundos para tentar a desfibrilación.
- Mantense a énfase no uso de parches autoadhesivos para a desfibrilación, e unha estratexia de desfibrilación para minimizar as pausas predescarga, aínda que se admite que as pas do desfibrilador se utilicen nalgúns ámbitos.
- Hai unha nova sección sobre monitorización durante o SVA cunha maior énfase na utilización da capnografía con forma de onda para confirmar e monitorizar de forma continua a posición do tubo endotraqueal, a calidade da RCP e para proporcionar unha indicación precoz da recuperación da circulación espontánea (RCE).
- Existe unha variedade de aproximacións ao manexo da vía

aérea durante a RCP e recoméndase unha aproximación gradual baseada nos factores do doente e as destrezas do reanimador.

- As recomendacións para o tratamento farmacolóxico durante a RCP non mudaron, pero existe un maior debate con respecto ao papel dos fármacos en mellorar os resultados da parada cardíaca.
- O uso rutineiro de dispositivos mecánicos de compresións torácicas non está recomendado, aínda que son unha alternativa razoable en situacións nas que non é posible realizar compresións torácicas de alta calidade ou a seguridade do reanimador está comprometida.
- A ecografía periparada pode ter un papel na identificación de causas reversibles de parada cardíaca.
- As técnicas de soporte vital extracorpóreo poden ter un papel como terapia de rescate en doentes seleccionados nos que as medidas de SVA estándar non teñen éxito.

### Parada cardíaca en circunstancias especiais

#### Causas especiais

Esta sección estruturouse para cubrir as causas potencialmente reversibles de parada cardíaca que deben ser identificadas ou excluídas durante calquera resucitación. Divídense en dous grupos de catro 4Hs e 4Ts: hipoxia, hipo/hiperpotasemia e outros trastornos electrolíticos, hipo/hipertermia, hipovolemia, pneumotórax a tensión, taponamento (cardíaco), trombose (coronaria e pulmonar), tóxicos (envenenamento).

- A supervivencia tras unha parada cardíaca inducida por asfixia é rara e os superviventes xeralmente teñen un deterioro neurolóxico grave. Durante a RCP é esencial a ventilación pulmonar efectiva precoz con osíxeno suplementario.
- Un alto grao de sospeita clínica e un tratamento agresivo poden previr a parada cardíaca por trastornos electrolíticos. O novo algoritmo proporciona unha guía clínica sobre o tratamento de emerxencia da hiperpotasemia con risco vital.
- Os doentes hipotérmicos sen signos de inestabilidade cardíaca poden ser requentados externamente utilizando técnicas mínimamente invasivas. Os doentes con signos de inestabilidade cardíaca deberían ser directamente trasladados a un centro con capacidade de realizar soporte vital extracorpóreo (SVEC).
- O recoñecemento precoz e o tratamento inmediato con adrenalina intramuscular seguen sendo a pedra angular do tratamento de emerxencia da anafilaxe.
- Elaborouse un novo algoritmo de tratamento da parada cardíaca traumática para priorizar a secuencia de medidas que poden salvar a vida.
- O traslado con RCP en curso pode ser beneficioso en doentes seleccionados cando existe acceso inmediato á sala de cateterismo e experiencia en intervención coronaria percutánea (ICP) con RCP simultánea.
- As recomendacións para a administración de fibrinolíticos cando se sospeita que o embolismo pulmonar é a causa da parada cardíaca permanecen sen cambios.

#### Contornos especiais

A sección de contornos especiais inclúe recomendacións para o tratamento da parada cardíaca que ocorre en localizacións específicas. Estas localizacións son instalacións sanitarias especializadas (por exemplo, quirófano, cirurxía cardíaca, sala de hemodinámica, unidade de diálise, cirurxía odontolóxica), avións comerciais ou ambulancias aéreas, campos de xogo,



contornos exteriores (por exemplo, afogamento, terreo difícil, grande altitude, soterramento por avalancha, fulguración por raio e lesións eléctricas) ou o escenario dun incidente con múltiples vítimas.

- Unha nova sección cobre as causas comúns e a modificación relevante dos procedementos de resucitación en doentes que se están a someter a cirurxía.
- En doentes tras cirurxía cardíaca maior, a clave para o éxito da resucitación é o recoñecemento da necesidade de realizar inmediatamente resternotomía de emerxencia, especialmente no contexto de taponamento ou hemorraxia, onde as compresións torácicas externas poden ser inefectivas.
- A parada cardíaca por ritmos desfibrilables (fibrilación ventricular (FV) ou taquicardia ventricular sen pulso (TVSP) durante o cateterismo cardíaco debería ser tratada de forma inmediata cunha quenda de ata tres descargas antes de comezar as compresións torácicas. Recoméndase a utilización de dispositivos mecánicos de compresións torácicas durante a anxiografía para asegurar as compresións torácicas de alta calidade e reducir a carga de radiación ao persoal durante a RCP simultánea.
- En Europa debería ser obrigatorio en todos os avións comerciais, incluídos os de compañías rexionais e de baixo custo, ter a bordo un DEA e equipamento apropiado de RCP. Débese considerar unha técnica de RCP dende a cabeceira se a estreiteza de acceso impide un método convencional.
- O colapso súbito e inesperado dun atleta sobre o campo de xogo é probable que sexa de causa cardíaca, e require recoñecemento rápido e desfibrilación precoz.
- A submersión de máis de 10 minutos asóciase cun mal pronóstico. As testemuñas xogan un papel crítico no rescate e resucitación precoces. As estratexias de resucitación para aqueles en parada respiratoria ou cardíaca continúan dándolles prioridade á oxixenación e á ventilación.
- As probabilidades de bo resultado tras unha parada cardíaca en terreo difícil ou montañoso poden reducirse como consecuencia do atraso no acceso e o traslado prolongado. Hai un papel recoñecido para o rescate aéreo e a dispoñibilidade dun DEA en localizacións remotas pero moi visitadas.
- Os criterios para limitar RCP prolongadas e requeentamento extracorpóreo nas vítimas de avalancha en parada cardíaca fixéronse máis restritivos para reducir o número de casos fútiles tratados con soporte vital extracorpóreo (SVEC).
- Refórzanse as medidas de seguridade cando se lles faga RCP ás vítimas dunha lesión eléctrica.
- Durante incidentes con múltiples vítimas (IMV), se o número de vítimas desborda os recursos sanitarios, non administrar RCP a aqueles sen signos de vida (movemento intencionado, respiración normal ou tose).

#### *Doentes especiais*

A sección de doentes especiais proporciona unha guía para a RCP en doentes con comorbilidades graves (asma, insuficiencia cardíaca con dispositivos de asistencia ventricular, enfermidade neurolóxica, obesidade) e aqueles con condicións fisiolóxicas específicas (embarazo, anciáns).

- A confirmación da parada cardíaca pode ser difícil en doentes con dispositivos de asistencia ventricular (DAV). Se durante os primeiros 10 días tras a cirurxía a parada cardíaca non responde á desfibrilación, realizar resternotomía inmediatamente.

- Os doentes con hemorraxia subaracnoide poden ter cambios no ECG que suxiran unha síndrome coronaria aguda (SCA). A realización de tomografía axial computerizada (TAC) cerebral antes ou despois da coronariografía dependerá da valoración clínica.
- Non se recomendan mudanzas na secuencia de accións na resucitación dos doentes obesos, aínda que a realización de RCP efectiva pode constituír un reto. Débese considerar cambiar os reanimadores cunha frecuencia maior que o intervalo estándar de 2 minutos. Recoméndase intubación traqueal precoz.
- Para a muller embarazada en parada cardíaca, a RCP de alta calidade con desprazamento manual uterino, o SVA precoz e a extracción do feto, se non se consegue recuperación da circulación espontánea (RCE), continúan a ser as intervencións clave.

#### *Coidados posresucitación*

Esta sección é nova nas Recomendacións do Consello Europeo de Resucitación; en 2010 este tema estaba incorporado na sección de SVA<sup>12</sup>. O ERC colaborou coa Sociedade Europea de Medicina de Coidados Intensivos para elaborar estas recomendacións de coidados posresucitación, que recoñecen a importancia duns coidados posresucitación de alta calidade como un elo vital na cadea de supervivencia<sup>13</sup>.

Os cambios máis importantes nos coidados posresucitación dende 2010 inclúen:

- Maior énfase na necesidade de cateterismo coronario urxente e intervención coronaria percutánea (ICP) tras unha parada cardíaca extrahospitalaria de probable causa cardíaca.
- O manexo con control de temperatura segue a ser importante, pero agora existe a opción de fixar un obxectivo de 36 °C de temperatura no canto dos 32-34 °C recomendados previamente. A prevención da febre continúa a ser moi importante.
- Agora o pronóstico lévase a cabo utilizando una estratexia multimodal e faise énfase en permitir que pase o tempo suficiente para a recuperación neurolóxica e facer posible a eliminación dos sedantes.
- Engadiuse unha nova sección que aborda a rehabilitación tras sobrevivir a unha parada cardíaca. As recomendacións inclúen a organización sistemática dos coidados de seguimento, que deberían incluír a valoración de potenciais alteracións cognitivas e emocionais e a achega de información.

#### *Soporte vital pediátrico*

As mudanzas nas recomendacións foron elaboradas en resposta a novas evidencias científicas convincentes e utilizando descubertas clínicas, organizativas e formativas, foron adaptadas para promover o seu emprego e facilitar o seu ensino.

#### *Soporte vital básico*

- A duración da administración dunha respiración é arredor de 1 segundo, para coincidir coa práctica en adultos.
- Para as compresións torácicas, a parte inferior do esterno debe deprimirse polo menos un terzo do diámetro torácico anteroposterior (4 cm no neonato e 5 cm no neno).

*Manexo do neno gravemente enfermo*

- Se non hai signos de shock séptico, os nenos cunha enfermidade febril deberían recibir fluídos con precaución e reavaliación tras a súa administración. Nalgunhas formas de shock séptico, a administración controlada de cristaloides isotónicos pode ser máis beneficiosa que a utilización liberal de fluídos.
- Para a cardioversión dunha taquicardia supraventricular (TSV), a dose inicial foi revisada a 1 J/kg.

*Algoritmo de parada cardíaca pediátrica*

- Moitas das características son comúns coa práctica en adultos.

*Coidados posresucitación*

- Débese prever a febre nos nenos en que se consiga a recuperación da circulación espontánea (RCE) xa dende o ámbito extrahospitalario.
- O manexo con control de temperatura dos nenos post RCE debería incluír a normotermia ou a hipotermia lixeira.
- Non existe ningún indicador prognóstico que por si só permita decidir cando finalizar a resucitación.

*Resucitación e soporte de transición de acabados de nacer na sala de partos*

O que segue son os principais cambios que se fixeron nas recomendacións do ERC para a resucitación na sala de partos en 2015:

- **Soporte de transición:** recoñecemento da situación única do acabado de nacer na sala de partos, que raramente require resucitación pero que algunhas veces necesita axuda médica durante o proceso de transición posnatal. O termo “soporte de transición” foi introducido para distinguir mellor entre as intervencións necesarias para restaurar as funcións vitais orgánicas (resucitación) e o apoio de transición.
- **Pinzamento do cordón umbilical:** para acabados de nacer sen compromiso, a termo e pretermo, agora recoméndase unha demora no pinzamento do cordón de polo menos un minuto dende a expulsión completa do neonato, tanto en acabados de nacer a termo como pretermo. Aínda así, non hai evidencia suficiente para recomendar un tempo determinado para o pinzamento do cordón en acabados de nacer que requiran resucitación na sala de partos.
- **Temperatura:** tras o parto a temperatura dos nenos acabados de nacer sen asfixia debería manterse entre 36,5 °C e 37,5 °C. A importancia de conseguir este obxectivo foi subliñada e reforzada debido á súa forte asociación coa mortalidade e morbilidade. A temperatura no momento do ingreso debería rexistrarse xa que é un índice prognóstico e un indicador de calidade.
- **Mantemento da temperatura:** tras o parto, durante o ingreso e estabilización de acabados de nacer con menos de 32 semanas de xestación, pode requirirse unha combinación de intervencións para manter a temperatura entre 36,5 °C e 37,5 °C. Esta pode incluír gases respiratorios queentados humidificados, aumento da temperatura da sala e cobertor plástico de corpo e cabeza, e manta térmica, ou só manta térmica, todos eles foron efectivos para reducir a hipotermia.
- **Avaliación óptima da frecuencia cardíaca:** en acabados de nacer que requiran resucitación súxírese que o ECG pode ser utilizado para proporcionar unha estimación rápida e

exacta da frecuencia cardíaca.

- **Meconio:** a intubación traqueal non se debería utilizar de forma sistemática en presenza de meconio e debería ser realizada soamente ante a sospeita de obstrución traqueal. A énfase debería poñerse no inicio da ventilación dentro do primeiro minuto de vida nos acabados de nacer que non respiren ou que respiren de forma inefectiva, e isto non debería demorarse.
- **Aire/Osixeno:** o soporte ventilatorio dos acabados de nacer a termo debería comezarse con aire ambiente. Nos prematuros, debería utilizarse inicialmente ou ben aire ou ben concentracións baixas de osixeno (ata 30%). Se a pesar dunha ventilación efectiva a osixenación (idealmente guiada por oximetría) continuase a ser inaceptable, deberíase considerar a utilización de concentracións de osixeno máis elevadas.
- **CPAP:** nos prematuros con dificultade respiratoria pero que respiren espontaneamente, o soporte respiratorio inicial pode proporcionarse mediante CPAP en lugar da intubación.

*Síndromes coronarias agudas*

O que segue é un resumo dos novos puntos de vista e mudanzas máis importantes nas recomendacións para o diagnóstico e tratamento das síndromes coronarias agudas (SCA).

*Intervencións diagnósticas en SCA*

- Recoméndase a realización prehospitalaria do electrocardiograma (ECG) de 12 derivacións nos doentes con sospeita de infarto agudo de miocardio con elevación do ST (IAMCEST). Naqueles con IAMCEST acelera a reperfusión prehospitalaria e intrahospitalaria e reduce a mortalidade.
- Súxírese a interpretación do ECG no IAMCEST por persoal non médico, con ou sen a axuda de sistemas informáticos de interpretación do ECG-IAMCEST, se se pode manter unha actuación diagnóstica axeitada mediante programas de garantía de calidade coidadosamente monitorizados.
- A activación prehospitalaria da sala de cateterismo no IAMCEST pode non soamente reducir os atrasos de tratamento senón tamén a mortalidade do doente.
- O achado de troponina cardíaca ultrasensible (Tnc-us) negativa durante a avaliación inicial do doente non pode utilizarse como medida illada para excluír un SCA, pero nos doentes con puntuacións de risco moi baixas poden xustificar unha alta precoz.

*Intervencións terapéuticas en SCA*

- Nos doentes con IAMCEST que se planee ICP primaria, pódese administrar antagonistas do receptor da adenosina difosfato (ADP) (clopidogrel, ticagrelor, ou prasugrel con restricións específicas), ben prehospitalariamente ou no servizo de urxencias (SU).
- A heparina non fraccionada (HNF) tamén pode ser administrada, tanto no ámbito prehospitalario como intrahospitalario, nos doentes con IAMCEST nos que se planee unha estratexia de ICP primaria.
- Pódese utilizar enoxaparina prehospitalaria como unha alternativa á HNF prehospitalaria no IAMCEST.
- Os doentes con dor torácica aguda nos que se supón unha SCA non necesitan osíxeno suplementario a non ser que presenten signos de hipoxia, dispnea, ou insuficiencia cardíaca.

*Decisións de reperfusión no IAMCEST*



As decisións de reperfusión revisáronse nunha variedade de posibles situacións locais.

- Se a fibrinólise é a estratexia de tratamento planeada, recoméndase utilizar fibrinólise prehospitalaria en lugar de fibrinólise intrahospitalaria para o IAMCEST, cando os tempos de traslado sexan > de 30 minutos e o persoal prehospitalario estea ben formado.
- En rexións xeográficas onde existan instalacións con ICP e estean dispoñibles, é preferible no IAMCEST dirixir a triaxe e o traslado cara ao ICP no canto da fibrinólise prehospitalaria.
- Os doentes que se presenten con IAMCEST no SU dun hospital sen capacidade de ICP deberían ser trasladados inmediatamente a un centro con ICP, sempre que a ICP primaria poida ser realizada en menos de 120 minutos (60 a 90 min naqueles de presentación temperá ou con infartos extensos); doutro modo os doentes deberían recibir fibrinólise e ser trasladados a un centro con ICP.
- Os doentes que reciben fibrinólise no SU dun centro sen capacidade para ICP deberían ser trasladados se é posible para unha coronariografía precoz de rutina (nas 3-24 horas dende a fibrinólise) en lugar de seren trasladados soamente se está indicado pola presenza de isquemia.
- Non se recomenda a ICP en menos de 3 horas despois da administración de fibrinolíticos e só pode realizarse en casos de fracaso da fibrinólise.

#### *Decisións de reperfusión hospitalaria tras a recuperación da circulación espontánea*

- Recoméndase cateterismo cardíaco urxente para avaliación (e ICP inmediata se se require), de modo semellante aos doentes con IAMCEST sen parada cardíaca, en doentes adultos seleccionados con RCE tras parada cardíaca extrahospitalaria (PCEH) con sospeita de orixe cardíaca con elevación do ST no ECG.
- Nos doentes que estean en coma e con RCE tras PCEH con sospeita de orixe cardíaca sen elevación do ST no ECG, é razoable valorar un cateterismo cardíaco urxente de avaliación naqueles co risco máis alto de parada cardíaca de causa coronaria.

#### *Primeiros auxilios*

Por primeira vez inclúese nas Recomendacións de 2015 do ERC unha sección de primeiros auxilios.

#### *Principios de formación en resucitación*

O que segue é un resumo dos novos puntos de vista e recomendacións para a formación en resucitación dende as últimas Recomendacións de 2010 do ERC.

#### *Formación*

- En centros que contan con recursos para adquirir e manter manequíns con altas prestacións, recomendamos a súa utilización. Porén, a utilización de manequíns con menores prestacións é axeitada para todos os niveis de formación nos cursos do ERC.
- Os dispositivos de retroalimentación de directrices de RCP son útiles para mellorar a frecuencia de compresión, profundidade, descompresión e posición das mans. Os dispositivos sonoros melloran soamente as frecuencias de compresión e poden ter un efecto prexudicial sobre a

profundidade da compresión mentres os reanimadores se centran na frecuencia.

- Os intervalos para a reciclaxe diferirán segundo as características dos participantes (por exemplo, leigos ou persoal sanitario). É sabido que as destrezas de RCP se deterioran nuns meses despois da formación e, polo tanto, as estratexias de reciclaxe anual poden non ser dunha frecuencia suficiente. Mentres non se coñezan os intervalos óptimos, a reciclaxe frecuente “pouco concentrada e breve” pode ser beneficiosa.
- A formación en habilidades non técnicas (por exemplo, habilidades en comunicación, liderado de equipos e papeis de membro do equipo) constitúe un aditamento esencial na formación das habilidades técnicas. Este tipo de formación debería ser incorporada nos cursos de soporte vital.
- Os operadores dos servizos de emerxencias teñen un papel decisivo á hora de guiar os reanimadores leigos en como realizar RCP. Este papel necesita formación específica de cara a proporcionar instrucións claras e efectivas nunha situación estresante.

#### *Implantación*

- Demostrouse que a revisión autocrítica, centrada na actuación e baseada en datos, mellora a actuación dos equipos de resucitación. Recomendamos encarecidamente a súa utilización polos equipos que asisten a doentes en parada cardíaca.
- Hanse de fomentar os sistemas rexionais incluíndo centros de parada cardíaca, xa que existe unha asociación co incremento da supervivencia e melloría do pronóstico neurolóxico en vítimas de parada cardíaca extrahospitalaria.
- Estanse desenvolvendo sistemas novos para alertar as testemuñas sobre a localización do DEA máis próximo. Hase de fomentar calquera tecnoloxía que mellore a celeridade de administración de RCP por testemuñas con rápido acceso a un DEA.
- “It takes a system to save a life” (“Salvar unha vida require un sistema”). (<http://www.resuscitationacademy.com>). As organizacións sanitarias con responsabilidade no manexo dos doentes con parada cardíaca (por exemplo, servizos de emerxencias, centros de parada cardíaca) deberían avaliar os seus procesos para asegurar que son quen de proporcionar os cuidados que aseguren as mellores taxas de supervivencia posibles que se poidan conseguir.

#### *Ética da resucitación e decisións ao final da vida*

As Recomendacións de 2015 do ERC inclúen unha detallada discusión dos principios éticos que sosteñen a resucitación cardiopulmonar.

#### **O consenso internacional sobre a ciencia cardiopulmonar**

O Comité Internacional de Unificación en Resucitación (ILCOR, [www.ilcor.org](http://www.ilcor.org)) está integrado por representantes da Asociación Americana do Corazón (AHA), o Consello Europeo de Resucitación (ERC), a Fundación do Corazón e Ictus de Canadá (HSFC), o Comité de Resucitación de Australia e Nova Zelandia (ANZCOR), o Consello de Resucitación de Suráfrica (RCSA), a Fundación Interamericana do Corazón (IAHF) e o Consello de Resucitación de Asia (RCA). Dende o ano 2000, os investigadores dos consellos membros do ILCOR avaliaron a ciencia sobre resucitación cada 5 anos. A Conferencia Internacional de Consenso máis recente celebrouse en Dallas en febreiro de 2015

e as conclusións e recomendacións publicadas deste proceso constitúen a base destas Recomendacións de 2015 do ERC<sup>14</sup>.

Ademais dos seis grupos de traballo do ILCOR de 2010 (soporte vital básico (SVB); soporte vital avanzado (SVA); síndromes coronarias agudas (SCA), soporte vital pediátrico (SVP), soporte vital neonatal (SVN), e formación, implementación e equipos (FIE), creouse un grupo de traballo de primeiros auxilios. Os grupos de traballo identificaron os temas que requirían avaliación da evidencia e invitaron a expertos internacionais para a súa revisión. Ao igual que en 2010, aplicouse unha estrita política de conflito de intereses (COI)<sup>14</sup>.

Para cada tema, invitouse a dous revisores expertos para levar a cabo avaliacións independentes. O seu traballo foi apoiado por un novo e único sistema en liña chamado SEERS (Scientific Evidence Evaluation and Review System; Sistema de Avaliación e Revisión de Evidencia Científica), desenvolto polo ILCOR. Para avaliar a calidade da evidencia e a forza das recomendacións, o ILCOR adoptou a metodoloxía GRADE (Grading of Recommendations Assessment, Development and Evaluation; Gradación de Valoración, Desenvolvemento e Avaliación das Recomendacións)<sup>15</sup>.

Á Conferencia de Consenso ILCOR 2015 asistiron 232 participantes en representación de 39 países; 64% dos asistentes procedían de fóra dos Estados Unidos. Esta participación asegurou que esta publicación final representara un proceso de consenso verdadeiramente internacional. Durante os tres anos previos a esta conferencia, os 250 revisores da evidencia científica de 39 países revisaron por pares miles de publicacións relevantes, para responder 169 cuestións específicas sobre resucitación, cada unha no formato estándar PICO (Poboación, Intervención, Comparación, Resultado). Cada declaración científica resume a interpretación dos expertos de todos os datos relevantes sobre o tema específico e o grupo de traballo ILCOR correspondente completou a proposta de consenso de recomendacións de tratamento. A redacción final das declaracións científicas e as recomendacións de tratamento completáronse despois dunha nova revisión polas organizacións membros do ILCOR e polo Consello Editorial, e foi publicado en *Resuscitation and Circulation* como Consenso sobre a Ciencia e Recomendacións de Tratamento (CoSTR) 2015<sup>16,17</sup>.

As organizacións membros que forman o ILCOR publicarán as recomendacións de resucitación coherentes con este documento CoSTR, pero tamén terán en conta as diferenzas xeográficas, económicas e de sistema na práctica, e a dispoñibilidade de dispositivos médicos e medicamentos.

### Da ciencia ás recomendacións

Estas recomendacións de 2015 do ERC baséanse no documento CoSTR 2015 e representan un consenso entre os membros da Asemblea Xeral do ERC. Son novidade nas Recomendacións de 2015 do ERC, as recomendacións en primeiros auxilios creadas en paralelo co Grupo de Traballo de Primeiros Auxilios do ILCOR e as recomendacións en coidados posresucitación. Para cada sección das recomendacións de 2015 do ERC asignouse un grupo de redacción que esbozou e acordou o manuscrito antes da súa aprobación pola Asemblea Xeral e a Directiva do ERC. Nas áreas onde o ILCOR non levara a cabo unha revisión sistemática, o grupo de redacción do ERC realizou revisións bibliográficas específicas. O ERC considera que estas novas recomendacións conteñen as intervencións máis eficaces e de máis sinxela aprendizaxe que poden ser apoiadas polo coñecemento actual,

a investigación e a experiencia. Inevitablemente, mesmo dentro de Europa, as diferenzas na dispoñibilidade de medicamentos, equipamento e persoal requirirán a adaptación local, rexional e nacional destas recomendacións. Algunhas das recomendacións formuladas nas recomendacións de 2010 do ERC permanecen sen cambios en 2015, xa sexa porque non foron publicados novos estudos ou porque a nova evidencia dende 2010 soamente fortaleceu a que xa estaba dispoñible.

### Soporte vital básico no adulto e desfibrilación externa automatizada

O capítulo de soporte vital básico (SVB) e desfibrilación externa automatizada (DEA) contén a instrución sobre as técnicas utilizadas durante a resucitación inicial dun adulto vítima dunha parada cardíaca. Isto inclúe SVB (soporte de vía aérea, respiración e circulación sen o uso doutro equipo que non sexa un dispositivo de protección) e o uso dun DEA. Ademais, inclúense técnicas sinxelas utilizadas no tratamento do atragoamento (obstrución da vía aérea por corpo extraño). As recomendacións para o uso de desfibriladores manuais e o inicio da resucitación no hospital encóntranse na sección 3.2. Inclúese un resumo da posición de recuperación, con información adicional no capítulo de primeiros auxilios.

As recomendacións baséanse no Consenso sobre Ciencia e Recomendacións de Tratamento (CoSTR) do ILCOR 2015 para SVB/DEA<sup>18</sup>.

A revisión ILCOR centrouse en 23 temas clave que deron lugar a 32 recomendacións de tratamento nos campos de acceso precoz e prevención da parada cardíaca, RCP precoz de alta calidade, e desfibrilación precoz.

### Parada cardíaca

A parada cardíaca súbita (PCS) é unha das principais causas de morte en Europa. Na análise inicial do ritmo cardíaco, aproximadamente 25-50% das vítimas de PCS presentan fibrilación ventricular (FV)<sup>19-21</sup> pero cando o ritmo é rexistrado pouco despois de colapso, en particular por un DEA in situ, a proporción de vítimas en FV pode ser tan alta como 76%<sup>22,23</sup>. O tratamento recomendado para a parada cardíaca por FV é a RCP inmediata por testemuñas e a desfibrilación eléctrica precoz. A maioría das paradas cardíacas de orixe non cardíaca teñen causas respiratorias, coma o afogamento (entre eles moitos nenos) e a asfixia. As respiracións de rescate, así como as compresións torácicas son cruciais para a resucitación con éxito destas vítimas.

### A cadea de supervivencia

A cadea de supervivencia resume os elos vitais necesarios para a resucitación exitosa (Figura 1.2). A maioría destes elos aplícanse ás vítimas tanto de parada cardíaca primaria como de parada por asfixia.<sup>13</sup>

#### 1: Recoñecemento precoz e pedir axuda

Recoñecer a orixe cardíaca dunha dor no peito, e chamar os servizos de emerxencia antes do colapso dunha vítima, permite que o servizo de emerxencias médicas chegue máis cedo, a ser posible antes de que a parada cardíaca ocorra, o que conduce a unha maior supervivencia.<sup>24-26</sup>

Unha vez que se produciu a parada cardíaca, o recoñecemento precoz é fundamental para permitir a rápida activación do servizo de emerxencias médicas (SEM) e a pronta iniciación da

RCP por testemuñas. As principais observacións son ausencia de resposta e non respirar con normalidade.

### 2: RCP precoz por testemuñas

A iniciación inmediata da RCP pode duplicar ou cuadruplicar a supervivencia tras a parada cardíaca.<sup>27-29</sup>

Se son quen, os reanimadores formados en RCP deberían dar compresións torácicas xunto con ventilacións. Cando unha persoa que chama non se formou en RCP, o operador telefónico de emerxencias médicas deberá instruíla para dar RCP só con compresións torácicas mentres espera a chegada de axuda profesional.<sup>30-32</sup>

### 3: Desfibrilación precoz

A desfibrilación nos primeiros 3-5 minutos do colapso pode producir taxas de supervivencia tan altas como 50-70%. Isto pódese lograr mediante DEA de acceso público e dispoñibles in situ.<sup>21,23,33</sup>

### 4: Soporte vital avanzado precoz e cuidados posresucitación estandarizados

O soporte vital avanzado con manexo da vía aérea, fármacos e corrección dos factores causais pode ser necesario se os primeiros intentos de resucitación non teñen éxito.

### A necesidade crucial da actuación das testemuñas

Na maioría das comunidades, a mediana do tempo dende a chamada de emerxencia ata a chegada do servizo de emerxencias médicas (intervalo de resposta) é 5-8 minutos<sup>22,34-36</sup> ou 8-11 minutos ata unha primeira descarga<sup>21,2</sup>.

Durante este tempo a supervivencia da vítima depende de que as testemuñas inicien a RCP e utilicen un desfibrilador externo automatizado (DEA).<sup>22,37</sup>

### Recoñecemento da parada cardíaca

Recoñecer unha parada cardíaca pode ser un reto. Tanto as testemuñas coma os encargados das chamadas de emerxencia (operadores telefónicos de emerxencias médicas) teñen que

diagnosticar a parada cardíaca o antes posible para activar a cadea de supervivencia. A comprobación do pulso carotídeo (ou calquera outro pulso) demostrou ser un método inexacto para confirmar a presenza ou ausencia de circulación.<sup>38-42</sup>

A respiración agónica pode estar presente ata no 40% das vítimas nos primeiros minutos despois da parada cardíaca, e se se responde tomándoa coma un signo de parada cardíaca, asóciase con maiores taxas de supervivencia.<sup>43</sup>

O significado da respiración agónica debería enfatizarse durante a formación en soporte vital básico.<sup>44,45</sup>

As testemuñas deberían sospeitar parada cardíaca e comezar RCP se a vítima non responde e non respira con normalidade. As testemuñas deberían sospeitar unha parada cardíaca en calquera doente que presente convulsións.<sup>46,47</sup>

### Papel do operador telefónico de emerxencias

#### Recoñecemento da parada cardíaca polo operador telefónico de emerxencias

Nos doentes que non responden e non respiran con normalidade debería asumirse que están en parada cardíaca. Unha respiración agónica a miúdo está presente, e as persoas que chaman poden crer erroneamente que a vítima aínda está a respirar con normalidade.<sup>48-57</sup>

Proporcionarlles educación adicional aos operadores telefónicos de emerxencias, abordando especificamente a identificación e a importancia da respiración agónica, pode mellorar o recoñecemento dunha parada cardíaca, aumentar a provisión de RCP asistida por teléfono<sup>55,57</sup> e reducir o número de casos de parada cardíaca non identificados.<sup>52</sup>

Se a chamada inicial de emerxencia é por unha persoa que sofre convulsións, o receptor da chamada debería ter unha alta sospeita de parada cardíaca, inclusive se a persoa que chama informa que a vítima ten unha historia previa de epilepsia.<sup>49,58</sup>

#### RCP asistida por teléfono

As taxas de RCP por testemuñas son baixas en moitas comunidades. As instrucións de RCP asistida por teléfono (RCP telefónica) melloran as taxas de RCP por testemuñas,<sup>56,59-62</sup> reducen o tempo de inicio da RCP,<sup>57,59,62-64</sup> aumentan o número de compresións torácicas realizadas<sup>60</sup> e melloran os resultados do doente tras unha parada cardíaca extrahospitalaria (PCEH) en




Figura 1.2 A cadea de supervivencia

todos os grupos de doentes.<sup>30-32,56,61,63,65</sup>

Os operadores telefónicos deben proporcionar instrucións de RCP telefónica en todos os casos de sospeita de parada cardíaca a menos que un reanimador formado estea xa realizando RCP. Cando se requiran instrucións para unha vítima adulta, os operadores telefónicos deben proporcionar instrucións de RCP só con compresións torácicas. Se a vítima é un neno, os operadores telefónicos deben darlles instrucións ás persoas que chaman para realizar ventilacións e compresións torácicas.

### Secuencia de SVB en adultos

A figura 1.3 presenta a secuencia detallada paso a paso para o reanimador con formación. Continúase poñendo de relevo a importancia de garantir a seguridade do reanimador, a vítima e a testemuña. Pedir axuda adicional, se é necesario, incorpórase no paso seguinte, o de alerta aos servizos de emerxencias. Para maior claridade o algoritmo preséntase coma unha secuencia lineal de pasos. Admítese que os primeiros pasos de comprobación de resposta, apertura da vía aérea, comprobación da respiración e chamada ao operador telefónico de emerxencias médicas poden realizarse simultaneamente ou en sucesión rápida (Figura 1.4).

Aqueles que non están formados para recoñecer a parada cardíaca e comezar a RCP non serían conscientes destas recomendacións e, polo tanto, requiren asistencia do operador telefónico, unha vez que toman a decisión de chamar ao 112.

#### Apertura da vía aérea e comprobación da respiración

#### *Ritmos non desfibrilables (AESP e asistolia)*

A actividade eléctrica sen pulso (AESP) defínese coma unha parada cardíaca en presenza de actividade eléctrica (que non sexa taquiarritmia ventricular) que normalmente estaría asociada a pulso palpable.<sup>213</sup>

A supervivencia da parada cardíaca con asistolia ou AESP é improbable a non ser que se encontre unha causa reversible e se trate de forma efectiva.

Se o ritmo inicial monitorizado é AESP ou asistolia, comezar RCP 30:2. De se presentar asistolia, sen interromper a RCP, comprobar que os eléctrodos están conectados correctamente. Unha vez que se colocou un dispositivo de vía aérea avanzada, continuar coas compresións torácicas sen facer pausas durante

a ventilación. Tras 2 minutos de RCP, volver a comprobar o ritmo. Se a asistolia persiste, reiniciar a RCP inmediatamente. De presentar un ritmo organizado, tentar palpar o pulso. Se non hai pulso (ou se existe calquera dúbida sobre a presenza de pulso), continuar a RCP.

Administrar 1 mg de adrenalina tan pronto como se consiga acceso venoso ou intraóseo, e repetir cada ciclo alterno de RCP (i.e. aproximadamente cada 3-5 minutos). Se existe pulso, comezar os cuidados posresucitación. De se apreciar signos de vida (consciencia, movemento intencionado, respiración normal ou tose) durante a RCP, comprobar o ritmo e comprobar o pulso. Se durante a RCP se sospeita RCE non administrar adrenalina e continuar a RCP. Dar a adrenalina se se confirma a parada cardíaca na seguinte comprobación de ritmo.

Sempre que se faga un diagnóstico de asistolia, hai que comprobar o ECG coidadosamente por se hai presenza de ondas P, porque nese caso pode responder a marcapasos cardíaco. Non existe ningún beneficio en intentar colocar un marcapasos na asistolia verdadeira. Ademais, se existe dúbida sobre se o ritmo é asistolia ou FV extremadamente fina, non intente desfibrilación; polo contrario, continúe con compresións torácicas e ventilación. A RCP de alta calidade continuada pode, porén, mellorar a amplitude e a frecuencia da FV e aumentar a probabilidade de desfibrilación con éxito a un ritmo con perfusión.<sup>203-205</sup>

O tempo óptimo de RCP entre as comprobacións de ritmo poden variar segundo o ritmo da parada cardíaca e se é o primeiro ciclo ou subseguintes. Baseado no consenso de expertos, para o tratamento da asistolia ou AESP, tras un ciclo de 2 minutos de RCP, se o ritmo cambiou a FV, seguir o algoritmo para ritmos desfibrilables. Doutro modo, continuar RCP e administrar adrenalina cada 3-5 minutos tras non poder detectar un pulso palpable coa comprobación de pulso. Se se identifica FV no monitor en medio dun ciclo de 2 minutos de RCP, complete o ciclo de RCP antes da correspondente comprobación de ritmo e administración de descarga. Esta estratexia minimizará as interrupcións nas compresións torácicas

#### *Causas potencialmente reversibles*

Durante calquera parada cardíaca débense considerar as causas potenciais ou factores agravantes para as cales existe tratamento específico. Para unha fácil memorización, estas divídense en dous grupos de catro, baseadas na súa letra inicial: ben H ou T. Na sección 4 (circunstancias especiais) trátanse con máis detalles moitas destas condicións.<sup>3</sup>

*Utilización da ecografía durante o soporte vital avanzado.* Varios estudos examinaron a utilización da ecografía durante a parada cardíaca para detectar causas potencialmente reversibles.<sup>215-217</sup>

Aínda que ningún estudo demostrou que a utilización desta modalidade de imaxe mellore os resultados, non hai dúbida de que a ecografía ten o potencial de detectar causas reversibles de parada cardíaca. A integración da ecografía no soporte vital avanzado require unha formación considerable, se deben de minimizar as interrupcións das compresións torácicas.

#### *Monitorización durante o soporte vital avanzado*

Existen varios métodos e tecnoloxías novas para monitorizar o doente durante a RCP e potencialmente guiar as intervencións de SVA. Estas inclúen:

- Signos clínicos tales como esforzos respiratorios, movementos e abertura de ollos poden ocorrer durante a RCP. Estes poden indicar RCE e requiren verificación do ritmo e comprobación do pulso, pero tamén poden ocorrer

porque a RCP pode xerar unha circulación suficiente para restaurar os signos de vida (consciencia, movemento intencionado, respiración normal ou tose) incluíndo a conciencia.<sup>218</sup>

- A utilización de dispositivos de retroalimentación ou de indicacións de axuda durante a RCP abórdase na sección 2, soporte vital básico.<sup>1</sup>
- A utilización de dispositivos de retroalimentación ou de indicacións de axuda durante a RCP debería considerarse soamente como parte dun sistema máis extenso de cuidados que deberían incluír iniciativas amplas de mellora de calidade da RCP.<sup>99,219</sup>
- As comprobacións de pulso cando existe un ritmo ECG compatible con gasto cardíaco eficaz poden ser utilizadas para identificar RCE, pero poden non detectar pulsos naqueles estados de baixo gasto cardíaco e unha presión arterial baixa.<sup>220</sup>
- Non está claro o valor de intentar palpar os pulsos arteriais durante as compresións torácicas para valorar a súa efectividade. Na vea cava inferior non existen válvulas e, polo tanto, o fluxo sanguíneo retrógrado no sistema venoso pode producir pulsacións venosas femorais.<sup>221</sup>
- A pulsación carotídea durante a RCP non indica necesariamente perfusión miocárdica ou cerebral adecuadas.
- A monitorización do ritmo cardíaco mediante pas, parches ou eléctrodos ECG son unha parte estándar do SVA. Os artefactos de movemento impiden unha valoración fiable do ritmo cardíaco durante as compresións torácicas forzando aos reanimadores a deter as compresións torácicas para valorar o ritmo, e impedindo o recoñecemento precoz da FV/TVSP recorrente. Algúns desfibriladores modernos teñen filtro que elimina os artefactos das compresións pero non hai estudos en humanos que demostren melloras nos resultados coma consecuencia da súa utilización. Suxerimos non utilizar de forma rutineira algoritmos de filtro de artefactos para a análise do ritmo ECG durante a RCP a non ser como parte dun programa de investigación.<sup>18</sup>
- A utilización da capnografía con forma de onda durante a RCP ten unha maior énfase nas Recomendacións 2015 e abórdase con máis detalle máis adiante.
- A extracción para análises de sangue durante a RCP pode utilizarse para identificar causas potencialmente reversibles de parada cardíaca. Evitar mostras de sangue capilar do dedo en situacións críticas xa que poden non ser fiables; mellor utilizar mostras de sangue venosa ou arterial.
- Os valores de gasometrías son difíciles de interpretar durante a RCP. Durante a parada cardíaca, os valores de gases arteriais poden ser enganosos e gardar pouca relación co estado ácido-base tisular.<sup>222</sup>
- A análise do sangue venoso central pode proporcionar unha mellor estimación do pH tisular. A monitorización da saturación de osíxeno venoso central durante o SVA é factible pero o seu papel coma guía na RCP non está claro.
- A monitorización invasiva da presión arterial permitirá a detección de valores de presión sanguínea baixos cando se consiga a RCE. Considerar un obxectivo de presión diastólica aórtica por enriba de 25 mmHg durante a RCP mediante a optimización das compresións torácicas.<sup>223</sup>
- Na práctica isto significará a medición dunha presión diastólica arterial. Aínda que a RCP dirixida pola hemodinámica mostrou algún beneficio en estudos experimentais<sup>224-227</sup> na actualidade non existe evidencia de mellora da supervivencia con esta abordaxe en humanos.<sup>175</sup>
- A valoración ecográfica, abordada anteriormente, está

dirixida sobre todo para identificar e tratar causas reversibles de parada cardíaca, e identificar estados de baixo gasto cardíaco (“pseudo AESP”). A súa utilización foi discutida máis enriba.

- A oximetría cerebral utilizando espectroscopia próxima ao infravermello mide de forma non invasiva a saturación de osíxeno cerebral rexional (rSO<sub>2</sub>).<sup>228-230</sup> Segue sendo unha tecnoloxía nova que é factible durante a RCP. O seu papel coma guía nas intervencións de RCP incluíndo o prognóstico durante e despois da RCP está aínda por establecer.<sup>231</sup>

#### *Capnografía con forma de onda durante o soporte vital avanzado.*

A capnografía con forma de onda permite a monitorización continua en tempo real durante a RCP da CO<sub>2</sub> ao final da expiración. Durante a RCP, os valores de CO<sub>2</sub> ao final da expiración son baixos, e reflicte o baixo gasto cardíaco xerado pola compresión torácica. Actualmente non existe evidencia de que a utilización da capnografía con forma de onda durante a RCP mellore os resultados do doente, aínda que a prevención dunha intubación esofáxica non recoñecida é claramente beneficiosa. O papel da capnografía con forma de onda durante a RCP inclúe:

- Asegurar a colocación do tubo traqueal na traquea (ver máis adiante para máis detalles).
- Monitorización ventilatoria durante a RCP e evitar a hiperventilación.
- Monitorización da calidade das compresións torácicas durante a RCP. Os valores de CO<sub>2</sub> ao final da expiración asócianse coa profundidade da compresión e a ventilación e unha maior profundidade de compresión torácica aumentará os seus valores.<sup>232</sup>
- Se isto pode ser utilizado para guiar a actuación e mellorar o resultado require un estudo ulterior.<sup>174</sup>
- Identificación da RCE durante a RCP. Un incremento no CO<sub>2</sub> ao final da expiración durante a RCP pode indicar RCE e evitar doses innecesarias e potencialmente danifias de adrenalina nun doente con RCE.<sup>174,182,200,201</sup>
- Se se sospeita RCE durante a RCP, evite a adrenalina. Administre adrenalina se se confirma a parada cardíaca na seguinte comprobación de ritmo.
- Prognóstico durante a RCP. Valores moi baixos de CO<sub>2</sub> ao final da expiración poden indicar un pobre prognóstico e menor probabilidade de RCE<sup>175</sup>; porén, recomendamos que non se utilice un valor específico de CO<sub>2</sub> ao final da expiración en ningún momento durante a RCP coma único criterio para suspender os esforzos de RCP. Os valores de CO<sub>2</sub> ao final da expiración deberían considerarse soamente coma unha parte dunha abordaxe multimodal para a toma de decisións sobre prognóstico durante a RCP.<sup>235,236</sup>

#### *Resucitación cardiopulmonar extracorpórea (RCP)*

A RCP extracorpórea (RCPE) debería considerarse coma unha terapia de rescate para aqueles doentes nos cales as medidas iniciais de SVA son infrutuosas e/ou para facilitar intervencións específicas (por exemplo, angiografía coronaria e intervención coronaria percutánea (ICP) ou trombectomía pulmonar para o embolismo pulmonar masivo).<sup>233,234</sup> Existe unha necesidade urxente de estudos aleatorizados de RCPE e grandes rexistros de RCPE para identificar as circunstancias en que funciona mellor, establecer as recomendacións para o seu emprego e identificar os beneficios, custos e riscos da RCPE.<sup>235,236</sup>

## Desfibrilación

A estratexia de desfibrilación para as recomendacións de 2015 do ERC cambiaron pouco dende as recomendacións anteriores.

- Ao longo destas recomendacións segue remarcándose a importancia das compresións torácicas ininterrompidas de forma precoz, xunto con minimizar a duración das pausas predescarga e posdescarga.
- Continuar as compresións torácicas durante a carga do desfibrilador, administrar a descarga cunha interrupción nas compresións torácicas de non máis de 5 segundos e inmediatamente reiniciar as compresións torácicas tras a desfibrilación.
- Os parches autoadhesivos de desfibrilación teñen numerosas vantaxes sobre as pas manuais e deberían ser utilizados sempre preferentemente cando estean dispoñibles.
- A RCP débese continuar mentres se consegue e se conecta un desfibrilador ou un desfibrilador externo automatizado (DEA), pero a desfibrilación non se debe demorar máis que o tempo necesario para establecer a necesidade de desfibrilación e a carga.
- Pódese considerar a utilización de tres descargas en quenda cun desfibrilador dispoñible de forma inmediata se unha FV/TVSP inicial ocorre durante unha parada presenciada e monitorizada, por exemplo, durante o cateterismo cardíaco.
- Os niveis de enerxía de descarga para desfibrilación non se cambiaron dende as recomendacións 2010.<sup>194</sup>
- Para formas de onda bifásicas administrar a primeira descarga cunha enerxía de polo menos 150 J, a segunda e sucesivas descargas con 150-360 J. A enerxía de descarga para un desfibrilador particular debería basearse na guía do fabricante. É apropiado considerar o escalamento da enerxía de descarga se é posible, tras unha descarga falida e para doentes nos que se produce refibrilación.<sup>195,196</sup>

### Estratexias para minimizar a pausa predescarga

A demora entre o cese das compresións torácicas e a administración da descarga (a pausa predescarga) debe reducirse ao mínimo posible; incluso 5-10 segundos de demora reducirán as probabilidades de que a descarga teña éxito.<sup>84,85,87,197,198,237</sup>

A pausa predescarga pode reducirse a menos de 5 segundos continuando as compresións durante a carga do desfibrilador e mantendo un equipo eficiente coordinado por un líder que se comunica de forma efectiva.<sup>176,238</sup>

A comprobación de seguridade para evitar que o reanimador estea en contacto co doente no momento da desfibrilación debería ser levada a cabo rápido pero eficientemente. A pausa posdescarga minimízase reiniciando as compresións torácicas inmediatamente tras a administración da descarga (ver máis adiante). O proceso completo de desfibrilación manual debería poder conseguirse con menos de 5 segundos de interrupción das compresións.

### Manexo da vía aérea e ventilación

A estratexia para o manexo da vía aérea está aínda por determinarse. Varios estudos observacionais desafiaron a premisa de que o manexo avanzado da vía aérea (intubación traqueal ou vía aérea supraglótica) melloran os resultados.<sup>239</sup>

O Grupo de Traballo de SVA do ILCOR suxeriu a utilización ben dunha vía aérea avanzada (intubación traqueal ou vía aérea supraglótica (VASG)) ou ben dun balón máscara para o manexo da vía aérea durante a RCP.<sup>175</sup>

Esta moi ampla recomendación faise como consecuencia

da ausencia total de datos de alta calidade para indicar que estratexia de vía aérea é a mellor. Na práctica, durante un intento de resucitación utilizarase unha combinación de técnicas de manexo de vía aérea de modo graduado.<sup>240</sup>

A mellor vía aérea, ou combinación de técnicas de manexo de vía aérea, variará de acordo a factores do doente, a fase do intento de resucitación (durante a RCP, tras a RCE) e a pericia dos reanimadores.<sup>192</sup>

### Confirmación da correcta colocación do tubo traqueal

A intubación esofáxica inadvertida é a complicación máis seria dos intentos de intubación traqueal. A utilización rutineira de técnicas primarias e secundarias para confirmar a correcta colocación do tubo traqueal debería reducir este risco. O Grupo de Traballo de SVA do ILCOR recomenda utilizar a capnografía con forma de onda para confirmar e monitorizar de forma continua a posición dun tubo traqueal durante a RCP, ademais da valoración clínica (recomendación forte, calidade de evidencia baixa). Dáselle unha recomendación forte á capnografía con forma de onda xa que pode ter outros usos potenciais durante a RCP (por exemplo, monitorización da taxa de ventilación, valoración da calidade da RCP). O Grupo de Traballo de SVA do ILCOR recomenda que se non se dispón de capnografía con forma de onda, un detector de dióxido de carbono sen forma de onda, un dispositivo detector esofáxico ou unha ecografía, ademais da valoración clínica, sexan unha alternativa.

### Fármacos e fluídos para a parada cardíaca

#### Vasopresores

A pesar da continuada e ampla utilización de adrenalina e o uso de vasopresina durante a resucitación nalgúns países, non existe ningún estudo controlado con placebo que demostre que o uso rutineiro de ningún vasopresor durante a parada cardíaca en humanos aumente a supervivencia á alta hospitalaria, aínda que se documentou melloría da supervivencia a curto prazo.<sup>186,187,189</sup>

A nosa recomendación actual é continuar coa utilización de adrenalina durante a RCP como nas recomendacións de 2010. Consideramos o beneficio nos resultados a curto prazo (RCE e ingreso no hospital) e a nosa incerteza sobre o beneficio ou dano sobre a supervivencia á alta e o pronóstico neurolóxico dadas as limitacións dos estudos observacionais.<sup>175,241,242</sup>

Decidimos non mudar a práctica actual ata que existan datos de alta calidade sobre os resultados a longo prazo.

Unha serie de estudos aleatorizados controlados<sup>243-247</sup> non mostraron diferenza nos resultados (RCE, supervivencia á alta, pronóstico neurolóxico) con vasopresina fronte a adrenalina como vasopresor de primeira liña na parada cardíaca. Outros estudos comparando adrenalina soa ou en combinación con vasopresina tampouco mostraron diferenza en RCE, supervivencia á alta ou pronóstico neurolóxico.<sup>248-250</sup>

Suxerimos que a vasopresina non debería ser utilizada na parada cardíaca en lugar da adrenalina. Aqueles profesionais sanitarios que traballan en sistemas que xa utilizan vasopresina poden continuar facéndoo porque non existe evidencia de dano por utilizar vasopresina cando se compara coa adrenalina.<sup>175</sup>

#### Antiarrítmicos

Coma cos vasopresores, a evidencia de que os fármacos antiarrítmicos sexan beneficiosos na parada cardíaca é limitada. Ningún fármaco antiarrítmico administrado durante a parada cardíaca en humanos demostrou que aumente a supervivencia á alta hospitalaria, aínda que se demostrou que a amiodarona aumenta a supervivencia ata o ingreso no hospital.<sup>251,252</sup>

A pesar da ausencia de datos sobre resultados a longo prazo en humanos, o balance da evidencia é favorable á utilización de fármacos antiarrítmicos para o manexo das arritmias na parada cardíaca. Tras tres descargas iniciais, na FV refractaria ás descargas, a amiodarona mellora o resultado a curto prazo de supervivencia ao ingreso no hospital comparado con placebo<sup>251</sup> ou lidocaína.<sup>252</sup>

A amiodarona tamén parece mellorar a resposta á desfibrilación cando se administra a humanos ou animais con FV ou taquicardia ventricular hemodinamicamente inestable.<sup>253-257</sup>

Non existe evidencia para indicar o momento óptimo no que se debe administrar a amiodarona cando se utilice unha estratexia de descarga única. Nos estudos clínicos ata a data, a amiodarona administrábase se a FV/TVSP persistía despois de polo menos tres descargas. Por este motivo, e en ausencia de ningún outro dato, recoméndanse 300 mg de amiodarona se FV/TVSP persiste despois de tres descargas.

A lidocaína recoméndase para a súa utilización durante o SVA cando non se dispón de amiodarona.<sup>252</sup>

Non utilizar rutineiramente magnesio para o tratamento da parada cardíaca.

#### *Outras terapias farmacolóxicas*

Non administrar rutineiramente bicarbonato sódico durante a parada cardíaca e RCP nin tras a RCE. Considerar bicarbonato sódico para a hiperpotasemia con risco vital, para a parada cardíaca asociada a hiperpotasemia e para a sobredose por antidepressivos tricíclicos.

A terapia fibrinolítica non debería utilizarse rutineiramente na parada cardíaca. Considerar terapia fibrinolítica cando a parada cardíaca é causada por embolismo pulmonar agudo probado ou sospeitado. Tras a fibrinólise para o embolismo pulmonar durante a RCP, comunicáronse casos de supervivencia e bo pronóstico neurolóxico que requiriron máis de 60 minutos de RCP. Se se administra un fármaco fibrinolítico nestas circunstancias, considerar realizar RCP durante polo menos 60-90 minutos antes de finalizar os intentos de resucitación. A RCP en curso non é unha contraindicación para a fibrinólise.

#### *Fluídos intravenosos*

A hipovolemia é unha causa potencialmente reversible de parada cardíaca. Débense infundir fluídos rapidamente se se sospeita hipovolemia. Nos estados iniciais da resucitación non hai claras vantaxes en utilizar coloides, así que se deben utilizar solucións cristaloides balanceadas tales coma solución de Hartmann ou cloruro sódico ao 0,9%. Evitar a dextrosa, que se redistribúe rapidamente fóra do espazo intravascular e produce hiperglicemia, e pode empeorar o pronóstico neurolóxico tras a parada cardíaca.<sup>261</sup>

#### *Técnicas e dispositivos de RCP*

Aínda que as compresións torácicas manuais se realizan a miúdo moi pobremente<sup>262-264</sup> ningunha asistencia demostrou de modo consistente ser superior á RCP manual.

#### *Dispositivos de compresións torácicas mecánicas*

Dende as recomendacións de 2010 houbo tres grandes EAC recrutando 7582 doentes que non demostraron unha clara vantaxe da utilización rutineira de dispositivos de compresión torácica mecánica na PCEH.<sup>36,265,266</sup>

Suxerimos que os dispositivos de compresión torácica mecánica non sexan utilizados rutineiramente para reemprazar as compresións torácicas manuais. Suxerimos que os dispositivos de

compresión torácica mecánica automatizada son unha alternativa razoable ás compresións torácicas manuais de alta calidade en situacións nas que as compresións torácicas manuais de alta calidade sexan pouco prácticas ou comprometan a seguridade do reanimador, tales como a RCP nunha ambulancia en movemento, RCP prolongada (por exemplo, parada hipotérmica), e RCP durante certos procedementos (por exemplo, coronariografía ou preparación para RCP extracorpórea).<sup>175</sup>

Deberían evitarse interrupcións da RCP durante a colocación do dispositivo. O persoal sanitario que utilice RCP mecánica debería facelo soamente dentro dun programa monitorizado e estruturado que debería incluír unha formación extensa baseada en competencias e oportunidades regulares de actualizar as destrezas.

#### *Dispositivo de limiar de impedancia (DUI)*

Un EAC do DUI con RCP estándar comparado con RCP estándar soa con 8718 doentes de PCEH non conseguiu demostrar ningún beneficio coa utilización de DUI en termos de supervivencia e pronóstico neurolóxico.<sup>267</sup> Polo tanto recomendamos que o DUI non sexa utilizado rutineiramente coa RCP estándar. Dous EAC non mostraron beneficio en termos de supervivencia á alta hospitalaria do DUI coa RCP con compresión e descompresión activas comparado con só RCP con compresión e descompresión activas.<sup>268,269</sup>

En dúas publicacións presentáronse os resultados dun grande estudo dunha combinación de DUI con RCP con compresión e descompresión activas (RCP CDA) comparado á RCP estándar.<sup>270,271</sup>

Non houbo diferenzas na supervivencia á alta nin na supervivencia neuroloxicamente favorable aos 12 meses, e tras considerar o número necesario para tratar tomouse a decisión de non recomendar a utilización rutineira de DUI e CDA.<sup>175</sup>

#### *Arritmias periparada*

A correcta identificación e tratamento das arritmias no doente crítico pode evitar que ocorra a parada cardíaca ou que volva producirse tras unha resucitación inicial exitosa. A valoración e tratamento iniciais dun doente con arritmia debería seguir a aproximación ABCDE.

A valoración e tratamento de todas as arritmias ten en consideración dous factores: a situación do doente (estable ou inestable) e a natureza da arritmia. Os fármacos antiarrítmicos son de comezo máis lento e menos fiables que a cardioversión eléctrica para converter unha taquicardia a ritmo sinusal; así pois, os fármacos tenden a reservarse para os doentes estables sen signos adversos, e a cardioversión eléctrica é xeralmente o tratamento preferido para o doente inestable que presenta signos adversos.

Os algoritmos para o tratamento de taquicardia e bradicardia non se cambiaron dende 2010 e móstranse nas figuras 1.8 e 1.9.

A presenza ou ausencia de signos ou síntomas adversos ditará o tratamento apropiado para a maioría das arritmias. Os seguintes factores adversos indican que un doente está inestable como consecuencia da arritmia.

1. Shock: este percíbese coma palidez, sudación, extremidades frías e húmidas (aumento da actividade simpática), alteración de conciencia (fluxo sanguíneo cerebral reducido) e hipotensión (por exemplo, tensión arterial sistólica < 90 mmHg).

2. Síncope: perda de conciencia, que ocorre como consecuencia da redución do fluxo sanguíneo cerebral.
3. Insuficiencia cardíaca: as arritmias comprometen a función miocárdica ao reducir o fluxo sanguíneo coronario. En situacións agudas isto maniféstase por edema pulmonar (insuficiencia ventricular esquerda) e/ou elevación da presión venosa xugular e hepatomegalia (insuficiencia ventricular dereita).
4. Isquemia miocárdica: ocorre cando o consumo de osíxeno miocárdico excede á achega. A isquemia miocárdica pódese presentar con dor torácica (anxina) ou pode ocorrer sen dor, coma un achado illado no ECG de 12 derivacións (isquemia silente). A presenza de isquemia miocárdica é especialmente importante se existe unha enfermidade arterial coronaria ou cardiopatía estrutural subxacente porque pode causar complicacións adicionais potencialmente mortais, incluíndo a parada cardíaca.

Unha vez se determinou o ritmo e a presenza ou ausencia de signos adversos, as opcións para o tratamento inmediato clasifícanse coma:

- Eléctricas (cardioversión, marcapasos).
- Farmacoloxías (fármacos antiarrítmicos e outros).

### Parada cardíaca en situacións especiais

#### *Causas especiais*

##### *Hipoxia*

A parada cardíaca causada por hipoxemia é xeralmente unha consecuencia de asfixia, que explica a maioría das paradas cardíacas de causa non cardíaca. A supervivencia tras a parada cardíaca por asfixia é excepcional e a maioría dos superviventes presentan dano neurolóxico grave. Aqueles que están inconscientes pero non progresaron á parada cardíaca teñen moitas máis probabilidades de ter unha boa recuperación neurolóxica.<sup>272,273</sup>

##### *Hipo-hiperpotasemia e outros trastornos electrolíticos*

Os trastornos electrolíticos poden provocar arritmias cardíacas ou parada cardíaca. As arritmias que ameazan a vida están moi comunmente asociadas con trastornos do potasio, particularmente hiperpotasemia.

##### *Hipotermia (accidental)*

A hipotermia accidental defínese coma un descenso involuntario da temperatura corporal central <35 °C. O arrefriamento do corpo humano reduce o consumo celular de osíxeno aproximadamente un 6% por cada grao centígrado de descenso da temperatura central.<sup>274</sup>

A 18 °C o cerebro pode tolerar a parada cardíaca ata 10 veces máis tempo que a 37 °C. Isto dá lugar a un efecto protector da hipotermia sobre o cerebro e o corazón,<sup>275</sup> polo que unha recuperación neurolóxica completa pode ser posible incluso despois dunha parada cardíaca prolongada, se a hipotermia profunda se produce antes que a asfixia. Se non se dispón dun centro con SVEC, o requeitamento pode intentarse no hospital utilizando unha combinación de técnicas de requeitamento internas e externas (por exemplo, aire requeitado, soros quentes, lavado peritoneal forzado con líquidos quentes).<sup>276</sup>

##### *Hipertermia*

A hipertermia prodúcese cando fracasa a capacidade corporal

de termorregulación e a temperatura central excede a que normalmente manteñen os mecanismos homeostáticos. A hipertermia é un continuo de situacións relacionadas coa calor corporal, empezando polo estrés térmico, progresando ao esgotamento por calor, o golpe de calor e finalmente o fracaso multiorgánico e a parada cardíaca.<sup>277</sup> A base do tratamento é a terapia de soporte e o arrefriamento rápido do doente.<sup>278-280</sup>

Se é posible débese comezar o arrefriamento no ámbito prehospitalario. Débese tratar de reducir rapidamente a temperatura central a 39 °C aproximadamente. Se se produce a parada cardíaca, seguir as recomendacións estándar e continuar o arrefriamento do doente. Débense utilizar as mesmas técnicas de arrefriamento que no manexo con control de temperatura tras a parada cardíaca.

##### *Hipovolemia*

A hipovolemia é unha causa potencialmente tratable de parada cardíaca que habitualmente se produce coma resultado dunha diminución do volume intravascular (por exemplo, hemorraxia); pero tamén pode producirse unha hipovolemia relativa en doentes con vasodilatación intensa (por exemplo, anafilaxia, sepsis). Dependendo da causa que se sospeite, débese comezar o tratamento con hemoderivados e/ou cristaloides quentes, a fin de restaurar rapidamente o volume intravascular. Ao mesmo tempo, débense iniciar inmediatamente as intervencións para control de hemorraxias, por exemplo, cirurxía, endoscopia, técnicas endovasculares<sup>281</sup>, ou tratar a causa primaria (por exemplo, shock anafiláctico).

*Anafilaxia.* A anafilaxia é unha reacción grave de hipersensibilidade xeneralizada ou sistémica que ameaza a vida. Caracterízase polo desenvolvemento rápido de problemas de vía aérea e/ou respiración e/ou circulación que poñen en perigo a vida, xeralmente asociados con cambios na pel e nas mucosas.<sup>282-285</sup>

A adrenalina é o fármaco máis importante no tratamento da anafilaxia.<sup>286,287</sup> O algoritmo de tratamento da anafilaxia, que inclúe as doses correctas de adrenalina, móstrase na *Figura 1.10*. A adrenalina é máis efectiva cando se administra precocemente tras o comezo da reacción,<sup>288</sup> e os efectos adversos son extraordinariamente raros con doses IM correctas. Débese repetir a dose de adrenalina IM se non mellora a situación do doente en 5 min. A adrenalina IV debería ser utilizada unicamente por aqueles con experiencia no uso e dosificación de vasopresores na súa práctica clínica habitual.

*Parada cardíaca traumática.* A parada cardíaca traumática (PCT) supón unha mortalidade moi elevada, pero naqueles nos que se alcanza a RCE, o resultado neurolóxico nos superviventes parece ser moito mellor que noutras causas de parada cardíaca.<sup>289,290</sup>


É de vital importancia que unha parada cardíaca de causa médica non sexa diagnosticada equivocadamente coma unha PCT, xa que debe ser tratada co algoritmo universal de SVA. Na parada cardíaca provocada por hipovolemia, taponamento cardíaco ou pneumotórax a tensión, é improbable que as compresións torácicas sexan tan efectivas como na parada cardíaca con normovolemia.<sup>291,292</sup>

Por esta razón, as compresións torácicas teñen menos prioridade que o tratamento inmediato das causas reversibles, por exemplo, toracotomía, control de hemorraxias etc. (*Figura 1.11*)

##### *Pneumotórax a tensión*

A incidencia do pneumotórax a tensión é de aproximadamente o 5% en doentes con traumatismo grave tratados no ámbito prehospitalario (13% dos que presentan PCT).<sup>293-295</sup>

### Algoritmo da Taquicardia (con pulso)



\*La cardioversión eléctrica en pacientes conscientes, lévase sempre a cabo baixo sedación ou anestesia xeral

**Figura 1.8** Algoritmo de taquicardia. ABCDE – vía aérea (A), respiración (B), circulación (C), discapacidade (D), exposición (E); IV – intravenoso; SpO<sub>2</sub> – saturación de osíxeno medida por pulsioximetría; TA – tensión arterial; ECG – electrocardiograma; CC – corrente continua; FA – fibrilación auricular; TV – taquicardia ventricular; TSV – taquicardia supraventricular; TPSV – taquicardia paroxística supraventricular

A descompresión torácica con agulla é rápida e está dentro das habilidades da maioría do persoal de emerxencias, aínda que é de utilidade limitada.<sup>296,297</sup>

A toracotomía simple é fácil de realizar e varios servizos médicos de emerxencias prehospitalarios utilízana de forma rutinaria.<sup>298,299</sup> Consiste en realizar a primeira fase da inserción estándar dun tubo torácico, unha incisión sinxela e unha disección rápida cara ao espazo pleural no doente ventilado con presión positiva.

#### Taponamento cardíaco

A mortalidade por taponamento cardíaco é elevada e require a descompresión inmediata do pericardio para ter algunha posibilidade de sobrevivir. Se non é posible a toracotomía, considerar a pericardiocentese guiada por ecografía para tratar a parada cardíaca asociada con taponamento cardíaco traumático ou non traumático. A pericardiocentese sen control de imaxe é unha alternativa, soamente se non se dispón de ecografía.

#### Trombose

**Embolismo pulmonar.** A parada cardíaca por embolismo pulmonar agudo é a presentación clínica máis grave do tromboembolismo venoso.<sup>300</sup> A incidencia publicada de parada cardíaca por embolismo pulmonar é do 2-9% de todas as PCEH<sup>183,301-303</sup> e o


5-6%, de todas as paradas cardíacas intrahospitalarias.<sup>304,305</sup>

O diagnóstico de embolismo pulmonar agudo durante a parada cardíaca é difícil. A historia e a avaliación clínica, a capnografía e a ecocardiografía (se está dispoñible) poden axudar no diagnóstico de embolismo pulmonar agudo durante a RCP, con graos variables de especificidade e sensibilidade. Débese considerar a administración de tratamento fibrinolítico cando o embolismo pulmonar agudo é a causa coñecida ou sospeitada da parada cardíaca. A RCP en curso non é unha contraindicación para a fibrinólise. O beneficio potencial da fibrinólise en termos de mellora da supervivencia excede os riscos potenciais, nunha situación onde non existen alternativas, por exemplo, no medio prehospitalario.<sup>258</sup>

Unha vez se administrou o fibrinolítico, débese continuar a RCP durante polo menos 60-90 minutos antes de finalizar os intentos de resucitación.<sup>258,259</sup>

**Trombose coronaria.** Aínda que o diagnóstico correcto da causa da parada cardíaca pode ser difícil nun doente que estea en parada, se o ritmo inicial é FV o máis probable é que a causa sexa unha enfermidade arterial coronaria con oclusión dun vaso coronario importante. Nestes casos, pode considerarse o traslado realizando RCP durante este e o acceso inmediato á sala de

## Algoritmo da Bradicardia



**Figura 1.9** Algoritmo de bradicardia. ABCDE – vía aérea (A), respiración (B), circulación (C), discapacidade (D), exposición (E). IV – intravenoso; SpO<sub>2</sub> – saturación de osíxeno medida por pulsioximetría; TA – tensión arterial; ECG – electrocardio-grama; AV – aurículoventricular

hemodinámica, se se dispón dunha infraestrutura prehospitalaria e intrahospitalaria con equipos experimentados en soporte hemodinámico mecánico e intervención coronaria percutánea primaria (ICPP) con RCP en curso. Unha decisión de traslado realizando RCP durante este debería ter en consideración unha posibilidade realista de supervivencia (por exemplo, parada cardíaca presenciada con ritmo inicial desfibrilable (FV/ TVSP) e RCP por testemuñas). Unha RCE intermitente tamén favorecería unha decisión de realizar o traslado.<sup>306</sup>

### Tóxicos

En xeral, a intoxicación raramente causa parada cardíaca ou morte.<sup>307</sup> Existen poucas medidas terapéuticas específicas da intoxicación que melloren os resultados: descontaminación, aumentar a eliminación e a utilización de antidotos específicos.<sup>308-310</sup> O carbón activado é o método de elección de descontaminación gastrointestinal en doentes con vía aérea intacta ou protexida. É máis efectivo se se administra na primeira hora tras a inxestión.<sup>311</sup>

### Contornos especiais

#### Parada cardíaca perioperatoria

A causa máis común de parada cardíaca relacionada coa

anestesia implica o manexo da vía aérea.<sup>312,313</sup> A parada cardíaca causada por sangrado ten a mortalidade máis alta na cirurxía non cardíaca, con só un 10,3% de supervivencia á alta hospitalaria destes doentes.<sup>314</sup> No quirófano normalmente os doentes están completamente monitorizados e por iso debería haber pouco ou ningún atraso en diagnosticar a parada cardíaca.

#### Parada cardíaca tras cirurxía cardíaca

A parada cardíaca tras cirurxía cardíaca maior é relativamente frecuente no postoperatorio inmediato, cunha incidencia publicada de 0,7-8%.<sup>315,316</sup> A resternotomía de emerxencia é unha parte integral da resucitación tras a cirurxía cardíaca, unha vez que outras causas reversibles foron excluídas. Unha vez que se estableceron unha vía aérea e unha ventilación axeitadas, e de ter fracasado tres intentos de desfibrilación en FV/TVSP, débese realizar a resternotomía sen demora. A esternotomía de emerxencia está tamén indicada en asistolia ou AESP, cando outros tratamentos fracasen, e debería realizarse nos primeiros 5 minutos tras a parada cardíaca por alguén con formación axeitada.

#### Parada cardíaca na sala de hemodinámica

A parada cardíaca (xeralmente por FV) pode producirse durante unha intervención coronaria percutánea (ICP) por infarto agudo de miocardio con elevación do ST (IAMCEST) ou sen elevación do ST (IAMSEST), pero pode ser tamén unha complicación da angiografía. Neste escenario especial con resposta inmediata a unha FV monitorizada, recoméndase desfibrilación sen compresións torácicas previas. De ser preciso, por fracaso da desfibrilación ou recorrencia inmediata da FV, pódese repetir a desfibrilación inmediata ata tres veces. Se a FV persiste tras tres descargas iniciais ou a RCE non se establece con certeza inmediatamente, deben iniciarse compresións torácicas e ventilacións sen máis atraso e debe buscarse unha causa do problema non resolto cunha ulterior coronariografía. Na mesa da sala de hemodinámica, co intensificador de imaxe enriba do doente, é case imposible a aplicación das compresións torácicas coa adecuada profundidade e frecuencia, e expón os reanimadores aos perigos da radiación. Polo tanto, recoméndase fortemente a transición precoz a un dispositivo mecánico de compresión torácica.<sup>317,318</sup>

Se o problema non é resolto rapidamente, evidencias de moi baixa calidade suxeren que pode considerarse a utilización de soporte vital extracorpóreo (SVEC), coma unha estratexia de rescate se se dispón da infraestrutura, e probablemente sexa preferible ao balón de contrapulsación intraaórtico (BCIA).<sup>319</sup>

#### Parada cardíaca na unidade de diálise

A morte súbita cardíaca é a causa máis frecuente de morte nos doentes en hemodiálise e é precedida habitualmente por arritmias ventriculares.<sup>320</sup> A hiperpotasemia contribúe ao 2-5% das mortes entre os doentes en hemodiálise.<sup>321</sup> Nos doentes sometidos a hemodiálise é máis frecuente un ritmo desfibrilable (FV/TVSP).<sup>320,322,323</sup> A maioría dos fabricantes de máquinas de hemodiálise recomendan a desconexión do equipo de diálise antes da desfibrilación.<sup>324</sup>

#### Parada cardíaca en vehículos de traslado

**Emerxencias a bordo de aeronaves en voo.** As paradas cardíacas a bordo de voos teñen unha incidencia de 1 por cada 5-10 millóns de voos de pasaxeiros. Un ritmo inicial desfibrilable está presente no 25-31% dos doentes<sup>325-328</sup> e o uso en voo dun DEA pode resultar nun 33-50% de supervivencia á alta hospitalaria.<sup>325,328,329</sup>

**Parada cardíaca nun HSEM e ambulancias aéreas.** Os servizos




Figura 1.10 Algoritmo de tratamento da anaflaxe<sup>282</sup>. Reproducido con permiso de Elsevier Ireland Ltd




Figura 1.11 Algoritmo de parada cardíaca traumática

de ambulancias aéreas operan ben coma helicópteros dos servizos de emerxencias médicas (HSEM) ou coma avións medicalizados, que trasladan doentes críticos de forma rutineira. A parada cardíaca pode ocorrer en voo, tanto en doentes trasladados dende o lugar dun accidente como tamén en doentes críticos durante o traslado interhospitalario.<sup>330,331</sup> Se nun doente monitorizado se observa un ritmo desfibrilable (FV/TVSP) e se pode realizar a desfibrilación rapidamente, dar inmediatamente ata tres descargas en quenda antes de comezar as compresións torácicas. Os dispositivos mecánicos de compresións torácicas permiten proporcionar compresións torácicas de alta calidade no espazo reducido dunha ambulancia aérea e debería considerarse o seu emprego.<sup>332,333</sup> Se se pensa que existe unha posibilidade de parada cardíaca durante o voo, considerar colocar o doente cun dispositivo mecánico de compresións torácicas durante os preparativos antes do voo.<sup>334, 335</sup>

*Parada cardíaca durante actividades deportivas*

O colapso súbito e inesperado dun atleta no campo de xogo, non asociado a contacto ou trauma, é probablemente de orixe cardíaca e require o recoñecemento rápido e o tratamento efectivo para que a vítima sobreviva. De non se producir unha resposta inmediata ao tratamento e habendo un equipo médico organizado, considerar levar o doente a unha área a resguardo dos medios de comunicación e espectadores. Se o doente está en FV/TVSP atrasar o desprazamento ata despois dos primeiros tres intentos de desfibrilación (a desfibrilación é moito máis probable que sexa efectiva nas tres primeiras descargas).

*Rescate acuático e afogamento*

O afogamento é unha causa frecuente de morte accidental.<sup>336</sup> A cadea de supervivencia do afogamento<sup>337</sup> describe cinco elos cruciais para mellorar a supervivencia tras o afogamento (Figura

1.12).

As testemuñas xogan un papel crucial nos primeiros intentos de rescate e resucitación.<sup>338-340</sup> O ILCOR revisou indicadores prognósticos específicos e observou que unha duración da submersión de menos de dez minutos se asociaba con moi alta probabilidade de resultado favorable.<sup>18</sup> Non foron de utilidade para predicir a supervivencia nin a idade, nin o tempo de resposta dos servizos de emerxencias (SEM), nin que fose auga doce ou salgada, nin a temperatura da auga, nin a condición das testemuñas. A submersión en auga xeada pode prolongar o período ventá de supervivencia e xustificar actuacións prolongadas de busca e rescate.<sup>341-343</sup>

A secuencia de SVB no afogamento (Figura 1.13) reflicte a importancia crítica do alivio rápido da hipoxia.

*Emerxencias en contornos agrestes e medioambientais*

*Terreo difícil e áreas remotas.* Comparado con áreas urbanas, algúns terreos son de acceso máis difícil e están distantes dos servizos sanitarios organizados. As posibilidades dun bo resultado nunha parada cardíaca poden reducirse por un atraso no acceso e un traslado prolongado. Sempre que sexa posible, trasladar o doente mediante rescate aéreo.<sup>344,345</sup> A organización do helicóptero do servizo de emerxencias médicas (HSEM) inflúe no resultado.<sup>346-348</sup>

*Mal de altura.* Dada a popularidade crecente das viaxes a grandes alturas, un número progresivo de turistas de altitude teñen factores de risco cardiovascular e metabólico de parada cardíaca. A resucitación en grandes alturas non difire da RCP estándar. Cunha pO<sub>2</sub> máis baixa, a RCP é máis esgotadora para o rescatador que a nivel do mar, e o número medio de compresións torácicas efectivas pode reducirse no primeiro minuto.<sup>349-351</sup>

Utilizar dispositivos mecánicos de compresións torácicas cando sexa posible. En situacións onde non é posible o traslado nin a corrección de causas reversibles, é inútil continuar a resucitación e a RCP debería finalizarse.

*Soterramento por avalancha.* En Europa e Norteamérica en conxunto, prodúcese cada ano arredor de 150 mortes por avalancha de neve. As mortes débense principalmente á asfixia, e algunhas veces asociadas con traumatismo e hipotermia. Os factores prognósticos son gravidade da lesión, duración do soterramento completo, permeabilidade da vía aérea, temperatura central e potasio sérico.<sup>352</sup> Os criterios limitantes de RCP prolongada e requeentamento extracorpóreo de vítimas de avalancha en parada cardíaca volvéronse máis estritos para reducir o número de casos fútiles tratados con soporte vital extracorpóreo (SVEC). Un algoritmo para o manexo da vítima




Figura 1.13 Algoritmo de tratamento do afogamento para rescatadores co deber de responder

de soterramento por avalancha móstrase na Figura 1.14.

*Fulguración por raios e lesións eléctricas.* A lesión eléctrica é relativamente infrecuente pero potencialmente devastadora a nivel multisistémico cunha elevada morbilidade e mortalidade, causando 0,54 mortes por 100.000 persoas cada ano. Débese asegurar que calquera fonte de enerxía está desconectada e non se debe aproximar a vítima ata que estea seguro. A electrocución por caída de raios é rara, pero causa 1000 mortes ao ano en todo o mundo.<sup>353</sup> Os doentes inconscientes con queimaduras lineais ou puntiformes (flores do raio) deberían ser tratados coma vítimas dunha fulguración por raio.<sup>354</sup> Queimaduras graves (térmicas ou eléctricas), necrose miocárdica, extensión da lesión ao sistema nervioso central e fallo multiorgánico secundario, determinan a morbilidade e o prognóstico a longo prazo.




Figura 1.12 Cadea de supervivencia do afogamento.

### *Incidentes con múltiples vítimas*

Débase utilizar un sistema de triaxe para darlle prioridade ao tratamento. A decisión de utilizar un sistema de triaxe con cribado en incidentes con múltiples vítimas (IMI) e non utilizar a RCP naqueles en situación de morte inminente (incluíndo as vítimas sen signos de vida), é responsabilidade do líder médico, habitualmente o clínico máis experimentado do SEM no escenario. A formación permite o recoñecemento rápido e correcto daqueles que precisan procedementos que salvan a vida e reduce o risco de proporcionar coidados non apropiados en casos inútiles.

### *Doentes especiais*

#### *Parada cardíaca asociada a enfermidades concomitantes*

**Asma.** A maioría das mortes relacionadas coa asma ocorren antes do ingreso no hospital.<sup>35</sup> A parada cardíaca nunha persoa con asma é a miúdo un evento terminal tras un período de hipoxemia. As modificacións das recomendacións do SVA estándar inclúen considerar a necesidade de intubación traqueal precoz. Se durante a RCP se sospeita hiperinsuflación dinámica dos pulmóns, a compresión do tórax desconectando o tubo traqueal pode aliviar o atrapamento aéreo

**Doentes con dispositivos de asistencia ventricular.** Confirmar a parada cardíaca nestes doentes pode ser difícil. Un doente con monitorización invasiva debería considerarse en parada se a liña arterial marca igual que a liña da presión venosa central (PVC). En doentes sen monitorización invasiva, se non teñen signos de vida e non respiran, debería considerarse que sufriron unha parada cardíaca. Nos doentes cun dispositivo implantable de asistencia ventricular esquerda (DAVI) debería aplicarse o mesmo algoritmo da parada tras a cirurxía cardíaca. En actividade eléctrica sen pulso (AESP), débese apagar o marcapasos e verificar que non haxa unha FV subxacente, que debe ser tratada con desfibrilación. As compresións torácicas externas deberían realizarse se os esforzos inmediatos de resucitación fracasan. É importante que se realice sempre a comprobación da vía aérea e a respiración. É posible que un doente en asistolia ou FV aínda teña fluxo cerebral adecuado debido a un adecuado e continuado fluxo da bomba. Se o doente está consciente e responde entón terá máis tempo para resolver esta arritmia e as compresións torácicas externas non serán necesarias. A resternotomía debería realizarse nunha parada cardíaca establecida dentro dos 10 días da cirurxía.

**Parada cardíaca asociada con enfermidade neurolóxica.** A parada cardíaca asociada a unha enfermidade neurolóxica aguda é relativamente infrecuente e pode ocorrer con hemorraxia subaracnoidea, hemorraxia intracerebral, crises epilépticas e accidente vascular cerebral isquémico.<sup>356</sup> A parada cardíaca ou respiratoria ocorre entre o 3 e o 11% dos doentes con hemorraxia subaracnoidea,<sup>357</sup> e o ritmo inicial habitualmente é non desfibrilable. Con todo, os doentes con hemorraxia subaracnoidea poden ter cambios no ECG que suxiran unha síndrome coronaria aguda.<sup>358</sup> Nos individuos con pródromos de síntomas neurolóxicos que consigan RCE pode considerarse realizar un TAC cerebral. Se este se realiza antes ou despois dunha coronariografía dependerá do xuízo clínico, e terase en consideración a probabilidade dunha hemorraxia subaracnoidea fronte a unha síndrome coronaria aguda.<sup>4</sup>

**Obesidade.** En 2014, máis de 1900 millóns de adultos (39%)

tiñan sobrepeso e destes máis de 600 millóns (13%) eran obesos. Os factores de risco cardiovascular tradicionais (hipertensión, diabetes, perfil lipídico, enfermidade cardíaca coronaria prevalente, insuficiencia cardíaca e hipertrofia ventricular esquerda) son frecuentes nos doentes obesos. A obesidade asóciase cun risco aumentado de morte súbita cardíaca.<sup>359</sup> Na resucitación de doentes obesos non se recomentan cambios na secuencia de accións, pero a realización dunha RCP efectiva pode ser un reto.

#### *Parada cardíaca durante o embarazo*

Dende a 20 semana de xestación, o útero pode comprimir tanto a vea cava inferior (VCI) como a aorta, dificultando o retorno venoso e o gasto cardíaco. A posición das mans sobre o esterno para as compresións torácicas pode ser necesario que sexa lixeiramente máis alta para doentes con embarazo avanzado, por exemplo, durante o terceiro trimestre.<sup>360</sup> Desprazar manualmente o útero cara a esquerda para reducir a compresión da VCI. Se é posible, engadir inclinación lateral esquerda e asegurarse que o tórax permanece apoiado sobre unha superficie firme (por exemplo, en quirófano). Considerar a necesidade dunha histerotomía ou cesárea de emerxencia tan pronto como a xestante entre en parada cardíaca. A mellor taxa de supervivencia dos acabados de nacer de máis de 24-25 semanas de xestación prodúcese cando se logra a extracción do lactante dentro dos 5 minutos posteriores á parada cardíaca da nai.<sup>361</sup>

#### *Persoas de idade avanzada*

Máis do 50% das persoas resucitadas dunha PCEH teñen 65 anos ou máis.<sup>362</sup> Non son necesarias modificacións nos protocolos estándar de resucitación no manexo de doentes de idade avanzada en parada cardíaca. Os reanimadores, deberían ser conscientes que o risco de fracturas de esterno e costelas é alto en anciáns.<sup>363-365</sup> A incidencia de lesións relacionadas coa RCP incrementase coa súa duración.<sup>365</sup>

### **Coidados posresucitación**

O éxito na recuperación da circulación espontánea (RCE) é o primeiro paso para alcanzar o obxectivo da recuperación completa da parada cardíaca. Os complexos procesos fisiopatolóxicos que ocorren tras a isquemia de todo o organismo durante a parada cardíaca e a resposta de reperfusión subseguinte durante a RCP e tras o éxito da resucitación denomináronse síndrome posparada cardíaca.<sup>36</sup> Dependendo da causa da parada, e a gravidade da síndrome posparada cardíaca, moitos doentes requirirán soporte de múltiples órganos e o tratamento que reciban durante este período posresucitación inflúe significativamente nos resultados globais e particularmente na calidade da recuperación neurolóxica.<sup>367-373</sup> O algoritmo de coidados posresucitación (*Figura 1.15*) resume algunhas das intervencións clave requiridas para optimizar o resultado destes doentes.

#### *Síndrome posparada cardíaca*

A síndrome posparada cardíaca comprende a lesión cerebral posparada cardíaca, a disfunción miocárdica posparada cardíaca, a resposta sistémica por isquemia/reperfusión e a patoloxía precipitante.<sup>366,374,375</sup> A gravidade desta síndrome variará coa duración e a causa da parada cardíaca. Pode non producirse en absoluto se a parada cardíaca é breve. O fallo cardiovascular explica a maioría das mortes nos primeiros tres días, mentres que a lesión cerebral explica a maioría das mortes tardías.<sup>376-378</sup> A retirada das medidas de soporte vital (RMSV)




Figura 1.14 Algoritmo de accidente por avalancha.

é a causa máis frecuente de morte (aproximadamente 50%) nos doentes nos que se prognostica un mal resultado<sup>378,379</sup>, e enfatiza a importancia do plan prognóstico (ver máis adiante). A lesión cerebral posparada cardíaca pode exacerbarse por fallo na microcirculación, por deterioro da autorregulación, hipotensión, hipercapnia, hipoxemia, hiperoxemia, febre, hipoglicemia, hiperglicemia e convulsións. Unha disfunción miocárdica significativa é común tras a parada cardíaca pero tipicamente comeza a recuperarse en 2-3 días, aínda que a recuperación completa pode tardar significativamente máis.<sup>380-382</sup> A isquemia/reperfusión global do organismo que se produce na parada cardíaca activa as vías inmunitarias e da coagulación, e contribúe ao fallo multiorgánico e aumentando o risco de infección.<sup>383</sup> Así pois, a síndrome posparada cardíaca ten moitas características en común coa sepsis, incluíndo depleción de volume intravascular, vasodilatación, lesión endotelial e alteracións da microcirculación.<sup>384-390</sup>

### Vía aérea e respiración

Tanto a hipoxemia coma a hipercapnia aumentan a probabilidade dunha ulterior parada cardíaca e poden contribuír á lesión cerebral secundaria. Varios estudos en animais indican que a hiperoxemia precoz tras a RCE causa estrés oxidativo e lesiona as neuronas postisquémicas.<sup>391</sup> Practicamente todos os datos en humanos derivan de rexistros de unidades de coidados intensivos e produciron resultados contraditorios sobre o potencial impacto da hiperoxemia tras a resucitación da parada cardíaca.<sup>392</sup> Un estudo recente de aire fronte a osíxeno suplementario no infarto de miocardio con elevación de ST demostrou que a terapia con osíxeno suplementario aumentaba a lesión miocárdica, o infarto de miocardio recorrente e as arritmias cardíacas maiores se asociaban cun maior tamaño do infarto aos 6 meses.<sup>393</sup> Dada a evidencia de dano tras o infarto de miocardio e a posibilidade de aumento da lesión neurolóxica tras a parada cardíaca, tan pronto como se poida monitorizar fielmente a saturación de osíxeno sanguíneo arterial (por gasometría e/ou pulsioximetría), débese axustar a concentración inspirada de osíxeno para manter a saturación de osíxeno arterial no rango de 94-98%. Débese evitar a hipoxemia, que tamén é daniña, e asegurar unha medición fiable da saturación de osíxeno arterial antes de reducir a concentración inspirada de osíxeno. Considerar a intubación traqueal, sedación e ventilación controlada en calquera doente con alteración da función cerebral. Tras a parada cardíaca, a hipocapnia inducida pola hiperventilación produce isquemia cerebral.<sup>394-396</sup> Estudos observacionais que utilizan rexistros de parada cardíaca demostran unha asociación entre hipocapnia e mal prognóstico neurolóxico.<sup>397,398</sup> Ata que se dispoña de datos prospectivos, é razoable axustar a ventilación para conseguir normocapnia e monitorizala utilizando CO<sub>2</sub> ao final da espiración e os valores de gasometría arterial.

### Circulación

A síndrome coronaria aguda (SCA) é unha causa frecuente de parada cardíaca extrahospitalaria (PCEH). Nunha metaanálise recente, a prevalencia dunha lesión arterial coronaria aguda oscilou do 59% ao 71% nos doentes con PCEH sen unha etioloxía cardíaca evidente.<sup>399</sup> Moitos estudos observacionais demostraron que a avaliación na sala de hemodinámica dun cateterismo cardíaco de emerxencia, incluíndo a intervención coronaria percutánea (ICP), é factible nos doentes con RCE tras parada cardíaca.<sup>400,401</sup> O manexo invasivo (i.e. coronariografía precoz seguida por ICP inmediata se é necesario) destes doentes, particularmente aqueles que tiveron unha resucitación

prolongada e cambios inespecíficos do ECG, foi controvertido dada a falta de evidencia específica e de implicacións sobre a utilización de recursos (incluíndo traslado de doentes a centros con ICP).

*Intervención coronaria percutánea tras RCE con elevación de ST*  
Baseándose nos datos dispoñibles, a realización na sala de hemodinámica dun cateterismo cardíaco de emerxencia, (e ICP inmediata se se require) debería realizarse en doentes adultos con RCE tras PCEH con sospeita de orixe cardíaca con elevación de ST (EST) no ECG. Esta recomendación baséase en evidencia de baixa calidade de poboacións seleccionadas. Estudos observacionais tamén indican que tras PCEH se conseguen resultados óptimos cunha combinación de manexo con control de temperatura (MCT) e ICP, que poden ser incluídos nun protocolo estandarizado posparada cardíaca como parte dunha estratexia global para mellorar a supervivencia sen dano neurolóxico.<sup>401-403</sup>

*Intervención coronaria percutánea tras RCE sen elevación de ST*  
A diferenza da presentación usual da SCA en doentes que non están en parada cardíaca, os instrumentos estándar para valorar isquemia coronaria en doentes con parada cardíaca son menos exactos. A sensibilidade e especificidade dos datos clínicos habituais, ECG e biomarcadores, para predicir oclusión arterial coronaria aguda como causa de PCEH non están claras.<sup>404-407</sup> Varias series observacionais amplas demostraron que a ausencia de EST pode estar tamén asociada con SCA en doentes con RCE tras PCEH.<sup>408-411</sup> Nestes doentes sen EST, existen datos contraditorios procedentes de estudos observacionais sobre o beneficio potencial da realización na sala de hemodinámica dun cateterismo cardíaco de emerxencia.<sup>410,412,413</sup> É razoable discutir e considerar a realización na sala de hemodinámica dun cateterismo cardíaco de emerxencia tras a RCE en doentes co risco máis alto dunha causa coronaria da súa parada cardíaca. Factores tales como a idade do doente, duración da RCP, inestabilidade hemodinámica, ritmo cardíaco de presentación, estado neurolóxico á chegada ao hospital e probabilidade percibida de etioloxía cardíaca poden influír na decisión de levar a cabo a intervención na fase aguda ou demoralala ata máis tarde durante a estancia hospitalaria.

### Indicacións e momento oportuno da tomografía axial computadorizada (TAC)

As causas cardíacas da PCEH foron estudadas extensamente nas décadas recentes; ao contrario, pouco se sabe das causas non cardíacas. A identificación precoz dunha causa respiratoria ou neurolóxica permitiría trasladar o doente a unha UCI especializada para uns coidados óptimos. A mellora no coñecemento do prognóstico tamén permite a discusión sobre a pertinencia de terapias específicas, incluíndo MCT. A identificación precoz dunha causa respiratoria ou neurolóxica pode conseguirse mediante a realización dunha TAC cerebral e torácica ao ingreso no hospital, antes ou despois da coronariografía. En ausencia de signos ou síntomas suxestivos de causa neurolóxica ou respiratoria (por exemplo, cefalea, convulsións ou déficits neurolóxicos para as causas neurolóxicas, dispnea ou hipoxia documentada en doentes que sofren unha enfermidade respiratoria coñecida e que empeora) ou se existe evidencia clínica ou ECG de isquemia miocárdica, a coronariografía lévase a cabo primeiro e de non encontrarse nela lesións causais, realízase a continuación unha TAC. Varias series de casos mostraron que esta estratexia permite o diagnóstico das causas non cardíacas de parada nunha proporción substancial de doentes.<sup>358,414</sup>

## Retorno da circulación espontánea comatosa




Figura 1.15. Algoritmo de coidados postresuscitación. TAS – Tensión arterial sistólica; ICP – Intervención coronaria percutánea; ATAC – Anxiograma de tomografía axial computerizada; UCI – Unidade de coidados intensivos; TAM – tensión arterial media; ScvO<sub>2</sub> – saturación venosa central de oxígeno; GC/IC – gasto cardíaco/índice cardíaco; EEG – electroencefalografía; DAI – desfibrilador automático implantable

### Manexo hemodinámico

A disfunción miocárdica posresucitación produce inestabilidade hemodinámica, que se manifesta coma hipotensión, índice cardíaco baixo e arritmias.<sup>380,415</sup> Débese realizar ecocardiografía en todos os doentes para detectar e cuantificar o grao de disfunción miocárdica.<sup>381,416</sup>

A disfunción miocárdica posresucitación a miúdo require soporte inotrópico, polo menos temporalmente. O tratamento pode ser guiado por presión arterial, frecuencia cardíaca, diurese, taxa de aclaramento de lactato plasmático e saturación de osíxeno venoso central. A ecocardiografía seriada tamén pode utilizarse, especialmente en doentes hemodinamicamente inestables. Na UCI é esencial unha liña arterial para a monitorización continua da presión arterial. De modo similar á terapia precoz guiada por obxectivos que se recomenda no tratamento da sepse,<sup>417</sup> aínda que posta en cuestión por varios estudos recentes,<sup>418-420</sup> tras a parada cardíaca propúxose como unha estratexia de tratamento un paquete de terapias, incluíndo un obxectivo específico de presión arterial.<sup>370</sup> En ausencia de datos definitivos, débese tomar como obxectivo a presión arterial media para conseguir unha diurese adecuada (1 mL/kg/h) e uns valores normais ou decrecentes de lactato plasmático, e tomar en consideración a tensión arterial normal do doente, a causa da parada cardíaca e a gravidade de calquera disfunción miocárdica.<sup>366</sup> Estes obxectivos poden variar dependendo da fisioloxía individual e do estado de comorbilidade. É importante destacar que a hipotermia pode aumentar a diurese<sup>421</sup> e alterar o aclaramento de lactato.<sup>415</sup>

### Desfibriladores automáticos implantables

Considerar a inserción dun desfibrilador automático implantable (DAI) en doentes isquémicos con disfunción ventricular esquerda significativa, que fosen resucitados dunha arritmia ventricular producida despois de máis de 24-48 h tras un evento coronario primario.<sup>422-424</sup>

### Discapacidade (optimizando a recuperación neurolóxica)

#### Perfusión cerebral

Estudos en animais mostran que inmediatamente tras a RCE existe un curto período de non refluxo seguido por unha hiperemia cerebral global transitoria que dura 15-30 min.<sup>425-427</sup> Isto é seguido por ata 24 h de hipoperfusión cerebral mentres gradualmente se recupera a taxa metabólica de osíxeno cerebral. Tras a parada cardíaca asfíctica, pode producirse edema cerebral transitoriamente tras a RCE pero raramente se asocia con incrementos clinicamente relevantes na presión intracranial.<sup>428,429</sup> En moitos doentes, a autorregulación de fluxo sanguíneo cerebral está alterada (ausente ou desprazada cara á dereita) durante algún tempo tras a parada cardíaca, o cal significa que a perfusión cerebral varía coa presión de perfusión cerebral en lugar de estar vinculado á actividade neuronal.<sup>430,431</sup> Así pois, tras a RCE, débese manter a presión arterial media cerca do nivel normal do doente.<sup>12</sup>

#### Sedación

Aínda que foi unha práctica común sedar e ventilar os doentes durante polo menos 24 horas tras a RCE, non existen datos con alto nivel de evidencia para apoiar un período definido de ventilación, sedación nin bloqueo neuromuscular tras a parada cardíaca.

#### Control de convulsións

As convulsións son comúns tras a parada cardíaca e ocorren aproximadamente nun terzo dos doentes que permanecen en

coma tras a RCE. As mioclonías son as máis comúns e ocorren no 18-25%, sendo o resto convulsións tónico-clónicas focais ou xeneralizadas ou unha combinación de tipos de convulsión.<sup>376,432-434</sup> As convulsións clínicas, incluíndo as mioclonías, poden ser de orixe epiléptica ou non. Outras manifestacións motoras poden ser tomadas erroneamente por convulsións e existen varios tipos de mioclonías, sendo a maioría non epilépticas.<sup>435,436</sup> Débese utilizar electroencefalografía (EEG) intermitente para detectar actividade epiléptica en doentes con manifestacións convulsivas clínicas. Considerar a EEG continua para monitorizar os doentes con estatus epiléptico diagnosticado e os efectos do tratamento. As convulsións poden aumentar a taxa metabólica cerebral<sup>437</sup> e teñen o potencial de exacerbar a lesión cerebral producida pola parada cardíaca. Débense tratar con valproato sódico, levetiracetam, fenitoína, benzodiacepinas, propofol, ou un barbitúrico. As mioclonías poden ser particularmente difíciles de tratar; a fenitoína é a miúdo ineficaz. O propofol é efectivo para suprimir as mioclonías postanóxicas.<sup>438</sup> Clonazepam, valproato sódico e levetiracetam son fármacos antimioclónicos que poden ser efectivos nas mioclonías postanóxicas.<sup>436</sup>

#### Control de glicemia

Hai unha forte asociación entre os niveis de glicemia elevados tras a resucitación dunha parada cardíaca e o mal pronóstico neurolóxico.<sup>261,439,440</sup> Baseándonos nos datos dispoñibles, os niveis de glicemia tras a RCE deberían manterse  $\leq 180$  mg/dL (10 mmol/L) e evitar a hipoglicemia.<sup>441</sup> O control estrito da glicemia non debe implementarse nos doentes adultos con RCE tras a parada cardíaca polo risco aumentado de hipoglicemia.

#### Control de temperatura

Nas primeiras 48 horas tras a parada cardíaca é frecuente un período de hipertermia (hiperpirexia)<sup>261,442-445</sup>. Varios estudos documentan unha asociación entre pirexia posparada cardíaca e mal pronóstico.<sup>261,442,444-447</sup>

Aínda que o efecto da temperatura elevada sobre o pronóstico non está probado, parece razoable tratar a hipertermia que se produce tras a parada cardíaca con antipiréticos e considerar o arrefriamento activo en doentes inconscientes. Datos en animais e humanos indican que a hipotermia leve inducida é neuroprotectora e mellora o pronóstico tras un período de hipoxia-isquemia cerebral global.<sup>448,449</sup> Todos os estudos de hipotermia leve posparada cardíaca incluíron soamente doentes en coma. Un estudo aleatorizado e un estudo pseudoaleatorizado demostraron melloría do pronóstico neurolóxico á alta hospitalaria ou aos 6 meses en doentes en coma tras parada cardíaca extrahospitalaria por FV.<sup>450,451</sup> O arrefriamento iniciouse de minutos a horas tras a RCE, e mantívose un rango de temperatura de 32-34 °C durante 12-24 horas.

No estudo Targeted Temperature Management (TTM) (Manexo con Control de Temperatura) (MCT) 950 doentes de PCEH de todos os ritmos foron aleatorizados a 36 h de control de temperatura (que comprendían 28 h no obxectivo de temperatura seguidas por requeentamento lento) ben a 33 °C ou ben a 36 °C.<sup>376</sup> Seguíronse protocolos estritos para valorar o pronóstico e para retirar as medidas de soporte vital (RMSV). Non houbo diferenzas no obxectivo principal (mortalidade de calquera causa), e o pronóstico neurolóxico aos 6 meses foi tamén similar (hazard ratio (HR) para mortalidade ao final do estudo 1.06, 95% CI 0.89-1.28; risco relativo (RR) para morte ou mal pronóstico neurolóxico aos 6 meses 1.02, 95% CI 0.88-1.16. O resultado neurolóxico especificado aos 6 meses foi tamén similar.<sup>452,453</sup> É importante destacar que os doentes de ambas as ramas deste estudo tiveron a temperatura ben controlada, de modo que se

evitou a febre en ambos os grupos. Actualmente prefírese o termo manexo con temperatura controlada ou control de temperatura sobre o termo previo de hipotermia terapéutica. O Grupo de Traballo de SVA do ILCOR fixo varias recomendacións de tratamento sobre o manexo con temperatura controlada<sup>175</sup> que se reflicten nestas recomendacións do ERC:

- Manter unha temperatura obxectivo constante entre 32 °C e 36 °C naqueles doentes nos que se utilice control de temperatura (recomendación forte, evidencia de moderada calidade).
- Segue sen saberse se certas subpoboacións de doentes de parada cardíaca poden beneficiarse de temperaturas máis baixas (32-34 °C) ou máis altas (36 °C) e a investigación futura pode axudar a dilucidar isto.
- O MCT (Manexo con Control de Temperatura) recoméndase para adultos tras PCEH cun ritmo inicial desfibrilable que permanecen inconscientes tras a RCE (recomendación forte, evidencia de baixa calidade).
- O MCT súxírese para adultos tras PCEH cun ritmo inicial non desfibrilable que permanecen inconscientes tras a RCE (recomendación débil, evidencia de moi baixa calidade).
- O MCT súxírese para adultos tras PCIH con calquera ritmo inicial que permanecen inconscientes tras a RCE (recomendación débil, evidencia de moi baixa calidade).
- Se se utiliza un manexo con temperatura controlada, súxírese que a duración sexa de polo menos 24 h (como se levou a cabo nos dous EAC previos máis amplos)<sup>376,450</sup> (recomendación débil, evidencia de moi baixa calidade).

*Cando controlar a temperatura?* Sexa cal sexa o obxectivo de temperatura seleccionado, requírese un control activo para conseguir e manter a temperatura neste rango. As recomendacións previas suxerían que o arrefriamento se iniciase tan pronto como fose posible tras a RCE, pero esta recomendación baseábase unicamente en datos preclínicos e conxecturas racionais.<sup>454</sup> Datos en animais indican que o arrefriamento máis precoz tras a RCE produce mellores resultados.<sup>455,456</sup> Os estudos observacionais son confusos polo feito de que existe unha asociación entre doentes que se arrefrían máis rápido espontaneamente e con peor prognóstico neurolóxico.<sup>457-459</sup> Tense a hipótese de que aqueles con lesión neurolóxica máis grave son máis propensos a perder a súa capacidade para controlar a temperatura corporal.

Un estudo aleatorizado de arrefriamento prehospitalario utilizando inmediatamente tras a RCE unha infusión rápida de grandes volumes de fluído intravenoso frío fronte a arrefriamento aprazado ata o ingreso no hospital demostrou incremento nas taxas de recorrencia en parada durante o traslado e edema pulmonar.<sup>460</sup> Aínda que non se recomenda a infusión prehospitalaria incontrolada de fluídos fríos, pode ser razoable infundir fluídos fríos intravenosos cando o doente estea ben monitorizado e o obxectivo sexa unha temperatura máis baixa (por exemplo 33 °C). As estratexias de arrefriamento precoz, distintas da infusión rápida de grandes volumes de fluído intravenoso frío e o arrefriamento durante a resucitación cardiopulmonar no marco prehospitalario, non foron axeitadamente estudadas.

*Como controlar a temperatura?* Ata agora, non existen datos que indiquen que ningunha técnica de arrefriamento aumente a supervivencia cando se compara con calquera outra técnica de arrefriamento; non obstante, os dispositivos internos permiten un control máis preciso da temperatura comparados coas técnicas externas.<sup>461,462</sup> A hipertermia de rebote asóciase con peor prognóstico neurolóxico.<sup>463,464</sup> Así pois, o requentamento debería

levarse a cabo lentamente; a velocidade óptima non se coñece, pero o consenso actual é un requentamento de arredor de 0.25-0.5 °C por hora.<sup>465</sup>

### Prognóstico

*Esta sección sobre establecemento do prognóstico foi adaptada da Declaración de Recomendacións sobre Prognóstico Neurolóxico en superviventes de parada cardíaca en coma, redactada por membros do Grupo de Traballo de SVA do ERC e da Sección de Medicina de Trauma e Emerxencias (TEM) da Sociedade Europea de Medicina de Coidados Intensivos (ESICM), por anticipado ás Recomendacións 2015.*

A lesión cerebral hipóxica isquémica é común tras a resucitación da parada cardíaca.<sup>467</sup> Dous terzos dos que falecen tras o ingreso en UCI despois dunha parada cardíaca extrahospitalaria morren por lesión neurolóxica; isto demostrouse tanto antes<sup>468</sup> coma despois<sup>376-378</sup> da implantación do manexo con control de temperatura (MCT) nos coidados posresucitación. A maioría destas mortes débense á retirada activa das medidas de soporte vital (RMSV) e baseáanse no prognóstico dun pobre resultado neurolóxico.<sup>377,378</sup> Por esta razón, cando se trata a doentes que están en coma tras a resucitación da parada cardíaca é esencial minimizar o risco dunha predición falsamente pesimista. Idealmente, ao predicir un mal prognóstico a taxa de falsos positivos (TFP) debería ser cero co intervalo de confianza (IC) máis estreito posible. Porén, a maioría dos estudos sobre prognóstico inclúen tan poucos doentes que incluso se a TFP fose 0%, o límite superior do IC 95% sería a miúdo alto.<sup>469,470</sup> Ademais, moitos estudos son confusos pola profecía que se autocumpre, que é unha alteración que se produce cando os médicos que tratan os doentes non son cegos para os resultados do indicador prognóstico e utilizan para tomar unha decisión de RMSV.<sup>469,471</sup> Finalmente, tanto o MCT por si mesmo coma os sedantes ou os fármacos bloqueantes neuromusculares utilizados para mantelo, poden potencialmente interferir cos índices prognósticos, especialmente os baseados no exame clínico.<sup>472</sup> Para facer o prognóstico é esencial unha abordaxe multimodal que inclúe: exame clínico, electrofisioloxía, biomarcadores e técnicas de imaxe.

Un exame clínico neurolóxico coidadoso segue sendo o pilar básico para o prognóstico do doente en coma tras a parada cardíaca.<sup>473</sup> Realizar unha concienciada exploración clínica diaria, para detectar signos de recuperación neurolóxica como movementos voluntarios, ou para identificar un cadro clínico suxestivo de que se produciu a morte cerebral. O proceso de recuperación cerebral tras a lesión posanóxica global complétase nas primeiras 72 h tras a parada na maioría dos doentes.<sup>474,475</sup> Porén, nos doentes que recibiron sedantes ≤ 12 h previas á valoración neurolóxica ás 72 h tras a RCE, a fiabilidade do exame clínico pode estar reducida.<sup>472</sup> Antes de realizar unha valoración decisiva, débense excluír os factores de confusión importantes;<sup>476,477</sup> á parte da sedación e o bloqueo neuromuscular, estes inclúen hipotermia, hipotensión grave, hipoglicemia e alteracións metabólicas e respiratorias. Débense suspender os sedantes e fármacos bloqueantes neuromusculares durante o tempo suficiente para evitar interferencia co exame clínico. Sempre que sexa posible son preferibles os fármacos de acción curta. Cando se sospeite sedación/relaxación residual, considerar a utilización de antidotos para reverter os efectos destes fármacos. O algoritmo de estratexia para o prognóstico (Figura 1.16) é aplicable a todos os doentes que permanecen en coma cunha resposta motora á dor ausente ou extensora a ≥ 72 h da RCE. Os resultados das probas prognósticas previas tamén se

consideran neste preciso momento.

Débense avaliar primeiro os indicadores de prognóstico máis contundentes. Estes indicadores teñen a especificidade e precisión máis altas (TFP < 5% con IC 95% < 5% en doentes tratados con temperatura controlada) e documentáronse en varios estudos de polo menos tres grupos diferentes de investigadores. Estes inclúen a ausencia dos reflexos pupilares bilaterais a  $\geq 72$  h da RCE e a ausencia bilateral da onda N20 dos potenciais evocados somatosensoriais (PESS) tras o requeentamento (este último signo pode ser avaliado ás  $\geq 24$  h da RCE en doentes que non foron tratados con temperatura controlada). Baseándonos na opinión de expertos, suxerimos combinar a ausencia de reflexos pupilares coa de reflexos corneais para predicir un mal prognóstico neste momento. Os reflexos oculares e os PESS manteñen o seu valor predictivo independentemente do obxectivo de temperatura.<sup>478,479</sup> Se ningún dos signos anteriores está presente para predicir un mal prognóstico, pódese avaliar un grupo de indicadores menos exactos, pero o grao de confianza na súa predición será máis baixo. Estes teñen unha TFP < 5% pero uns IC 95% máis amplos que os indicadores previos e/ou a súa definición/limiar é variable nos estudos sobre prognóstico. Estes indicadores inclúen a presenza de estado mioclónico precoz (nas primeiras 48 h tras a RCE), valores séricos altos de enolasa neuroespecífica (ENE) ás 48-72 h tras a RCE, un patrón EEG maligno arreactivo (salvasupresión, estatus epiléptico) tras o requeentamento, a presenza dunha redución marcada da relación substancia gris a substancia branca (SG/SB) ou borrado dos sucros na TAC cerebral nas primeiras 24 h tras a RCE ou a presenza de cambios isquémicos difusos na resonancia magnética nuclear (RMN) aos 2-5 días tras a RCE. Baseándonos na opinión de expertos, suxerimos esperar polo menos 24 h despois da primeira valoración prognóstica e confirmar a inconsciencia cunha puntuación motora de Glasgow de 1-2 antes de utilizar este segundo grupo de indicadores. Tamén suxerimos combinar polo menos dous destes indicadores para establecer o prognóstico.

Non se pode recomendar actualmente ningún limiar específico de ENE para a predición dun mal prognóstico con TFP do 0%. Idealmente, o laboratorio de cada hospital no que se determine ENE debería crear os seus propios valores normais e niveis de corte baseados no método de proba utilizado. Recoméndase tomar mostras en múltiples momentos para detectar tendencias nos niveis de ENE e reducir o risco de resultados falsos positivos.<sup>480</sup>

Aínda que a maioría dos indicadores robustos non mostraron falsos positivos na maioría dos estudos, ningún deles illadamente pode predicir un mal prognóstico con absoluta certeza. Ademais, eses indicadores foron a miúdo utilizados para decisións de RMSV, co risco de profecía que se autocumpre. Por este motivo, recomendamos que o establecemento do prognóstico debería ser multimodal sempre que fose posible, incluso en presenza dun destes indicadores. Ademais de aumentar a seguridade, evidencias limitadas tamén suxiren que o prognóstico multimodal incrementa a sensibilidade.<sup>481-484</sup> Ao enfrontarse a un prognóstico incerto, os clínicos deberían considerar unha observación prolongada. A ausencia de melloría clínica co paso do tempo suxire un peor prognóstico. Aínda que se describiron espertares tan tardíos coma 25 días tras a parada cardíaca,<sup>485-487</sup> a maioría dos superviventes recuperarán a conciencia nunha semana.<sup>376,488-491</sup> Nun recente estudo observacional,<sup>490</sup> o 94% dos doentes espertaron en 4,5 días dende o requeentamento e o 6% restante espertaron nos primeiros 10 días. Incluso os que espertan tarde poden aínda ter un bo prognóstico neurolóxico.<sup>490</sup>

## Rehabilitación

Aínda que se considera que o prognóstico neurolóxico é bo na maioría dos superviventes dunha parada cardíaca, son comúns os problemas cognitivos e emocionais e o esgotamento.<sup>452,492-494</sup> As alteracións cognitivas a longo prazo, habitualmente leves, preséntanse na metade dos superviventes.<sup>453,495,496</sup> Os problemas cognitivos leves a miúdo non son recoñecidos polos profesionais sanitarios e non poden ser detectados coas escalas prognósticas estándar tales como a Cerebral Performance Categories (CPC) (Clasificación de Desempeño Cerebral) ou o Mini Mental State Examination (MMSE) (Mini Exame do Estado Mental).<sup>452,497</sup> Tanto os problemas cognitivos como emocionais teñen un impacto significativo e poden afectar a actividade diaria do doente, a volta ao traballo e a calidade de vida.<sup>494,498,499</sup> Tras a alta hospitalaria a atención a estes problemas debería organizarse sistematicamente e pode ser proporcionada por un médico ou unha enfermeira especializada. Debería incluír polo menos o cribado de alteracións cognitivas e problemas emocionais e a achega de información.

## Doazón de órganos

Debería considerarse a doazón de órganos naqueles que conseguiron RCE e que cumpren os criterios de morte utilizando criterios neurolóxicos.<sup>500</sup> Nos doentes en coma en que se toma unha decisión de retirar as medidas de soporte vital, debería considerarse a doazón de órganos despois de que se produza a morte circulatoria. A doazón de órganos tamén pode considerarse en suxeitos nos que a RCP non ten éxito en conseguir RCE. Todas as decisións con respecto á doazón de órganos deben seguir os requirimentos legais e éticos locais, xa que estes varían en diferentes contornos.

## Cribado de alteracións hereditarias

Moitas vítimas de morte súbita teñen unha cardiopatía estrutural silente, a maior parte das veces unha enfermidade arterial coronaria, pero tamén síndromes con arritmia primaria, miocardiopatías, hipercolesterolemia familiar e cardiopatía isquémica prematura. O cribado das alteracións hereditarias é crucial para a prevención primaria en familiares xa que permite o tratamento antiarrítmico preventivo e o seguimento médico.<sup>154,155,501</sup>


## Centros de parada cardíaca

Existe unha enorme variabilidade na supervivencia entre os distintos hospitais que atenden doentes resucitados de parada cardíaca.<sup>261,371,502-506</sup> Moitos estudos publicaron unha asociación entre a supervivencia á alta hospitalaria e o traslado a un centro de parada cardíaca, pero hai inconsistencia en canto a que factores do hospital están máis relacionados co prognóstico do doente.<sup>368,371,504,507,508</sup> Tamén hai inconsistencia en canto ao conxunto de servizos que definen un centro de parada cardíaca. A maioría dos expertos están de acordo en que un centro así debe ter unha sala de cateterismo cardíaco que estea inmediatamente accesible 24/7 (24 horas ao día/7 días por semana) e a capacidade de proporcionar manexo con control de temperatura.

## Soporte vital pediátrico (RCP pediátrica)

Esta sección das Recomendacións ERC 2015 sobre Soporte Vital Pediátrico, inclúe:

- Soporte vital básico (RCP básica).



**Figura 1.16** Algoritmo de estratexia para establecer o prognóstico

EEG – electroencefalografía; ENE – enolasa neuro específica; PESS – potenciais evocados somatosensoriais; RCE – recuperación circulación espontánea.

- Manexo da vía aérea obstruída por corpos estraños.
- Prevención da parada cardíaca.
- Soporte vital avanzado durante a parada cardíaca (RCP avanzada).
- Coidados posresucitación.

#### Soporte vital pediátrico (RCP básica en nenos)

Segundo a declaración CoSTR do ILCOR sobre a secuencia de manobras na RCP básica, encontrouse que a secuencia CAB (compresión para a circulación, vía aérea e respiración) e a secuencia ABC (vía aérea, respiración e compresión para a circulación) son equiparables.<sup>509-511</sup> Dado que a secuencia ABC é un método establecido e ben recoñecido para a RCP dos nenos en Europa, o grupo redactor de Soporte Vital Pediátrico do ERC considerou que esta secuencia debería seguir aplicándose, en particular porque foi a utilizada, de acordo coas recomendacións anteriores, para formar a centos de miles de profesionais sanitarios e leigos (poboación xeral).

#### Secuencia de accións de soporte vital básico pediátrico

Os reanimadores que aprendesen RCP básica de adultos ou a secuencia de “só con compresións” e non teñan coñecementos específicos de RCP pediátrica poden utilizar a secuencia de adultos, xa que o prognóstico para a vítima sería peor se non fixeran nada. Porén, é mellor realizar respiracións de rescate como parte da secuencia de RCP en nenos xa que a natureza

asfíctica da maior parte das paradas cardíacas pediátricas fai necesaria a ventilación como parte dunha RCP efectiva.<sup>119,120</sup> Aos profesionais non sanitarios que desexen aprender RCP pediátrica por ser responsables da atención a nenos (por exemplo, profesores, enfermeiras de escolas, socorristas), débese ensinar que é preferible modificar a secuencia de RCP básica do adulto e realizar cinco respiracións iniciais seguidas dun minuto de RCP antes de buscar axuda (ver a sección de recomendacións de RCP básica de adultos).

#### Soporte vital básico por persoas co “deber de responder” ás emerxencias pediátricas

A secuencia seguinte debe ser realizada por aqueles que teñan “o deber de asistir ás emerxencias pediátricas” (xeralmente equipos de profesionais sanitarios) (Figura 1.17). Aínda que a secuencia describe a ventilación con aire expirado, os profesionais sanitarios con responsabilidade no tratamento de nenos terán habitualmente acceso e estarán formados na ventilación con bolsa e máscara (VBM), que deben utilizar para aplicar as respiracións de rescate.

1. **Garantir a seguridade do reanimador e do neno**
2. **Comprobar o estado de consciencia do neno**

- Estimular o neno con suavidade e preguntarlle en voz alta: Estás ben?

#### 3A. Se o neno responde, verbalmente, chorando ou

<sup>(1)</sup> A ≥24h tras RCE ou tratados con obxectivo de temperatura  
<sup>(2)</sup> Ver texto para máis detalle.

**movéndose:**

- Deixar o neno na posición na que se atopou (a menos que estea exposto a algún perigo adicional).
- Comprobar o seu estado e pedir axuda.
- Reavaliar a súa situación de forma periódica.

**3B. Se o neno non responde:**


- Gritar pedindo axuda.
- Con coidado, xirar o neno e colocalo en decúbito supino.
- Abrir a vía aérea do neno, estender a súa cabeza e elevar a súa mandíbula (manobra fronte-queixelo)
  - o Colocar a man na fronte do neno e premer con suavidade, e intentar inclinar a cabeza cara atrás.
  - o Ao mesmo tempo, tratar de elevar o queixelo,

colocando as puntas dos dedos debaixo deste. Non premer sobre os tecidos brandos baixo a mandíbula, xa que isto pode obstruír a vía aérea. Isto é especialmente importante nos lactantes.

- o Se a pesar disto, se ten dificultade para abrir a vía aérea, débese intentar a elevación ou a tracción da mandíbula: colocar os dedos índice (2.º) e corazón (3.º) de cada man por detrás de cada lado da mandíbula do neno e empurrar a cara adiante.

Ante calquera indicio de lesión cervical débese abrir a vía aérea mediante a manobra de elevación mandibular. Se esta manobra non fose efectiva para abrir a vía aérea, inclínase lixeiramente e de forma progresiva a cabeza cara atrás ata conseguir a apertura da vía aérea.

## Soporte vital básico pediátrico

**4. Mantendo a vía aérea aberta, “mirar”, “escoitar” e “sentir” se a respiración é normal, colocando a cara cerca da cara do neno e mirando cara ao seu peito:**

- **Mirar** se hai movementos torácicos.
- **Escoitar** se hai sons respiratorios no nariz e boca do neno.
- **Sentir** o aire exhalado na súa meixela.

Nos primeiros minutos da parada cardíaca o neno pode realizar algunhas respiracións ineficaces (respiración agónica ou “boqueadas” ocasionais). Mirar, escoitar e sentir non máis de 10 segundos para decidir. Se existen dúbidas de que a respiración sexa normal, actuar coma se non o fose.

**5A. Se o neno respira con normalidade.**

- Virar o neno ata colocalo nunha posición lateral de seguridade (ver máis abaixo). Se houbo algún traumatismo, debe considerarse a posibilidade de que exista unha lesión da columna cervical.
- Enviar a alguén a buscar axuda (ou ir un mesmo). Chamar ao número local de emerxencias.
- Comprobar de forma periódica que o neno segue respirando.

**5B. Se a respiración non é normal ou o neno non respira:**

- Extraer con coidado calquera corpo extraño que obstrúa a vía aérea.
- Dar cinco insuflacións iniciais de rescate, e manter aberta a vía aérea.
- Mentres se dan as insuflacións de rescate, comprobar se provocan algunha resposta en forma de movementos, respiracións ou tose. A presenza ou ausencia das ditas respostas forman parte da valoración dos “signos de vida” que serán descritos máis adiante.

**Respiracións de rescate para o lactante**

- Asegurar unha posición neutra da cabeza. Dado que a cabeza dos lactantes adoita estar flexionada cando están en posición supina, adoita ser necesaria certa extensión (que pode facilitarse colocando unha toalla/pano enrolada debaixo da parte superior das costas do neno) e elevar o queixelo cara arriba.
- Inspirar e cubrir coa boca do reanimador a boca e o nariz do lactante, e asegurarse de que consegue un bo selado. Se non é posible cubrir a boca e nariz do lactante, pódese tentar selar só a boca ou ben o nariz (en caso de usar o nariz, cerraranse os labios para evitar a fuga de aire) (Figura 1.18).

Figura 1.17 Algoritmo da RCP básica (soporte vital básico) en nenos

- Insuflar de forma sostida na boca e/ou nariz do lactante durante arredor de 1 segundo, cunha forza e volume suficientes para producir unha elevación visible do tórax do lactante.
- Manter a vía aérea aberta coa manobra fronte-queixelo, separar a boca da vítima e observar que o seu peito descende cando sae o aire.
- Inspirar de novo e repetir a secuencia descrita, 5 veces.




Figura 1.18 Ventilación boca a boca e nariz no lactante

### Respiracións de rescate para nenos maiores de 1 ano

- Asegurar a apertura da vía aérea coa manobra fronte-queixelo.
- Pinzar a parte branda do nariz cos dedos polgar e índice da man que está apoiada na fronte.
- Permitir que se abra a boca, pero manter a elevación do queixelo.
- Inspirar e colocar os labios na boca do neno, asegurándose de conseguir un bo selado (Figura 1.19).
- Insuflar aire de forma sostida durante arredor de 1 segundo, e comprobar que o peito do neno se eleva.
- Manter a extensión do pescozo e a elevación do queixelo, retirar a boca da vítima e comprobar que o peito descende cando sae o aire.
- Inspirar de novo e repetir a secuencia descrita cinco veces. Comprobar a súa eficacia observando que o peito do neno se eleva e descende cada vez, de modo similar ao movemento dunha respiración normal.




Figura 1.19 Ventilación boca a boca no neno

Tanto en lactantes como en nenos, se hai dificultade para conseguir unha ventilación efectiva, é posible que a vía aérea estea obstruída:

- Abrir a boca do neno e extraer calquera causa visible da obstrución, pero non facer un “varrido” a cegas co dedo.

- Recolocar a cabeza. Asegurarse de que a extensión da cabeza e a elevación do queixelo sexan adecuadas sen que o colo estea estendido en exceso.
- Se coa manobra fronte-queixelo non se conseguiu abrir a vía aérea, intentar a manobra de elevación da mandíbula.
- Facer ata cinco intentos para conseguir insuflacións efectivas e, se non se consegue e non existen signos vitais, empezar a facer compresións torácicas.

### 6. Comprobar os signos de circulación ou signos vitais

Durante un máximo de 10 segundos:

Comprobar se existen signos vitais, que inclúen calquera movemento, tose ou respiración normal (as respiracións agónicas, esporádicas ou irregulares non son respiracións normais). Se se comproba a existencia de pulso arterial, non se debe facer durante máis de 10 segundos. A palpación do pulso é pouco fiable e polo tanto é o aspecto xeral do neno o que debe servir de guía para decidir se se precisan compresións torácicas. Se non hai signos vitais débese empezar as compresións torácicas.<sup>40,41</sup>

#### 7A. Se nestes 10 segundos se comproba claramente que existen signos vitais

- Continuar coas respiracións, se son necesarias, ata que o neno recupere unha respiración adecuada por si mesmo.
- Se o neno respira pero permanece inconsciente, colocalo en posición lateral de seguridade (con coidado se hai sospeita de traumatismo).
- Reavaliar o neno frecuentemente.

#### 7B. Se non hai signos de vida


- Empezar as compresións torácicas.
- Coordinar as insuflacións coas compresións torácicas (cunha relación de 15 compresións e 2 insuflacións).

*Compresións torácicas.* En todos os nenos, comprimir a metade inferior do esterno. A forza da compresión debe ser a suficiente para deprimir o esterno polo menos un terzo do diámetro anteroposterior do tórax. Liberar a presión por completo e repetir a manobra a unha frecuencia de 100-120 por minuto. Despois de 15 compresións, abrir a vía aérea coa manobra fronte-queixelo e realizar dúas insuflacións efectivas. Continuar coas compresións e as insuflacións a unha relación de 15:2.

*Compresións torácicas nos lactantes (menores dun ano).* Se hai un só reanimador, debe comprimir o esterno coa punta de dous dos seus dedos. (Figura 1.20). Se hai dous ou máis reanimadores, débese usar a técnica “do abrazo” con dúas mans. Colocar ambos os dedos polgares xuntos sobre a metade inferior do esterno coas súas puntas dirixidas cara a cabeza do neno. Co resto das mans e os dedos abrazar a parte inferior da caixa torácica do lactante, coas costas do neno apoiadas sobre os dedos. Con ambos os métodos, débese deprimir o esterno polo menos un terzo do diámetro anteroposterior do tórax do lactante ou uns 4 cm.<sup>512</sup>

*Compresións torácicas en nenos maiores dun ano.* Para evitar comprimir sobre o abdome superior, débese atopar a apófise xifoides do esterno atopando o punto onde se unen no centro as costelas inferiores. Colocar o talón dunha man sobre o esterno, aproximadamente un través de dedo por enriba da apófise xifoides. Elevar os dedos para asegurar que a presión non se aplica sobre as costelas do neno. Colocarse na vertical do peito da vítima e, co brazo estendido, comprimir o esterno para deprimirlo polo menos un terzo do diámetro anteroposterior do tórax ou 5 cm (Figura 1.21).<sup>512,513</sup>

En nenos maiores e/ou cando os reanimadores non teñen suficiente forza, as compresións torácicas realízanse máis



**Figura 1.20** Compresións torácicas no lactante facilmente utilizando as dúas mans, cos dedos do reanimador entrelazados (Figura 1.22).

#### 8. Non interromper a reanimación ata que:

- O neno mostre signos de vida (empece a espertar, a moverse, a abrir os ollos e a respirar normalmente).
- Cheguen outros profesionais sanitarios que poidan axudar ou tomar o control da reanimación de forma efectiva.
- O reanimador estea esgotado.

#### Cando chamar para pedir axuda?

É esencial conseguir axuda tan rapidamente como sexa posible cando un neno perde a consciencia.


- Cando haxa máis dun reanimador, un deles debe iniciar a RCP mentres outro busca axuda.
- Se só hai un reanimador, este debe iniciar a RCP durante 1 minuto ou 5 ciclos de RCP básica antes de ir buscar axuda. Para minimizar a interrupción da RCP, é posible transportar



**Figura 1.21** Compresións torácicas cunha man no neno

en brazos os lactantes e nenos pequenos, e continuar a RCP mentres vai buscar axuda.

- Se o reanimador presencia que o neno sofre unha perda de consciencia e sospeita que é de orixe cardíaca, debe chamar primeiro para pedir axuda e a continuación empezar a reanimación, porque é posible que o neno necesite unha desfibrilación. Non obstante, esta situación é pouco frecuente no neno.



**Figura 1.22** Compresións torácicas con dúas mans no neno

#### Desfibrilación externa automatizada e soporte vital básico ou RCP básica

Continuar coa RCP ata que se dispoña dun DEA. Acender o DEA e seguir as instrucións. Nos nenos entre 1 e 8 anos, débense utilizar parches pediátricos (con descarga atenuada) se están dispoñibles, tal como se explica na sección de RCP básica do adulto e DEA.<sup>1</sup>

#### Posición de seguridade

Un neno inconsciente cuxa vía aérea está permeable e respira normalmente, debería ser colocado, nunha posición lateral de seguridade. Existen varias posicións de seguridade; todas elas intentan evitar a obstrución da vía aérea e reducir a posibilidade de que fluídos como a saliva, secrecións ou vómitos entren na vía aérea superior.

#### Obstrución da vía aérea por un corpo extraño (OVACE)

Hai que sospeitar unha obstrución da vía aérea por un corpo extraño (OVACE) se o inicio foi moi brusco e non hai outros signos de enfermidade; o antecedente de estar comendo ou xogando con pequenos obxectos inmediatamente antes do inicio dos síntomas debe alertar o reanimador da posibilidade dunha OVACE (Táboa 1.1).

Os golpes nas costas, os golpes torácicos e as compresións abdominais intentan aumentar a presión intratorácica para expulsar o corpo extraño da vía aérea. Se unha manobra non é efectiva, intentar as outras de forma rotatoria ata que o obxecto sexa eliminado ou se solucione a obstrución (Figura 1.23). Nos nenos, a diferenza máis importante con respecto ao algoritmo do adulto é que non se deben realizar compresións abdominais no lactante. Aínda que as compresións abdominais poden producir lesións a calquera idade, o risco é especialmente elevado nos lactantes e nenos pequenos. Por esta razón, as recomendacións



de tratamento da OVACE no lactante son diferentes ás do neno.

*Recoñecemento da OVACE*

Débense iniciar manobras para intentar desobstruír a vía aérea nunha OVACE só cando a tose non sexa efectiva, pero nese momento débense empezar de forma rápida e con confianza.

*Tratamento da OVACE*

1. *Seguridade e petición de axuda.* Debe aplicarse o principio de “non facer dano”. Así, se o neno é capaz de respirar e tusir, aínda que o faga con dificultade, debemos animalo para que manteña estes esforzos espontáneos. Non se debe intervir neste momento porque, se se mobiliza o corpo estraño, a situación pode empeorar e causar unha obstrución completa da vía aérea.

- Se o neno está tusindo de forma efectiva, non é necesario facer ningunha manobra. Hai que animar o neno a que tusa e continuar vixiando o seu estado.
- Se a tose do neno está deixando de ser efectiva, **gritar para pedir axuda** inmediatamente e valorar o seu estado de consciencia.

2. *Neno consciente con OVACE*

- Se o neno está consciente pero non tuse ou a tose non é efectiva, dar golpes nas costas.
- Se os golpes nas costas non solucionan a OVACE, dar compresións torácicas nos lactantes e compresións abdominais nos nenos. Estas manobras crean unha tose artificial, e aumentan a presión intratorácica para desprazar o corpo estraño.

Se os golpes nas costas non logran desprazar o corpo estraño e o neno aínda está consciente, administrar compresións torácicas no lactante e compresións abdominais nos nenos. Non utilizar compresións abdominais (manobra de Heimlich) no lactante. Despois de realizar as compresións torácicas ou abdominais, volver avaliar o neno. Se o obxecto non foi expulsado e/ou persiste a situación de OVACE e o neno segue estando consciente, débese continuar coa secuencia de golpes nas costas e compresións (torácicas no lactante e abdominais no neno). Chamar ou mandar a alguén pedir axuda se aínda non se fixo, sen abandonar o neno.

Se o obxecto é expulsado e/ou a situación de OVACE se soluciona, débese reavaliar o neno. É posible que parte do obxecto poida permanecer na vía respiratoria e causar complicacións. Se existe calquera dúbida, débese buscar asistencia médica. As compresións abdominais poden causar lesións internas e polo tanto todos os nenos que foron tratados con compresións abdominais deben ser explorados por un médico.<sup>514</sup>

*Acabados de nacer a termo.* Nos acabados de nacer a termo, o soporte respiratorio ao nacemento mediante ventilación con presión positiva (VPP) é mellor comezalo con aire ambiente ( $\text{FiO}_2$  21%) que con osíxeno ao 100%. Cando, a pesar de realizar unha ventilación efectiva, non se observe un aumento da frecuencia cardíaca ou a osixenación (estimada cando sexa posible por pulsioximetría) siga sendo insuficiente, utilízanse concentracións de osíxeno máis elevadas para conseguir un nivel adecuado de saturación de osíxeno preductal.<sup>696,697</sup> A utilización de concentracións elevadas de osíxeno neste contexto asociouse a un aumento da mortalidade e un atraso no tempo ata o inicio das respiracións espontáneas<sup>698</sup> polo que, cando se utilicen concentracións altas de osíxeno, deben manterse o menor tempo posible.<sup>693,699</sup>

*Acabados de nacer prematuros.* A reanimación dos pretermos de menos de 35 semanas de idade xestacional debería iniciarse con aire ambiente ou con concentracións baixas de osíxeno (21-30%).<sup>6,693,700,701</sup> A concentración de osíxeno debería axustarse para alcanzar unha saturación de osíxeno preductal aceptable (aproximadamente o percentil 25 dos acabados de nacer a termo sans, inmediatamente despois do parto).<sup>696,697</sup>

#### *Pulsioximetría*

Os pulsioxímetros modernos con sensores neonatais, proporcionan medidas fiables da frecuencia cardíaca e a saturación transcutánea de osíxeno en 1-2 minutos tras o

nacemento.<sup>702,703</sup> Os acabados de nacer a termo sen patoloxía teñen, a nivel do mar, unha  $\text{SpO}_2$  aproximada do 60% durante o traballo de parto<sup>704</sup>, que aumenta ata >90% en 10 minutos.<sup>696</sup> O percentil 25 é aproximadamente unha  $\text{SpO}_2$  do 40% ao nacemento que aumenta ata aproximadamente o 80% aos 10 minutos.<sup>697</sup>



Figura 1.29 Acabado de nacer coa cabeza en posición neutra



Figura 1.30 Ventilación con máscara no acabado de nacer

A pulsioximetría debe ser utilizada para evitar o uso excesivo de osíxeno. Ante unha  $\text{SpO}_2$  por enriba dos niveis aceptables debería iniciarse a retirada progresiva da achega de osíxeno.

#### *Presión positiva ao final da expiración (PEEP)*

Todos os acabados de nacer a termo ou pretermos que permanezan en apnea, a pesar das medidas iniciais, deben recibir ventilación con presión positiva tras a insuflación pulmonar inicial. Administrárase unha presión expiratoria positiva (PEEP) aproximada de 5  $\text{cmH}_2\text{O}$  aos acabados de nacer pretermos que reciban ventilación con presión positiva.<sup>676</sup>

#### *Dispositivos de asistencia ventilatoria*

Pode conseguirse unha ventilación efectiva tanto cunha bolsa autoinflable como cun dispositivo mecánico cunha peza en T, deseñado para regular a presión.<sup>705,706</sup> Porén, as bolsas autoinflables son as únicas que poden utilizarse en ausencia dunha fonte de gas comprimido, aínda que non poden utilizarse para administrar CPAP e pode que non consigan unha PEEP aínda que teñan incorporada unha válvula de PEEP.<sup>707</sup>

#### *Máscara larínxea*

A máscara larínxea pode ser considerada unha alternativa á máscara facial ou á intubación traqueal para administrar ventilación con presión positiva aos acabados de nacer con peso superior a 2000 g ou con  $\geq 34$  semanas de xestación.<sup>708,709</sup> A




Figura 1.28 Algoritmo de RCP neonatal (SpO<sub>2</sub>: pulsioximetría) ECG: electrocardiografía, VPP: ventilación con presión positiva.

máscara larínxea non foi avaliada en situacións de líquido amniótico meconial, durante as compresións torácicas ou para a administración de medicacións intratraqueais de emerxencia.

### Intubación traqueal

Débase valorar a intubación traqueal en varias situacións durante a reanimación neonatal:

- Cando se precise aspirar as vías aéreas inferiores para desobstruír unha traquea presuntamente obstruída.
- Cando, tras corrixir a técnica de ventilación con máscara facial e/ou a posición da cabeza do neno, a ventilación con bolsa e máscara é ineficaz ou debe manterse de forma prolongada.
- Cando é preciso realizar compresións torácicas.
- En circunstancias especiais (por exemplo, en caso de hernia diafragmática conxénita ou para administrar surfactante traqueal).

A indicación e o momento da intubación traqueal dependerán da habilidade e experiencia do reanimador. Na Táboa 1.3 móstrase a lonxitude de tubo que se debe introducir segundo a idade xestacional do neonato.<sup>710</sup> Debería terse en conta que as marcas de cor incluídas polos diferentes fabricantes de tubos para sinalar a zona que debe quedar á altura das cordas vocais, varían considerablemente.<sup>711</sup>

A posición do tubo endotraqueal debe ser valorada visualmente durante a intubación e ser comprobada posteriormente. Tras a intubación e a administración de presión positiva intermitente, un aumento rápido da frecuencia cardíaca é un bo sinal de que o tubo está na árbore traqueobronquial.<sup>712</sup>

A detección de CO<sub>2</sub> exhalado confirma de modo efectivo a intubación traqueal, tanto en acabados de nacer a termo como en neonatos con peso moi baixo ao nacer.<sup>713-716</sup> e hai estudos

Táboa 1.3  
Cálculo da lonxitude do tubo orotraqueal de acordo á idade xestacional

Semanas de xestación	Lonxitude introducida do tubo ata os labios (cm)
23-24	5,5
25-26	6,0
27-29	6,5
30-32	7,0
33-34	7,5
35-37	8,0
38-40	8,5
41-43	9,0

neonatais que suxiren que esta técnica confirma a intubación traqueal en neonatos que teñen gasto cardíaco de forma máis rápida e fiable que a valoración clínica.<sup>715-717</sup> A ausencia de detección de CO<sub>2</sub> exhalado debe facer sospeitar unha intubación esofáxica<sup>713,715</sup>, aínda que durante a parada cardíaca e en neonatos con peso moi baixo ao nacer se comunicaron falsos negativos.<sup>713,718</sup> Recoméndase a detección de CO<sub>2</sub> expirado unida á valoración clínica como o método máis fiable para confirmar a colocación intratraqueal do tubo nos neonatos con circulación espontánea.

### CPAP (presión positiva continua)

O soporte respiratorio inicial de todos os acabados de nacer pretermos que respiren espontaneamente e teñan dificultade respiratoria pode facerse mediante CPAP, mellor que con intubación.<sup>719-721</sup> Existen poucos datos para guiar o uso apropiado da CPAP en acabados de nacer a termo, polo que son precisos novos estudos sobre este tema.<sup>722,723</sup>

### Soporte circulatorio

Aplicaranse compresións torácicas se a frecuencia cardíaca é menor de 60 latexos por minuto (lpm), a pesar de realizar unha ventilación adecuada. Dado que a ventilación é a intervención máis importante e efectiva na reanimación neonatal e pode verse comprometida polas compresións, é vital asegurarse de que a ventilación é efectiva antes de iniciar as compresións torácicas.

En neonatos a técnica máis efectiva para proporcionar compresións torácicas é con dous polgares sobre o terzo inferior do esterno, cos demais dedos suxeitando o tórax e as costas (Figura 1.31).<sup>724</sup> Esta técnica xera presións arteriais máis elevadas e maior presión de perfusión coronaria con menos fatiga que a técnica con dous dedos.<sup>725-728</sup> O esterno debe comprimirse ata unha profundidade de aproximadamente un terzo do diámetro anteroposterior do tórax, permitindo o retorno da parede torácica ata a súa posición de repouso entre as compresións.<sup>729-732</sup>

Usar unha relación 3:1 entre compresións torácicas e ventilacións, co obxectivo de alcanzar uns 120 eventos por minuto (aproximadamente 90 compresións e 30 ventilacións).<sup>733-738</sup> As compresións torácicas e as ventilacións deben coordinarse para evitar que se fagan de forma simultánea.<sup>739</sup>




Figura 1.31 Ventilación e compresións torácicas no acabado de nacer

A relación compresión:ventilación 3:1 utilízase durante a reanimación ao nacemento, xa que a alteración do intercambio gasoso é case sempre a causa primaria da parada cardíaca pero se esta pode ser de orixe cardíaca, os reanimadores poden considerar usar relacións compresión:ventilación máis elevadas (por exemplo 15:2). Cando se apliquen compresións torácicas sería razoable tratar de incrementar a concentración de osíxeno suplementario ata o 100%. Débase comprobar a frecuencia cardíaca uns 30 segundos despois e facelo posteriormente de forma periódica. Deixaranse de aplicar compresións torácicas cando a frecuencia cardíaca sexa maior de 60 lpm.

### Fármacos

Durante a reanimación do acabado de nacer, os fármacos están indicados en moi poucas ocasións. No acabado de nacer, a bradicardia adoita estar causada por unha insuflación inadecuada dos pulmóns ou por hipoxia grave, polo que o paso máis importante para corrixila é establecer unha ventilación adecuada. Non obstante, se a frecuencia cardíaca persiste por baixo de 60 lpm a pesar dunha ventilación adecuada e compresións torácicas, é razoable considerar o uso de fármacos, preferiblemente a través dun catéter venoso umbilical coa punta situada a nivel central (Figura 1.32).

**Adrenalina.** A pesar da ausencia de datos en humanos ao respecto, é razoable utilizar a adrenalina cando a ventilación adecuada e as

compresións torácicas foron incapaces de aumentar a frecuencia cardíaca por enriba de 60 lpm. De utilizarse, a dose inicial debe ser de 10 microgramos/kg (0,1 ml/ kg de adrenalina 1:10.000) administrada por vía intravenosa tan cedo como sexa posible




Figura 1.32 Cordón umbilical mostrando as arterias e a vea umbilical

con doses subsecuentes de 10-30 microgramos/kg (0,1-0,3 ml/kg de adrenalina 1:10.000) se fose preciso.<sup>6,693,700</sup> A vía intratraqueal non se debe utilizar, salvo que non exista outro acceso vascular dispoñible.

**Bicarbonato.** Non se dispón de datos suficientes para recomendar o uso sistemático de bicarbonato durante a reanimación do acabado de nacer. De utilizarse, en paradas cardíacas prolongadas sen resposta a outros tratamentos, administrárase unha dose de 1-2 mmol/kg intravenosa lenta, despois de establecer unha ventilación e compresións torácicas adecuadas.

**Líquidos**

Considerarase a administración de líquidos cando se sospeite unha perda de sangue ou o neonato pareza estar en shock (pálido, con mala perfusión e pulsos débiles) e non respondese a outras medidas de reanimación.<sup>740</sup> Esta situación é infrecuente. En ausencia de sangue, administrárase inicialmente un bolo de cristalóide isotónico de 10 ml/kg, que de obterse un efecto beneficioso pode ser repetido segundo sexa necesario para manter a dita melloría. Durante a reanimación de acabados de nacer pretermo, a administración de fluídos é necesaria moi poucas veces e cando se infundiron rapidamente grandes volumes, asociouse con hemorraxia pulmonar e intraventricular.

**Abstención e cese da reanimación**

A morbilidade e mortalidade dos acabados de nacer varía dependendo da área xeográfica e a dispoñibilidade de recursos.<sup>741</sup> As opinións acerca do balance entre beneficios e desvantaxes da utilización de tratamentos agresivos nestes neonatos varían entre os profesionais, os pais e as sociedades.<sup>742,743</sup>

**Cese da reanimación**

Os comités locais e nacionais deberán definir as recomendacións para a finalización da reanimación. Se nun acabado de nacer non se detecta a frecuencia cardíaca e segue sen detectarse 10 minutos despois, pode ser apropiado considerar o cese da reanimación. Esta decisión debe ser individualizada. Cando a frecuencia cardíaca é menor de 60 lpm ao nacemento e non mellora despois de 10-15 minutos dunha reanimación continua e aparentemente adecuada, a decisión é moito menos segura e non pode darse unha recomendación firme ao respecto.

**Abstención da reanimación**

É posible identificar condicións que se asocian cunha mortalidade elevada e mal pronóstico, nas que absterse de iniciar a reanimación pode ser considerado razoable, especialmente cando se tivo a oportunidade de discutir o tema cos pais.<sup>744-746</sup> Non hai evidencias para utilizar de forma prospectiva na sala de partos algunha das escalas de pronóstico actualmente

dispoñibles, excepto a valoración da idade xestacional en pretermos con menos de 25 semanas de xestación. Tanto en caso de finalización como de abstención da resucitación, os cuidados deben centrarse no confort e a dignidade do acabado de nacer e o consolo da súa familia.

**Comunicación cos pais**

É importante que o equipo que cuida o acabado de nacer informe os pais sobre a evolución do neno. Tras o parto, seguirase o protocolo de cuidados locais e, de ser posible, entregárase o acabado de nacer á nai canto antes. Se se precisa unha reanimación, informárase os pais dos procedementos realizados e por que son levados a cabo. Os desexos dos pais deben ser tidos en conta durante a reanimación, sempre que sexa posible.<sup>747</sup>

**Coidados tras a reanimación**

Os acabados de nacer que requiriron reanimación poden deteriorarse posteriormente. Unha vez que a ventilación e a circulación adecuadas sexan establecidas, o neonato debería manterse ou ser transferido a un contorno no que poida ser ben monitorizado e coidado.

**Glicosa**

O rango de cifras de glicemia que se asocia co menor dano cerebral tras a asfixia e a reanimación non pode ser definido de acordo coas evidencias dispoñibles. Os neonatos que requiran algunha reanimación significativa deberían ser monitorizados e tratados para manter a glicemia no rango normal.

**Hipotermia inducida**

Aos acabados de nacer a termo ou próximos ao termo que evolucionen cara a unha encefalopatía hipóxica isquémica moderada a grave, deberíaselles ofrecer, de ser posible, hipotermia terapéutica.<sup>748,749</sup> Tanto o arrefriamento corporal total como o arrefriamento selectivo da cabeza son estratexias apropiadas. Non hai evidencias en acabados de nacer da eficacia da hipotermia cando se inicia transcorridas máis de 6 horas tras o parto.

**Ferramentas prognósticas**

Aínda que a escala de Apgar é moi utilizada na práctica clínica, para investigación e como ferramenta prognóstica,<sup>750</sup> a súa aplicabilidade foi cuestionada debido á súa gran variabilidade inter e intra observadora. Este feito foi explicado en parte pola falta de acordo en como puntuar os acabados de nacer que reciben atención médica ou que nacen antes de termo. Polo tanto, recoméndase o desenvolvemento dunha escala de valoración na que todos os parámetros puntuados o sexan sen ter en conta as intervencións necesarias para alcanzar a dita condición e que sexan apropiados para a idade xestacional. Ademais, tamén deben puntuarse as intervencións necesarias para alcanzar o parámetro que se vai valorar. Esta escala Apgar Combinada mostrou ser mellor predictora do pronóstico que a escala convencional tanto en acabados de nacer pretermo como a termo.<sup>751,752</sup>

**Posta en común previa e revisión crítica posterior**

Antes da reanimación é importante comentar e establecer as responsabilidades de cada membro do equipo. Tras o tratamento na sala de partos, o equipo asistencial debería realizar unha sesión de debate interactivo, utilizar técnicas de crítica positiva e construtiva, e ofrecer, ademais, consellos de apoio moral a quen o necesite.

**Manexo inicial das síndrome coronarias agudas**

O termo síndrome coronaria aguda (SCA) comprende tres entidades diferentes da manifestación aguda da enfermidade cardíaca coronaria (Figura 1.33): infarto de miocardio con elevación de ST (IAMCEST), infarto de miocardio sen elevación de ST (IAMSEST) e anxina inestable (AI). O infarto de miocardio sen elevación de ST e a AI habitualmente intégranse no termo SCA-IAMSEST. A fisiopatoloxía común do SCA é a rotura ou erosión dunha placa aterosclerótica.<sup>753</sup> As características alteracións inespecíficas do segmento ST e onda T, ou incluso un ECG normal. En ausencia de elevación do ST, un incremento na concentración plasmática de biomarcadores cardíacos, principalmente troponinas T ou I como os marcadores máis específicos de necrose celular miocárdica, indican IAMSEST.

As síndromes coronarias agudas son a causa máis frecuente de arritmias malignas que provocan a morte súbita cardíaca. Os obxectivos terapéuticos consisten en tratar situacións agudas con ameaza vital, tales como fibrilación ventricular (FV) ou bradicardia extrema, e preservar a función ventricular esquerda e previr a insuficiencia cardíaca ao minimizar a extensión do dano miocárdico. As recomendacións actuais abordan as primeiras horas tras o comezo dos síntomas. O tratamento extrahospitalario e a terapia inicial no servizo de urxencias (SU) poden variar segundo as capacidades, recursos e regulacións locais. Estas recomendacións son coherentes coas guías para o diagnóstico e tratamento das SCA con e sen elevación de ST publicadas pola Sociedade Europea de Cardiología e o Colexio Americano de Cardiología/Asociación Americana do Corazón.<sup>424,754</sup>

#### *Diagnóstico e estratificación de risco nas síndromes coronarias agudas*

##### *Signos e síntomas das SCA*

Tipicamente as SCA preséntanse con síntomas tales coma dor torácica con irradiación, dispnea e sudación; con todo, en persoas maiores, en mulleres e en diabéticos poden aparecer síntomas atípicos e presentacións infrecuentes. Ningún destes signos e síntomas de SCA poden utilizarse illadamente para o diagnóstico de SCA. A diminución da dor torácica tras a administración de nitroglicerina pode ser enganosa e non se recomenda coma manobra diagnóstica.<sup>755</sup> Os síntomas poden ser máis intensos e durar máis tempo nos doentes con SCACEST pero isto non é fiable para discriminar entre SCACEST e SCASEST.<sup>424,756-758</sup>

##### *ECG de 12 derivacións*

Cando se sospeite un SCA, deberíase realizar e interpretar un ECG de 12 derivacións tan cedo como sexa posible tras o primeiro contacto co doente, para facilitar o diagnóstico e a triaxe precoces.<sup>754,756,758</sup> O SCACEST diagnósticase tipicamente cando se aprecia elevación do segmento ST, medido no punto J, cumprindo os criterios específicos de voltaxe en ausencia de hipertrofia ventricular esquerda (VE), ou bloqueo completo de rama esquerda (BREHH).<sup>424</sup> En doentes con sospeita clínica de isquemia miocárdica en curso con BREHH novo ou presumiblemente novo, considerar terapia de reperfusión inmediata, preferiblemente utilizando ICP primaria (ICPP). En todos os doentes con IAMCEST inferior deben rexistrarse derivacións precordiais dereitas para detectar IAM de ventrículo dereito.

O rexistro dun ECG de 12 derivacións prehospitalario permite adiantar a notificación ao centro receptor e acelera as decisións de tratamento tras a chegada ao hospital. En moitos estudos, utilizando ECG de 12 derivacións prehospitalario, o tempo dende a admisión hospitalaria ao inicio da terapia de reperfusión

reduciuse en 10 a 60 minutos. Isto asociouse con tempos de reperfusión máis curtos e mellora da supervivencia tanto en doentes con ICP como nos sometidos a fibrinólise.<sup>759-767</sup>

O persoal formado dos SEM (médicos, paramédicos e enfermeiras de emerxencias) poden identificar o IAMCEST cunha especificidade e sensibilidade altas comparable á exactitude diagnóstica no hospital.<sup>768,769</sup> Así pois, é razoable que os paramédicos e enfermeiras sexan formados para diagnosticar IAMCEST sen consulta médica directa, sempre e cando haxa una estrita disposición concorrente de garantía de calidade. De non dispoñer de interpretación prehospitalaria de ECG in situ, é razoable a interpretación por ordenador<sup>770,771</sup> ou a transmisión do ECG dende o terreo.<sup>762,770-777</sup>


##### *Biomarcadores, normas para a alta precoz e protocolos de observación de dor torácica*

En ausencia de elevación de ST no ECG, a presenza dunha historia suxestiva e concentracións elevadas de biomarcadores (troponinas, CK e CKMB) caracterizan o IAMSEST e distíngueno do IAMCEST e a anxina inestable, respectivamente. A análise de troponina cardíaca altamente sensible (ultrasensible) pode aumentar a sensibilidade e acelerar o diagnóstico de IAM en doentes con síntomas sospeitosos de isquemia cardíaca.<sup>778</sup> A análise de biomarcadores cardíacos debería ser parte da avaliación inicial de todos os doentes que se presentan no SU con síntomas suxestivos de isquemia cardíaca. Porén, a demora na liberación de biomarcadores dende o miocardio danado impide a súa utilización para diagnosticar infarto de miocardio nas primeiras horas tras o comezo dos síntomas. Nos doentes que se presentan nas primeiras 6 horas do comezo dos síntomas, e teñen unha troponina cardíaca inicial negativa, débense medir de novo os biomarcadores entre 2-3 e ata 6 horas despois para Tnc-as (12 horas con troponina regular).

En doentes con sospeita dunha SCA a combinación de historia previa e exame físico anódinos con ECG e biomarcadores iniciais negativos non pode ser utilizada para excluír SCA de forma fidedigna. Polo tanto, é obrigado un período de seguimento para chegar ao diagnóstico e tomar decisións terapéuticas. Nalgún momento tras ter excluído IAM, a avaliación do doente debería complementarse, ben cunha avaliación non invasiva de enfermidade coronaria anatómica ou cunha proba de provocación de isquemia miocárdica inducible.

##### *Técnicas de imaxe*

O cribado de doentes con sospeita de SCA, pero con ECG e biomarcadores cardíacos negativos, segue sendo un reto. Avaliáronse técnicas de imaxe non invasivas: anxioTAC,<sup>779</sup> resonancia magnética cardíaca, imaxe de perfusión miocárdica<sup>780</sup> e ecocardiografía,<sup>78</sup> como medio de filtrar estes doentes de baixo risco e identificar subgrupos que poidan ser dados de alta a domicilio de forma segura.<sup>782-785</sup> A ecocardiografía debería estar dispoñible de modo rutineiro no SU, e utilizarse en todos os doentes con sospeita de SCA. Recentemente propúxose a anxioTAC coronaria multicorte (TCMC) no manexo da dor torácica aguda no SU. Nunha metaanálise recente, a TCMC demostrou unha alta sensibilidade e unha baixa relación de probabilidade negativa de 0,06, e foi eficaz en descartar a presenza de SCA en doentes de risco baixo e intermedio que acoden ao SU con dor torácica aguda.<sup>786</sup> Pero a incapacidade dos achados anatómicos para probar a presenza de isquemia, o risco de cancro inducido pola exposición á radiación e a potencial sobreutilización aínda xeran inquietude sobre a relevancia desta estratexia.



\* As troponinas cardíacas ultrasensibles son preferibles

**Fig. 1.33** Definicións das síndrome coronarias agudas (SCA); ECG, electrocardiograma; BRIHH, bloqueo rama esquerda feixe de His; IAMCEST, infarto agudo de miocardio con elevación do ST; IAMSEST, infarto agudo de miocardio sen elevación do ST; Troponina c, troponina cardíaca; API, anxina de peito inestable; TIMI, thrombolysis in acute myocardial infarction (trombólise en infarto agudo de miocardio); GRACE, global registry of acute coronary events (registro global de eventos coronarios agudos)

*Tratamento das síndrome coronarias agudas – síntomas*

**Nitratos**

Pódese considerar nitroglicerina se a tensión arterial sistólica (TAS) está por enriba de 90 mmHg e o doente segue con dor torácica isquémica (Figura 1.34). A nitroglicerina tamén pode ser útil no tratamento do edema agudo de pulmón. Non utilizar nitratos en doentes con hipotensión (TAS ≤ 90 mmHg), principalmente se se combina con bradicardia, e en doentes con infarto inferior e sospeita de afectación ventricular dereita. Administrar nitroglicerina 0,4 mg sublingual ou equivalente cada 5 min ata 3 doses segundo o permita a TAS. Comezar a dosificación IV a 10 mcg/min en dor persistente ou edema pulmonar; axustar para un efecto desexado sobre TA.

**Analxesia**

A morfina é o analxésico de elección para a dor refractaria aos nitratos e tamén ten efectos calmantes sobre o doente facendo innecesarios os sedantes na maioría dos casos. Dado que a morfina é un dilatador dos vasos de capacitancia venosa, pode ter beneficio adicional en doentes con conxestión pulmonar. Administrar morfina en doses iniciais de 3-5 mg intravenosos e repetir cada poucos minutos ata que o doente quede libre de dor. Evitar os fármacos antiinflamatorios non esteroides (AINE) para a analxesia porque teñen efectos protrombóticos.<sup>787</sup>

**Oxígeno**

Estase acumulando evidencia sobre o cuestionable papel do osíxeno suplementario na parada cardíaca, tras a RCE e na SCA. Os doentes con dor torácica aguda e presunta SCA non necesitan osíxeno suplementario a non ser que presenten signos de hipoxia, dispnea ou insuficiencia cardíaca. Existe evidencia crecente que suxire que a hiperoxia pode ser daniña en doentes con infarto de miocardio non complicado.<sup>393,788-790</sup> Durante a parada cardíaca, utilice osíxeno ao 100%. Tras a RCE, axuste a concentración de osíxeno inspirado para conseguir unha saturación de osíxeno arterial no rango de 94-98% ou de 88-92% na enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.<sup>424,791</sup>

*Tratamento das síndrome coronarias agudas – causa*

**Inhibidores da agregación plaquetaria**

A activación e agregación plaquetarias que seguen á rotura da placa aterosclerótica son os mecanismos fisiopatolóxicos centrais das síndrome coronarias agudas e a terapia antiplaquetaria é un tratamento crucial das SCA tanto con, coma sen elevación do segmento ST e con e sen revascularización.

**Ácido acetilsalicílico (AAS).** Estudos controlados aleatorizados amplos indican un descenso de mortalidade cando se administra AAS (75-325 mg) a doentes hospitalizados con SCA independentemente da estratexia de reperfusión ou revascularización.

**Inhibidores do receptor de ADP.** A inhibición do receptor plaquetario do ADP polas tienopiridinas, clopidogrel e prasugrel (inhibición irreversible) e a cyclo-pentil-triazolo-pirimidina, ticagrelor (inhibición reversible), dá lugar a unha ulterior antiagregación plaquetaria, ademais da producida por AAS.

**Inhibidores da Glicoproteína (Gp) IIB/IIIA.** A inhibición do receptor da glicoproteína (Gp) IIB/IIIA é a vía final común da antiagregación plaquetaria. Eptifibatida e tirofiban dan lugar a inhibición reversible, mentres que abciximab produce inhibición irreversible do receptor da glicoproteína IIB/IIIA. Existen datos insuficientes para apoiar o pretratamento rutineiro con bloqueantes do receptor da glicoproteína IIB/IIIA en doentes con SCACEST ou SCASEST. Non administrar bloqueantes do receptor da glicoproteína IIB/IIIA antes de coñecer a anatomía coronaria.

**Antitrombinas**

A heparina non fraccionada (HNF) é un inhibidor indirecto da trombina, que en combinación con AAS se utiliza coma complemento coa terapia fibrinolítica ou ICPP e é unha parte importante do tratamento da anxina inestable e o IAMCEST. As alternativas caracterízanse por unha actividade máis específica para o factor Xa (heparinas de baixo peso molecular (HBPM), fondaparinux) ou son inhibidores directos da trombina (bivalirudina). Rivaroxaban, apixaban e outros antagonistas directos da trombina orais poden ter unha indicación tras a estabilización en grupos de doentes específicos pero non no tratamento inicial da SCA<sup>792</sup>. Na sección 8 Manexo Inicial das Síndrome Coronarias Agudas danse detalles sobre a utilización de antitrombinas.<sup>7</sup>

*Estratexia de reperfusión en doentes que se presentan con IAMCEST*

A estratexia de reperfusión en doentes con IAMCEST é o avance máis importante no tratamento do infarto de miocardio nos

últimos 30 anos. A reperfusión pode conseguirse con fibrinólise, con ICPP, ou unha combinación de ambas. A eficacia da terapia de reperfusión é profundamente dependente do intervalo de tempo entre o comezo dos síntomas e a reperfusión. A fibrinólise é efectiva especificamente nas primeiras 2 a 3 horas tras o comezo dos síntomas; a ICPP é menos sensible ao tempo.

#### *Fibrinólise*

Administrar fibrinolíticos prehospitalarios a doentes con IAMCEST ou signos e síntomas de SCA con BREHH presumiblemente novo é beneficioso. A eficacia é máxima pouco despois do comezo dos síntomas. Aos doentes con síntomas de SCA e evidencia en ECG de IAMCEST (ou BREHH presumiblemente novo ou infarto posterior verdadeiro) que se presenten directamente no SU deberíaseles administrar terapia fibrinolítica tan cedo como sexa posible a non ser que exista acceso en tempo apropiado a ICPP. A auténtica vantaxe da fibrinólise prehospitalaria está onde existen tempos de traslado prolongados, i.e. > 30–60 min.

Os profesionais sanitarios que administren terapia fibrinolítica deben estar alerta sobre as súas contraindicacións e riscos. Os doentes con IAM grandes (por exemplo, evidenciado por cambios extensos en ECG) son probablemente os que máis se beneficien da terapia fibrinolítica. Os beneficios da terapia fibrinolítica son menos notables nos infartos de cara inferior que nos infartos anteriores.

#### *Intervención percutánea primaria*

A angioplastia coronaria con ou sen implantación de stent converteuse no tratamento de primeira liña para doentes con IAMCEST. A ICPP realizada cunha demora limitada ata o primeiro inflado de balón tras o primeiro contacto médico, nun centro con alto volume, por un hemodinamista experimentado que mantén un estatus de experto apropiado, é o tratamento de elección xa que mellora a morbilidade e mortalidade comparado coa fibrinólise inmediata.<sup>793</sup>

#### *Fibrinólise fronte a ICP primaria*

A ICP primaria estivo limitada polo acceso a instalacións con sala de cateterismo, os clínicos coa pericia apropiada e a demora ata o primeiro inflado de balón. A terapia con fibrinólise é unha estratexia de reperfusión amplamente dispoñible. Ambas as estratexias de tratamento están ben establecidas e foron obxecto de grandes estudos multicéntricos aleatorizados nas últimas décadas.

O tempo dende o comezo dos síntomas e a demora relacionada coa ICPP (intervalo diagnóstico-balón menos intervalo diagnóstico-agulla) son claves para seleccionar a estratexia de revascularización máis apropiada. A terapia fibrinolítica é a máis efectiva en doentes que se presentan nas primeiras 2-3 horas dende o comezo dos síntomas isquémicos. A comparación coa ICPP resulta favorable cando se inicia nas primeiras 2 horas do comezo dos síntomas e se combina con ICP diferida ou de rescate. Nos que se presentan precocemente, doentes de idades máis novas e infartos anteriores extensos, demoras relacionadas coa ICPP de 60 minutos poden ser inaceptables, mentres que nos que se presentan tardiamente (> 3 horas dende o comezo dos síntomas) demoras relacionadas coa ICPP de ata 120 minutos poden ser aceptables.<sup>794</sup> A mellora dos sistemas de atención pode acurtar significativamente o tempo de demora ata a ICPP.<sup>795,796</sup>

- Deberíase realizar e interpretar un ECG prehospitalario tan cedo como sexa posible para o diagnóstico de IAMCEST. Isto pode reducir a mortalidade tanto nos doentes considerados

para ICPP coma para terapia fibrinolítica.

- Pódese conseguir a identificación do IAMCEST mediante a transmisión ou interpretación in situ do ECG por médicos, ou enfermeiras ou paramédicos moi ben formados, con ou sen a axuda de interpretación de ECG por ordenador.
- Cando a ICPP é a estratexia formulada, a activación prehospitalaria da sala de cateterismo para a ICPP contribuirá a un beneficio na mortalidade.<sup>797</sup>

Elementos adicionais para un sistema de atención efectivo inclúen:

- Requirit que a sala de cateterismo estea lista en menos de 20 minutos e dispoñible 24/7.
- Proporcionar retroalimentación de datos en tempo real sobre a situación en cada momento dende o comezo dos síntomas á ICP.

Naqueles doentes cunha contraindicación para a fibrinólise, a ICP debería realizarse aínda a pesar da demora, en vez de non proporcionar ningunha terapia de reperfusión. Naqueles doentes con IAMCEST que presentan shock, o tratamento de reperfusión preferible é a ICP primaria (ou cirurxía de bypass arterial coronario). A fibrinólise só debería considerarse se existe unha demora importante para a ICP.

#### *Triaxe e traslado entre centros para ICP primaria*

A maioría dos doentes cun IAMCEST en curso serán primeiro diagnosticados, ben no medio prehospitalario ou no contorno do SU dun hospital sen capacidade para ICP. Cando a ICP poida levarse a cabo dentro dun límite de tempo de 60-90 minutos, orientar a triaxe e o traslado para a ICP é preferible á fibrinólise prehospitalaria.<sup>797-801</sup> En doentes adultos que se presentan con IAMCEST no SU dun hospital sen capacidade para ICP, debe considerarse o traslado urxente sen fibrinólise a un centro con ICP, sempre e cando a ICPP poida realizarse dentro duns tempos de demora aceptables.

Non está tan claro se é superior a terapia fibrinolítica inmediata (intra ou extrahospitalaria) ou o traslado para ICPP para doentes mozos que se presentan con infarto anterior e cunha duración curta de < 2-3 horas.<sup>794</sup> O traslado para ICPP de doentes con IAMCEST é razoable para aqueles que se presentan con máis de 3 horas pero menos de 12 horas tras o comezo dos síntomas, sempre e cando o traslado poida conseguirse rapidamente.

#### *Combinación de fibrinólise e intervención coronaria percutánea*

A fibrinólise e a ICP poden utilizarse nunha variedade de combinacións para restaurar e manter o fluxo sanguíneo coronario e a perfusión miocárdica. A angiografía de rutina inmediata postterapia fibrinolítica asóciase con aumento de hemorraxia intracranial (HIC) e hemorraxia grave sen ofrecer ningún beneficio en termos de mortalidade ou reinfarto.<sup>802-806</sup> É razoable realizar angiografía e ICP en doentes con fracaso da fibrinólise, segundo signos clínicos e/ou insuficiente resolución do segmento ST.<sup>807</sup> No caso dunha fibrinólise exitosa (manifestada por signos clínicos e resolución do segmento ST > 50%), a angiografía diferida durante varias horas tras a fibrinólise (estratexia fármaco-invasiva) demostrouse que mellora o resultado. Esta estratexia inclúe traslado precoz para angiografía e ICP, se é necesario, tras o tratamento fibrinolítico.

#### *Situacións especiais*

*Shock cardioxénico.* A síndrome coronaria aguda (SCA) é a causa máis frecuente de shock cardioxénico, principalmente debido a

unha gran zona de isquemia miocárdica ou unha complicación mecánica do infarto de miocardio. Aínda que infrecuente, a mortalidade a curto prazo do shock cardioxénico é de ata o 40%, en contraste coa boa calidade de vida dos doentes que son dados de alta con vida. Unha estratexia invasiva precoz (i.e. ICP primaria, ICP precoz tras fibrinólise) está indicada naqueles doentes que son aptos para revascularización.<sup>809</sup> Estudos observacionais suxiren que esta estratexia pode ser tamén beneficiosa en doentes anciáns (máis de 75 anos). Aínda que se use frecuentemente na práctica clínica, non existe evidencia que apoie a utilización do balón de contrapulsación intraaórtico (BIACP) no shock cardioxénico.<sup>808</sup>

Sospeitar infarto de ventrículo dereito en doente con infarto inferior, clínica de shock e campos pulmonares limpos. A elevación do segmento ST  $\geq 1$  mm na derivación V4R é un indicador útil de infarto de ventrículo dereito. Estes doentes teñen unha mortalidade intrahospitalaria de ata 30% e moitos beneficianse enormemente da terapia de reperfusión. Evitar nitratos e outros vasodilatadores, e tratar a hipotensión con fluídos intravenosos.

*Reperfusion tras RCP exitosa.* O manexo invasivo dos doentes con recuperación da circulación espontánea (RCE) tras a parada cardíaca (i.e. coronariografía precoz (CP) seguido de ICP inmediata se se xulga necesaria), principalmente tras resucitación prolongada e que teñen cambios ECG inespecíficos, foi controvertido, debido á escaseza de evidencia específica e ás importantes implicacións sobre a utilización de recursos (incluíndo traslado a centros con ICP).

*ICP tras RCE con elevación de ST.* A prevalencia máis alta de lesión coronaria aguda obsérvase en doentes con elevación do segmento ST (EST) ou bloqueo de rama esquerda do feixe de His (BREHH) no electrocardiograma (ECG) posRCE. Non existe ningún estudo aleatorizado, pero dado que moitos estudos observacionais publicaron un beneficio respecto á supervivencia e pronóstico neurolóxico, é altamente probable que este manexo invasivo precoz sexa unha estratexia asociada cun beneficio clinicamente relevante en doentes con elevación do segmento ST. Unha recente metaanálise indica que a coronariografía precoz se asocia con redución da mortalidade hospitalaria [OR 0.35 (0.31 a 0.41)] e aumento da supervivencia neuroloxicamente favorable [OR 2.54 (2.17 a 2.99)].<sup>797</sup>

Baseándose nos datos dispoñibles, a avaliación na sala de hemodinámica dun cateterismo de emerxencia (e ICP inmediata se se require) debería realizarse en doentes adultos seleccionados con RCE tras PCEH con sospeita de orixe cardíaca con elevación do segmento ST no ECG.<sup>810</sup>

Estudos observacionais tamén indican que se conseguen resultados óptimos tras PCEH cunha combinación de manexo con control de temperatura e ICP, o cal pode combinarse nun protocolo posparada cardíaca estandarizado como parte dunha estratexia global para mellorar a supervivencia neuroloxicamente intacta neste grupo de doentes.

*ICP tras RCE sen elevación de ST.* En doentes con RCE tras parada cardíaca pero sen elevación de ST, os datos son controvertidos con respecto ao potencial beneficio dunha avaliación na sala de hemodinámica dun cateterismo de emerxencia, todos eles procedentes de estudos observacionais<sup>410,412</sup> ou análises de subgrupos.<sup>413</sup> É razoable discutir unha avaliación na sala de hemodinámica dun cateterismo de emerxencia tras RCE en doentes co risco máis elevado de causa coronaria de PC. Unha variedade de factores tales como a idade do doente, a duración da PCR, a inestabilidade hemodinámica, o ritmo cardíaco de presentación, o estado neurolóxico á chegada ao hospital, e

a probabilidade percibida de etioloxía cardíaca poden influír na decisión de levar a cabo a intervención. Nos doentes que se presentan nun centro sen ICP debería considerarse o traslado para anxiografía e ICPP se procede, de maneira individualizada, e sopesar os beneficios esperados da anxiografía precoz e os riscos de trasladar o doente.

### Primeiros auxilios

Os primeiros auxilios defínense como as condutas de axuda e cuidados iniciais que se proporcionan ante unha enfermidade ou lesión aguda. Os primeiros auxilios poden ser iniciados por calquera, en calquera situación. Unha persoa que proporciona primeiros auxilios defínese coma alguén formado na dita atención que debería:

- Recoñecer, avaliar e priorizar a necesidade dos primeiros auxilios.
- Proporcionar cuidados e utilizar as competencias apropiadas.
- Recoñecer as limitacións e buscar atención adicional cando sexa necesario.

Os obxectivos dos primeiros auxilios son preservar a vida, aliviar o sufrimento, previr unha enfermidade ou lesión posteriores, e promover a recuperación. Esta definición de 2015 para primeiros auxilios, creada polo Grupo de Traballo Primeiros Auxilios do ILCOR, aborda a necesidade de recoñecer lesións e enfermidades, o requisito de desenvolver unha base de habilidades específicas e a necesidade de que os que proporcionen primeiros auxilios administren atención inmediata e simultaneamente activen os servizos médicos de emerxencia ou outro tipo de atención médica que se requira.<sup>811</sup> As avaliacións e intervencións de primeiros auxilios deberían estar medicamente fundadas e baseadas cientificamente na medicina baseada na evidencia ou en ausencia de tal evidencia, no consenso médico de expertos. O ámbito de aplicación dos primeiros auxilios non é puramente científico, xa que tanto a formación coma os requisitos legais influirán sobre el. Debido a que o ámbito de aplicación dos primeiros auxilios varía entre países, estados e provincias, as recomendacións contidas neste documento poden necesitar axustarse de acordo ás circunstancias, necesidades e restricións legais.

### Primeiros auxilios para emerxencias médicas

#### *Posicionamento dunha vítima que respira, pero non responde*

Comparáronse varias posicións laterais de recuperación diferentes pero en xeral non se identificaron diferenzas significativas entre elas.<sup>812-814</sup>


Débase colocar os individuos que non responden pero respiran con normalidade nunha posición de recuperación en decúbito lateral (posición lateral de seguridade) en lugar de deixalos en posición supina (deitado sobre as costas). En certas situacións relacionadas coa resucitación, coma respiracións agónicas ou traumatismos, pode non ser apropiado mover unha persoa a unha posición de recuperación.

#### *Posición óptima para unha vítima en shock*

Colocar os individuos en shock en posición supina (deitados sobre as costas). Cando non haxa evidencia de traumatismo utilizar a elevación pasiva das pernas para proporcionar unha melloría adicional transitoria nos signos vitais.<sup>815-817</sup> A importancia clínica desta mellora transitoria é incerta.

#### *Administración de osíxeno para primeiros auxilios*

Non hai indicacións claras sobre o uso de osíxeno suplementario



(\* Risco de sangrado intracranial aumentado con prasugrel en pacientes con historia de ACV ou AIT, en pacientes > 75 anos e < 60 kg de peso)

# Segundo estratificación

Fig. 1.34 Algoritmo de tratamento para as síndrome coronarias agudas; ECG, electrocardiograma; TAS, tensión arterial sistólica; IAMCEST, infarto agudo de miocardio con elevación do ST; SCAEST-IAMSEST, síndrome coronaria aguda sen elevación do ST – infarto agudo de miocardio sen elevación do ST; ICP, intervención coronaria percutánea

polos que proporcionen primeiros auxilios.<sup>818-821</sup> O osíxeno suplementario pode ter potenciais efectos adversos que compliquen o curso da enfermidade ou incluso empeoren os resultados clínicos. Se se utilizase, o osíxeno suplementario debería ser administrado soamente polos que proporcionen primeiros auxilios que fosen debidamente formados no seu uso e poidan monitorizar os seus efectos.

#### Administración de broncodilatadores

Demostrouse que a administración dun broncodilatador na asma reduce o tempo de resolución dos síntomas en nenos e reduce o tempo para a melloría subxectiva da dispnea en adultos novos que padecen asma.<sup>822,823</sup> Débese axudar os individuos con asma que teñen dificultades para respirar, a administrarse o seu broncodilatador. Os que proporcionan primeiros auxilios deben formarse nos diferentes métodos de administración dun broncodilatador.<sup>824-826</sup>

#### Recoñecemento do ictus (accidente cerebrovascular)

O ictus é unha lesión focal inducida, de causa vascular non traumática, do sistema nervioso central e que, polo xeral, resulta nun dano permanente en forma de infarto cerebral, hemorraxia intracerebral e/ou hemorraxia subaracnoidea.<sup>827</sup> O ingreso precoz nun centro de ictus e o tratamento precoz melloran considerablemente o pronóstico do ictus e poñen de relevo a necesidade de que os que proporcionan os primeiros auxilios recoñezan rapidamente os seus síntomas.<sup>828,829</sup> Hai evidencia de calidade de que o uso dunha ferramenta de detección do ictus acurta o tempo ata o tratamento definitivo.<sup>830-833</sup> Recoméndase utilizar un sistema de avaliación do ictus para diminuír o atraso ata o recoñecemento e tratamento definitivo das persoas con sospeita de ictus agudo. Os que proporcionan primeiros auxilios deben ser formados no uso da ferramenta de valoración FAST [(Face, Arm, Speech Tool) (Ferramenta Cara, Brazo, Fala)] ou CPSS (Cincinnati Prehospital Stroke Scale/Escala de Ictus

Prehospitalaria de Cincinnati) para axudar no recoñecemento precoz do ictus.

#### Administración de AAS para a dor torácica

A administración precoz de AAS no contorno prehospitalario nas primeiras horas da aparición de dor torácica, debido á sospeita de infarto de miocardio, reduce a mortalidade cardiovascular.<sup>834,835</sup> No contorno prehospitalario, débese administrar precozmente AAS mastigable 150-300 mg a adultos con dor torácica e sospeita de infarto de miocardio (SCA/IAM). Hai un risco relativamente baixo de complicacións, particularmente anafilaxia e sangrado grave.<sup>836-840</sup> O AAS non debe ser administrado a doentes que teñan alerxia coñecida ou contraindicación expresa. Recoméndase non administrar AAS a adultos con dor torácica de etiología incerta. A administración precoz de AAS non debería atrasar nunca o traslado do doente a un hospital para recibir atención definitiva.

#### Segunda dose de adrenalina para a anafilaxia

A anafilaxia é unha reacción alérxica potencialmente fatal, que require o recoñecemento e intervención inmediatas. A adrenalina reverte as manifestacións fisiopatolóxicas da anafilaxia e segue a ser o fármaco máis importante, especialmente se se administra dentro dos primeiros minutos dunha reacción alérxica grave.<sup>287,841,842</sup> No ámbito prehospitalario, a adrenalina adminístrase a través de autoinixectores precargados, que conteñen unha dose de 300 mcg de adrenalina (dose para adultos), para a autoadministración intramuscular ou asistida por alguén formado que proporcione primeiros auxilios. Débese administrar unha segunda dose intramuscular de adrenalina ás persoas con anafilaxia, no contorno prehospitalario, que non melloraran en 5 a 15 minutos tras unha dose intramuscular inicial de adrenalina administrada por autoinixector.<sup>843-852</sup> Pode ser necesaria tamén unha segunda dose intramuscular de adrenalina se os síntomas recorren.

### *Tratamento da hipoglicemia*

A hipoglicemia en doentes con diabetes é habitualmente un evento repentino e potencialmente mortal cos síntomas típicos de fame, dor de cabeza, axitación, tremor, sudación, comportamento psicótico (con frecuencia parecida á borracheira) e perda de consciencia. É moi importante que estes síntomas sexan recoñecidos coma hipoglicemia, xa que a vítima require un tratamento rápido de primeiros auxilios. Débese tratar os doentes conscientes con hipoglicemia sintomática con tabletas de glicosa equivalentes a 15-20 g de glicosa. Se non se dispón de tabletas de glicosa, utilizar outras formas dietéticas de azucre.<sup>853-855</sup> Se o doente está inconsciente ou é incapaz de tragar o tratamento oral debería evitarse debido ao risco de aspiración, e débese chamar os servizos médicos de emerxencia.

### *Deshidratación relacionada co esforzo e terapia de rehidratación*

A miúdo solicítase aos que proporcionan primeiros auxilios para asistir en “puntos de avituallamento” para eventos deportivos. Utilizar bebidas orais ao 3-8% de carbohidratos e electrólitos (CE) para a rehidratación dos individuos con deshidratación simple inducida polo exercicio.<sup>856-864</sup> Bebidas alternativas aceptables para a rehidratación inclúen auga, solución de CE ao 12%,<sup>856</sup> auga de coco,<sup>857, 863, 864</sup> leite semidesnatada<sup>861</sup> ou té con ou sen solución de carbohidratos-electrólitos agregados.<sup>858,865</sup> A hidratación oral pode non ser apropiada para persoas con deshidratación grave asociada con hipotensión, hiperpirexia ou cambios no estado mental. Estas persoas deberían recibir atención por un reanimador médico avanzado capaz de administrar líquidos por vía intravenosa.

### *Lesións oculares por exposición química*

Para unha lesión ocular debida á exposición a unha substancia química, débense tomar medidas inmediatas irrigando o ollo continuamente utilizando grandes volumes de auga limpa. A irrigación con grandes volumes de auga foi máis eficaz na mellora do pH da córnea en comparación co uso de irrigación de volumes baixos ou solución salina.<sup>866</sup> Remitir a persoa para unha revisión de emerxencia por un profesional sanitario.

### *Primeiros auxilios para emerxencias de trauma*

#### *Control do sangrado*

Aplicar presión directa, con ou sen un apósito, para controlar a hemorraxia externa onde sexa posible. Non tratar de controlar a hemorraxia externa grave mediante presión proximal ou elevación dunha extremidade. Non obstante, pode ser beneficioso aplicar terapia de frío localizado, con ou sen presión, para a hemorraxia menor ou pechada dunha extremidade.<sup>867,868</sup> Cando o sangrado non se pode controlar pola presión directa pode ser posible controlalo utilizando un apósito hemostático ou un torniquete (ver máis abaixo).

#### *Apósitos hemostáticos*

Os apósitos hemostáticos utilízanse comunmente para controlar a hemorraxia nos ambientes cirúrxicos e militares, sobre todo cando a ferida está nunha zona non compresible coma o colo, o abdome ou a ingua.<sup>869-873</sup> Utilice un apósito hemostático cando a presión directa non pode controlar unha hemorraxia externa grave ou a ferida está nunha localización na que a presión directa non é posible.<sup>874-877</sup> É necesaria a formación para garantir a aplicación segura e efectiva destes apósitos.

#### *Uso do torniquete*

A hemorraxia por lesións vasculares de extremidades pode orixinar unha gran perda sanguínea que pon en perigo a vida

e é unha das principais causas de morte evitable no campo de batalla e no ámbito civil.<sup>878,879</sup> Os torniquetes utilizáronse durante moitos anos en ambientes militares, para a hemorraxia externa grave de extremidades.<sup>880,881</sup> A aplicación dun torniquete deu lugar a unha diminución na mortalidade.<sup>880-889</sup> Recoméndase utilizar un torniquete cando a presión directa da ferida non pode controlar unha hemorraxia externa grave nunha extremidade. É necesaria a formación para garantir a aplicación segura e eficaz dun torniquete.

### *Aliñamento (redución) dunha fractura angulada*

Fracturas, luxacións, escordaduras e distensións son lesións das extremidades comunmente atendidas polos que proporcionan primeiros auxilios. Recoméndase non aliñar unha fractura angulada de ósos longos. Protexa a extremidade lesionada entalando a fractura. A realiañación de fracturas soamente debería ser realizada por aqueles especificamente formados para realizar este procedemento.

### *Tratamento de primeiros auxilios para unha ferida torácica aberta*

O manexo correcto dunha ferida torácica aberta é crítico, xa que o selado inadvertido destas feridas polo uso incorrecto de vendaxes ou dispositivos oclusivos, ou a aplicación dunha vendaxe que se converte en oclusiva, pode dar lugar a un pneumotórax tensión, complicación que potencialmente ameaza a vida.<sup>890</sup> Deixar a ferida torácica exposta, comunicándose libremente co medio externo sen aplicar unha vendaxe ou cubrir a ferida cun apósito non oclusivo, se é necesario. Controlar o sangrado localizado con presión directa.

### *Restrición de mobilidade espinal*

Ante a sospeita de lesión cervical espinal a rutina foi colocar colares ortopédicos cervicais, co fin de evitar unha lesión sobrevida por un movemento da columna vertebral. Así e todo, esta intervención baseouse en consensos e opinións máis que en evidencia científica.<sup>891,892</sup> Ademais, demostráronse efectos adversos clinicamente significativos, coma elevación da presión intracranial que ocorren tras a aplicación dun colar ortopédico cervical.<sup>893-897</sup> A aplicación rutineira dun colar ortopédico cervical por quen proporciona primeiros auxilios xa non se recomenda. Se se sospeita unha lesión da columna cervical, débese soste manualmente a cabeza nunha posición que limite o movemento en calquera ángulo ata que se dispoña de asistencia sanitaria experimentada.

### *Recoñecemento do traumatismo cranioencefálico*

Aínda que un sistema de puntuación do traumatismo cranioencefálico sería de grande axuda para os que proporcionan primeiros auxilios neste recoñecemento,<sup>898</sup> na práctica actual non hai ningún sistema de puntuación sinxelo validado no seu uso. Unha persoa con sospeita de traumatismo cranioencefálico debe ser avaliada por un profesional sanitario.

### *Arrefriamento de queimaduras*

O arrefriamento activo inmediato de queimaduras térmicas, definido como calquera método levado a cabo para diminuír a temperatura local dun tecido, é unha recomendación común de primeiros auxilios dende hai moitos anos. O arrefriamento das queimaduras térmicas minimizará a profundidade resultante da queimadura<sup>899,900</sup> e posiblemente diminúa o número de doentes que requiran eventualmente atención hospitalaria para tratamento.<sup>901</sup> Os outros beneficios percibidos do arrefriamento son o alivio da dor e a redución do edema, redución das taxas



de infección e un proceso de curación da ferida máis rápido. Recoméndase arrefriar activamente as queimaduras térmicas tan cedo como sexa posible, utilizando auga durante un mínimo de 10 minutos. Débese ter coidado cando se arrefrién grandes queimaduras térmicas ou queimaduras en lactantes e nenos pequenos, para non inducir hipotermia.

#### *Apósitos para queimaduras*

Dispónse dunha ampla gama de apósitos para queimaduras<sup>902</sup>, pero non se encontrou ningunha evidencia científica para determinar que tipo de apósito, húmido ou seco, é máis eficaz. Despois do arrefriamento, as queimaduras deben cubrirse cun apósito estéril pouco apertado.

#### *Avulsión dental*

Tras unha caída ou un accidente que lle afecte á cara, un dente pode danarse ou arrincarse. A reimplantación inmediata do dente é a intervención de elección, pero a miúdo non é posible realizala polos que proporcionan primeiros auxilios debido a unha falta de formación ou habilidades no dito procedemento. Se un dente non pode ser reimplantado de inmediato, débese conservar en solución salina balanceada de Hank. Se non se dispón disto débese utilizar própole, clara de ovo, auga de coco, ricetral, leite enteiro, solución salina ou salino tampón fosfato (en orde de preferencia) e derivar a persoa a un odontólogo tan pronto como sexa posible.

#### *Educación en primeiros auxilios*

Recoméndanse programas de educación en primeiros auxilios, campañas de saúde pública e formación regulada en primeiros auxilios co fin de mellorar a prevención, o recoñecemento e o manexo de lesións e enfermidades.<sup>901,903,904</sup>

### **Principios de formación en resucitación**

A cadea da supervivencia<sup>13</sup> ampliouse á fórmula da supervivencia<sup>11</sup> porque se advertiu que o obxectivo de salvar máis vidas depende non soamente dunha ciencia sólida e de alta calidade, senón tamén da formación efectiva de persoas leigas e profesionais sanitarios.<sup>905</sup> Por último, aqueles que están involucrados no coidado das vítimas dunha parada cardíaca deberían ser capaces de implantar sistemas de eficiencia de recursos que poidan mellorar a supervivencia tras a parada cardíaca.

#### *Formación de nivel básico*

##### *A quen formar e como formar*

O soporte vital básico (SVB) é a pedra angular da resucitación e está ben establecido que a RCP por testemuñas é crucial para a supervivencia das paradas cardíacas extrahospitalarias. As compresións torácicas e a desfibrilación precoz son os principais determinantes da supervivencia das paradas cardíacas extrahospitalarias e existe algunha evidencia de que a introdución da formación de persoas leigas mellorou a supervivencia a 30 días e a 1 ano.<sup>906,907</sup>

Existe evidencia de que a formación en SVB de persoas leigas é efectiva para incrementar o número de persoas que están dispostas a realizar SVB nunha situación real.<sup>908-910</sup> En poboacións de alto risco (por exemplo, áreas onde existe un risco de parada cardíaca alto e unha resposta por testemuñas baixa) evidencias recentes mostran que se poden identificar factores específicos que permitirán enfocar a formación baseándose nas características particulares da comunidade.<sup>911,912</sup> Existe

evidencia de que é improbable que os posibles reanimadores destas poboacións busquen a formación por si mesmos, salvo que consigan competencia en habilidades e/ou coñecementos de SVB tras formación.<sup>913-915</sup> Están dispostos a ser formados e é probable que compartan a formación con outros.<sup>913,914,916-918</sup> Un dos pasos máis importantes para aumentar a taxa de resucitación por testemuñas e mellorar a supervivencia en todo o mundo é formar a todos os nenos en idade escolar. Isto pode conseguirse facilmente ensinando os nenos simplemente dúas horas ao ano, e empezar á idade de 12 anos.<sup>919</sup> A esa idade, os escolares teñen unha actitude positiva para aprender resucitación e tanto os profesores como os profesionais médicos requiren unha formación especial para conseguir estes resultados cos nenos.<sup>920</sup>

Demostrouse que os operadores telefónicos dos SEM ben formados son capaces de mellorar a RCP por testemuñas e os resultados dos doentes.<sup>921</sup> Con todo existe preocupación sobre a súa capacidade para recoñecer a parada cardíaca, particularmente con relación á respiración agónica.<sup>50</sup> Consecuentemente a formación dos operadores telefónicos dos SEM debería incluír unha focalización sobre a identificación e o significado da respiración agónica<sup>52</sup> e a importancia das convulsións, como expresións da parada cardíaca. Ademais é necesario que aos operadores telefónicos dos SEM se lles ensinen guións simplificados para instruír as testemuñas en RCP.<sup>52</sup> O plan de estudos de SVB/DEA debería ser confeccionado a medida da audiencia á que se dirixe e manterse tan sinxelo como sexa posible. O crecente acceso a diferentes modalidades de formación (por exemplo, o uso de medios dixitais, en liña, ensino dirixido por instrutor) e o ensino autodirixido, ofrecen medios alternativos de ensino tanto para leigos coma para profesionais sanitarios. Os programas de autoinstrución con exercicios prácticos simultáneos ou diferidos (por exemplo, vídeo, DVD, formación en liña, retroalimentación proporcionada por ordenador durante a formación) parecen ser unha alternativa efectiva aos cursos dirixidos por instrutor para o ensino de destrezas en SVB a persoas leigas e profesionais sanitarios.<sup>922-926</sup> A todos os cidadáns se lles debería ensinar como un requisito mínimo como realizar compresións torácicas. Idealmente, deberíanse ensinar habilidades completas (compresións e ventilacións utilizando unha relación 30:2) a todos os cidadáns. Cando a formación está limitada polo tempo ou é ocasional (por exemplo, instrucións telefónicas dos SEM a unha testemuña, eventos de masas, campañas públicas, vídeos virais por internet), debería centrarse na RCP só con compresións. Algunhas comunidades locais poden querer considerar o seu enfoque baseándose na epidemioloxía da poboación local, normas culturais e taxas de resposta de testemuñas. Para aqueles formados inicialmente en RCP só con compresións torácicas, a ventilación pode cubrirse con formación subseguinte. Idealmente estes individuos serían formados en RCP só con compresións e logo ofreceríaselles formación en compresións torácicas con ventilación na mesma sesión de formación. A aquelas persoas leigas cun deber de asistencia, tales como traballadores en primeiros auxilios, socorristas, e coidadores debería selles ensinar RCP estándar, i.e. compresións e ventilación.

A maioría dos estudos demostran que as destrezas en RCP se deterioran nos primeiros tres a seis meses tras a formación inicial.<sup>924,927-930</sup> As habilidades en DEA retéñense durante máis tempo que as destrezas en SVB illadas.<sup>931,932</sup> Existe algunha evidencia de que unha formación de menor duración e de maior frecuencia, pode potencialmente aumentar a formación en SVB e reducir o deterioro da pericia.<sup>931,932</sup>

Unha valoración sistemática da literatura determinou que os dispositivos audiovisuais de retroalimentación durante a

resucitación resultou en que os reanimadores lles proporcionaron parámetros de compresión máis axustados ás recomendacións, pero non se encontrou evidencia de que isto se traducira nunha mellora dos resultados no doente.

### *Formación de nivel avanzado*

Os cursos de nivel avanzado cobren os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para funcionar como parte de (e finalmente dirixir) un equipo de resucitación. Apareceu unha evidencia que apoia os modelos de ensino semipresencial (ensino electrónico independente incorporada a curso de curta duración dirixido por instrutor). A formación con simulación é unha parte integral da formación en resucitación e demostrou mellorar os coñecementos e na execución de destrezas, comparada coa formación sen simulación.<sup>934</sup> Falta evidencia de que os participantes en cursos de SVA aprendan máis ou mellor RCP por utilizar manequíns de altas prestacións. Con isto en mente, pódense utilizar manequíns de altas prestacións, pero se non se dispón deles, é aceptable a utilización de manequíns de baixas prestacións para a formación de soporte vital avanzado estándar.

### *Formación en habilidades non técnicas (HNT) incluíndo liderado e formación de equipos para mellorar o resultado da RCP*

Tras a implantación de programas de formación de equipos encontrouse un aumento na supervivencia hospitalaria en parada cardíaca pediátrica e en doentes cirúrxicos.<sup>935,936</sup> Demostrouse que a actuación do equipo de resucitación mellora, tanto na parada cardíaca real como en escenarios simulados intrahospitalarios de soporte vital avanzado, cando se engade formación específica de equipo ou liderado aos cursos de nivel avanzado.<sup>937-941</sup> Se a práctica de escenario simulado se segue de revisión autocrítica prodúcese unha aprendizaxe que non ocorre na práctica de escenario simulado sen revisión autocrítica.<sup>94</sup> Os estudos non conseguiron demostrar diferenzas entre a revisión autocrítica con ou sen utilización de vídeogravacións.<sup>943,944</sup> Existe evidencia emerxente de que a formación baseada en manequíns con reciclaxes frecuentes en forma de prácticas pouco concentradas e breves in situ pode aforrar custos, reducir o tempo total para a reciclaxe, e parece ser preferido pola maioría dos alumnos.<sup>945,946</sup> A reciclaxe da formación é obrigada invariablemente para manter os coñecementos e destrezas; porén, a frecuencia óptima para a formación de reciclaxe non está clara.<sup>945,947-949</sup>

### *Implantación e manexo do cambio*

A fórmula da supervivencia conclúe coa “implantación local”.<sup>11</sup> A combinación de ciencia médica e eficiencia na formación non é suficiente para mellorar a supervivencia se a implantación é pobre ou nula.

### *Impacto das recomendacións*

En cada país, a práctica da resucitación baséase amplamente na implantación das recomendacións de resucitación consensuadas internacionalmente. Estudos sobre o impacto das recomendacións de resucitación internacionais suxiren un efecto positivo sobre a execución da RCP,<sup>906,950</sup> a recuperación da circulación espontánea<sup>105,906,950-953</sup> e a supervivencia á alta hospitalaria.<sup>105,906,950-954</sup>

### *Utilización de tecnoloxía e medios sociais*

A prevalencia de teléfonos intelixentes e tabletas deu lugar á

xeración de numerosas abordaxes para a implementación por medio do uso de aplicacións e tamén de redes sociais.

### *Medición da actuación de sistemas de resucitación*

A medida que os sistemas evolucionan para mellorar os resultados da parada cardíaca, necesitamos avaliar o seu impacto con exactitude. As iniciativas de medición da actuación e aplicación de mellora da calidade perfeccionarán os sistemas para proporcionar resultados óptimos.<sup>939,955-960</sup>

### *Revisión autocrítica tras a resucitación no marco clínico*

A retroalimentación entre os membros dun equipo intrahospitalario de parada cardíaca sobre a súa actuación nunha parada cardíaca real (a diferenza do contorno da formación) pode resultar en mellores resultados. Isto pode ser ben en tempo real e guiado por datos (por exemplo, utilizar dispositivos de retroalimentación sobre as medidas das compresións torácicas) ou nunha revisión autocrítica estruturada tras o evento centrada na actuación.<sup>939,961</sup>

### *Equipos de emerxencias médicas (EEM) para adultos*

Ao considerar a cadea da supervivencia para a parada cardíaca,<sup>13</sup> o primeiro elo é o recoñecemento precoz do doente que se está deteriorando e a prevención da parada cardíaca. Recomendamos a utilización dun EEM porque se asociaron cunha redución da incidencia de parada cardíaca e respiratoria<sup>962-968</sup> e mellora das taxas de supervivencia.<sup>963,965-970</sup>

O EEM é unha parte dun sistema de resposta rápida (SRR), que inclúe formación do persoal sobre os signos de deterioro do doente, monitorización frecuente e apropiada dos signos vitais dos doentes, recomendacións claras (por exemplo, por medio de criterios ou escalas de aviso precoz) para axudar o persoal na detección precoz do deterioro do doente, un sistema claro e uniforme de chamada para solicitar axuda e unha resposta clínica ás chamadas que solicitan axuda.

### *Formación en ambientes con recursos limitados*

Existen moitas técnicas distintas para ensinar SVA e SVB en ambientes con recursos limitados. Estas inclúen simulación, aprendizaxe multimedia, aprendizaxe autodirixida, instrución limitada, e aprendizaxe autodirixida baseada en ordenador. Algunhas destas técnicas son menos caras e requiren menos recursos de instrutores e permiten unha diseminación máis ampla da formación en SVA e SVB.

### **Ética da resucitación e decisións ao final da vida**

#### *O principio de autonomía do doente*

O respecto á autonomía refírese á obriga dun médico de respectar as preferencias do doente e tomar decisións de acordo cos seus valores e crenzas. O coidado sanitario centrado no doente colócao no centro do proceso de toma de decisións, en lugar de como un receptor dunha decisión médica. A aplicación deste principio durante a parada cardíaca onde o doente a miúdo é incapaz de comunicar as súas preferencias é difícil.<sup>971-974</sup>

#### *O principio de beneficencia*



A beneficencia implica que as intervencións deben beneficiar o doente, tras valoración do risco relevante e do beneficio. Existen recomendacións clínicas baseadas na evidencia para axudar os profesionais sanitarios a decidir que estratexias de tratamento son as máis apropiadas.<sup>11,975,976</sup>

#### *O principio de non maleficencia*

A RCP converteuse na norma para a maioría dos doentes con enfermidades agudas con ameaza vital.<sup>977,978</sup> A RCP é, con todo, un procedemento invasivo cunha baixa probabilidade de éxito. Así pois, a RCP non debería ser realizada en casos fútiles. É difícil definir a futilidade dun modo que sexa preciso, prospectivo e aplicable á maioría dos casos.

#### *O principio de xustiza e equidade*

A xustiza implica que os recursos sanitarios sexan distribuídos equitativamente e limpamente, independentemente do estatus social do doente, en ausencia de discriminación, co dereito de todo individuo a recibir o estándar de coidados actual.

#### *Futilidade médica*

A resucitación considérase fútil cando as posibilidades de supervivencia con boa calidade de vida son mínimas.<sup>979</sup> A decisión de non intentar a resucitación non require o consentimento do doente ou dos seus achegados, quen a miúdo ten esperanzas pouco realistas.<sup>980,981</sup>

Os que toman as decisións teñen o deber de consultarlle ao doente ou a un representante se o doente está incapacitado, segundo unha “política clara e accesible”.<sup>982-984</sup>

Algúns países permiten decisións previas de non realizar RCP mentres que noutros países ou relixións a decisión de non realizar RCP non está permitida ou se considera ilegal. Existe unha falta de coherencia en termos tales coma “non tentar resucitación (NIR)”, “non tentar resucitación cardiopulmonar (NIRCP)” ou “permitir a morte natural (PMN)”. Esta utilización confusa de acrónimos pode xerar malentendidos en lexislación e xurisdición nacionais.<sup>985,986</sup>

#### *Vontades anticipadas*

As vontades anticipadas son decisións sobre o tratamento tomadas previamente por un individuo para o caso de que sexa incapaz de participar directamente na toma de decisións médicas nalgún momento do futuro.<sup>987</sup> Requiren revisións periódicas das vontades para asegurar que se reflicten con exactitude os desexos e circunstancias actuais do doente.<sup>980,988,989</sup>

O estado legal das vontades anticipadas na lexislación nacional dos países europeos é moi dispar.<sup>990</sup>

#### *Coidados centrados no doente*

A crecente a centrar no doente os coidados sanitarios esixe que busquemos entender a perspectiva do supervivente da parada cardíaca. Isto require un compromiso adicional para traballar xuntos coa xente, cos superviventes da parada cardíaca e os seus familiares como compañeiros neste proceso.<sup>991</sup>

#### *Parada cardíaca intrahospitalaria*

Tras unha parada cardíaca intrahospitalaria (PCIH), a postura por defecto é comezar a resucitación a non ser que tomara unha decisión de non facer RCP. As decisións de resucitación deberían revisarse. É difícil determinar cando é probable que a RCP fracase ou sexa fútil. Os estudos sobre predición son particularmente dependentes de factores de sistema, tales como o tempo ata o comezo da RCP e o tempo ata a desfibrilación. A cohorte total do estudo pode non ser aplicable a un caso individual. Non se deberían tomar decisións baseadas nun único elemento, tales como a idade.<sup>992</sup> Seguirá habendo áreas grises onde se requira un xuízo clínico para doentes individuais.

#### *Parada cardíaca extrahospitalaria*

A decisión de iniciar ou abandonar a RCP é difícil fóra do hospital como consecuencia da falta de información suficiente sobre os desexos e valores do doente, comorbilidades e estado de saúde basal.<sup>993,994</sup>

#### *Non iniciación ou finalización da CPR*

##### *Traslado ao hospital con RCP en curso*

Os profesionais sanitarios deberían considerar non iniciar ou finalizar a RCP en nenos e adultos cando:

- Non se pode garantir a seguridade do reanimador.
- Existe unha lesión mortal evidente ou morte irreversible.
- Se dispón dunha vontade anticipada válida.
- Existe outra evidencia convincente de que iniciar ou continuar a RCP estaría en contra dos valores e preferencias do doente ou sexa considerada fútil.
- Haxa asistolia de máis de 20 minutos a pesar de SVA continuado, en ausencia dunha causa reversible.
- Tras interromper a RCP, debería considerarse a posibilidade de soporte continuado da circulación e traslado a un centro especializado coa perspectiva de doazón de órganos.

Os profesionais sanitarios deberían considerar o traslado ao hospital con RCP en curso cando, en ausencia dos criterios de finalización da RCP mencionados anteriormente, concorran un ou máis dos seguintes:

- Parada presenciada polos SEM.
- RCE en calquera momento.
- TV/FV como ritmo de presentación.
- Presunta causa reversible (por exemplo, cardíaca, tóxica, hipotermia).

Esta decisión debería considerarse precozmente no proceso, por exemplo tras 10 minutos de SVA sen RCE e tendo en conta as circunstancias, por exemplo distancia, atraso da RCP e calidade presumida da RCP en vista das características do doente.

#### *Parada cardíaca pediátrica*

A pesar das diferenzas na fisiopatoloxía e etioloxía, o marco ético para a toma de decisións na parada cardíaca pediátrica non difire moito da do adulto.

Na maioría dos países, as autoridades legais están involucradas e actúan de oficio en casos de morte súbita non explicada ou accidental. Nalgúns países está organizada a revisión sistemática de todas as mortes infantís para conseguir unha mellor comprensión e coñecemento para a prevención das futuras

mortes en nenos.<sup>995</sup>

### *Seguridade do reanimador*

As epidemias de enfermidades infecciosas deron lugar á preocupación sobre a seguridade dos profesionais sanitarios involucrados no coidado dos doentes con parada cardíaca. Cando tenten RCP en doentes infecciosos, os profesionais sanitarios deben usar un equipo protector apropiado e estar suficientemente adestrados na súa utilización.<sup>996,997</sup>

### *Doazón de órganos*

O obxectivo principal da resucitación é salvar a vida do doente<sup>998</sup>. Non obstante, os esforzos de resucitación poden resultar en morte cerebral. Nestes casos, o obxectivo da resucitación pode trocar cara á preservación de órganos para unha posible doazón.<sup>999</sup> O deber dos equipos de resucitación co doente vivo non debería confundirse co deber dos médicos cos doentes mortos, onde os órganos son preservados para salvar as vidas doutras persoas. Todos os países europeos deberían redobrar os seus esforzos para maximizar a posibilidade de doazón de órganos nos doentes con parada cardíaca que derivan en morte cerebral ou tras a finalización da resucitación no caso de fracaso da RCP.<sup>1000</sup>

### *Variabilidade nas prácticas éticas sobre RCP en Europa*

Representantes de 32 países europeos nos que as actividades do Consello Europeo de Resucitación (ERC) están organizadas, responderon a cuestións respecto á lexislación ética local e práctica da resucitación, e a organización dos servizos de resucitación extrahospitalarios e intrahospitalarios. A equidade de acceso aos coidados de emerxencia e desfibrilación precoz están xa ben establecidos. O principio de autonomía do doente ten soporte legal na actualidade na maioría dos países. Porén, en menos da metade dos países permíteselles normalmente aos familiares estar presentes durante a RCP. Neste momento a eutanasia e o suicidio asistido por un médico son materias controvertidas e están en discusión en varios países europeos. Os profesionais sanitarios deberían coñecer e aplicar a lexislación e as políticas nacionais e locais establecidas.

### *Presenza dos familiares durante a resucitación*

O ERC apoia que se lles ofrezca aos parentes a elección de estar presentes durante un intento de resucitación aínda que se deben entender e apreciar con sensibilidade as variantes culturais e sociais. As decisións de NIR e as discusións relacionadas con ONIR deberían ser rexistradas claramente na historia clínica do doente.<sup>1002-1005</sup> Co tempo a situación ou as perspectivas dos doentes poden cambiar e as ONIR deberían ser revisadas consecuentemente.<sup>1006</sup>

### *Formación dos profesionais sanitarios sobre temas de ONIR*

Os profesionais sanitarios deberían recibir formación sobre as bases legais e éticas das decisións sobre ONIR e sobre como comunicarse eficazmente con doentes, familiares ou parentes próximos. A calidade de vida, os coidados de soporte e as decisións ao final da vida necesitan ser explicadas como unha parte integral da práctica médica e de enfermería.<sup>1007</sup>

### *Práctica de procedementos no acabado de falecer*

Dado que existe división de opinións sobre practicar procedementos no acabado de falecer, aconséllaselles aos estudantes sanitarios e aos profesionais docentes que aprendan e sigan as políticas hospitalarias rexionais e locais legalmente establecidas.

### *Investigación e consentimento informado*

A investigación no campo da resucitación é necesaria para probar intervencións comúns de incerta eficacia ou novos tratamentos potencialmente beneficiosos.<sup>1008,1009</sup> Para incluír participantes nun estudo débese obter o consentimento informado. En emerxencias, a miúdo non hai tempo suficiente para obter o consentimento informado. Un consentimento diferido ou unha excepción ao consentimento informado con consulta previa á comunidade considéranse alternativas eticamente aceptables para respectar a autonomía.<sup>1010,1011</sup>

Tras 12 anos de ambigüidade, espérase que unha nova Regulación da Unión Europea (UE), que permita o consentimento diferido, harmonice e fomente a investigación en emerxencias nos estados membros.<sup>1009,1010,1012,1013</sup>

### *Auditoría das paradas cardíacas intrahospitalarias e análise de rexistros*

O manexo local da RCP pode mellorarse mediante unha revisión autocrítica tras a RCP para asegurar un círculo de mellora da calidade PDCA (planificar, desenvolver, comprobar, actuar). A revisión autocrítica permite identificar erros na calidade da RCP e prever a súa repetición.<sup>939,961,1014</sup>

A infraestrutura dunha resucitación baseada en equipos e auditoría institucional multinivel,<sup>1015</sup> a comunicación rigorosa dos intentos de resucitación no ámbito da auditoría nacional e/ou no ámbito do rexistro multinacional, e a subseguinte análise dos datos con retroalimentación dos resultados publicados poden contribuír á mellora continuada da calidade da RCP intrahospitalaria e dos resultados da parada cardíaca.<sup>362,1017-1020</sup>

## **Referencias**



1. Perkins GD, Handley AJ, Koster KW, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 2 Adult basic life support and automated external defibrillation. Resuscitation 2015.
2. Soar J, Nolan JP, Bottiger BW, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 3 Adult Advanced Life Support. Resuscitation 2015.
3. Truhlar A, Deakin CD, Soar J, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 4 Cardiac Arrest in Special Circumstances. Resuscitation 2015.
4. Nolan JP, Soar J, Cariou A, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 5 Post Resuscitation Care. Resuscitation 2015.
5. Maconochie I, Bingham R, Eich C, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 6 Paediatric Life Support. Resuscitation 2015.
6. Wyllie J, Jos Bruinenberg J, Roehr CC, Rüdiger M, Trevisanuto D, B. U. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 7 Resuscitation and Support of Transition of Babies at Birth. Resuscitation 2015.
7. Nikolaou NI, Arntz HR, Bellou A, Beygui F, Bossaert LL, Cariou A. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 5. Initial Management of Acute Coronary Syndromes Resuscitation 2015.
8. Zideman DA, De Buck EDJ, Singletary EM, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 9 First Aid. Resuscitation 2015.
9. Greif R, Lockey AS, Conaghan P, Lippert A, De Vries W, Monsieurs KG. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 10 Principles of Education in Resuscitation. Resuscitation 2015.
10. Bossaert L, Perkins GD, Askitopoulou H, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2015 Section 11 The Ethics of Resuscitation and End-of-Life Decisions. Resuscitation 2015.
11. Soreide E, Morrison L, Hillman K, et al. The formula for survival in resuscitation. Resuscitation 2013;84:1487-93.
12. Deakin CD, Nolan JP, Soar J, et al. European Resuscitation Council Guidelines for Resuscitation 2010 Section 4. Adult advanced life support. Resuscitation 2010;81:1305-52.
13. Nolan J, Soar J, Eikeland H. The chain of survival. Resuscitation 2006;71:270-1.
14. Morley PT, Lang E, Aickin R, et al. Part 2: Evidence Evaluation and Management of Conflict of Interest for the ILCOR 2015 Consensus on Science and Treatment Recommendations. Resuscitation 2015.
15. GRADE Handbook. Available at: <http://www.guidelinedevelopment.org/handbook/>. Updated October 2013. Accessed May 6, 2015.
16. Nolan JP, Hazinski MF, Aicken R, et al. Part I. Executive Summary: 2015 International Consensus on cardiopulmonary Resuscitation and Emergency Cardiovascular Care Science with Treatment Recommendations. Resuscitation 2015.
17. Hazinski MF, Nolan JP, Aicken R, et al. Part I. Executive Summary: 2015 International Consensus on cardiopulmonary Resuscitation and Emergency Cardiovascular Care Science with Treatment Recommendations. Circulation 2015.
18. Perkins GD, Travers AH, Considine J, et al. Part 3: Adult basic life support and automated external defibrillation: 2015 International Consensus on Cardiopulmonary Resuscitation and Emergency Cardiovascular Care Science With Treatment Recommendations. Resuscitation 2015.
19. Ringh M, Herlitz J, Hollenberg J, Rosenqvist M, Svensson L. Out of hospital cardiac arrest outside home in Sweden, change in characteristics, outcome and availability for public access defibrillation. Scandinavian journal of trauma, resuscitation and emergency medicine 2009;17:18.
20. Hulleman M, Berdowski J, de Groot JR, et al. Implantable cardioverter-defibrillators have reduced the incidence of resuscitation for out-of-hospital cardiac arrest caused by lethal arrhythmias. Circulation 2012;126:815-21.
21. Blom MT, Beesems SG, Homma PC, et al. Improved survival after out-of-hospital cardiac arrest and use of automated external defibrillators. Circulation 2014;130:1868-75.
22. Weisfeldt ML, Sitlani CM, Ornato JP, et al. Survival after application of automatic external defibrillators before arrival of the emergency medical system: evaluation in the resuscitation outcomes consortium population of 21 million. J Am Coll Cardiol 2010;55:1713-20.
23. Berdowski J, Blom MT, Bardai A, Tan HL, Tijssen JG, Koster RW. Impact of onsite or dispatched automated external defibrillator use on survival after out-of-hospital cardiac arrest. Circulation 2011;124:2225-32.
24. Sasson C, Rogers MA, Dahl J, Kellermann AL. Predictors of survival from out-of-hospital cardiac arrest: a systematic review and meta-analysis. Circ Cardiovasc Qual Outcomes 2010;3:63-81.
25. Nehme Z, Andrew E, Bernard S, Smith K. Comparison of out-of-hospital cardiac arrest occurring before and after paramedic arrival: epidemiology, survival to hospital discharge and 12-month functional recovery. Resuscitation 2015;89:50-7.
26. Takei Y, Nishi T, Kamikura T, et al. Do early emergency calls before patient collapse improve survival after out-of-hospital cardiac arrests? Resuscitation 2015;88:20-7.
27. Holmberg M, Holmberg S, Herlitz J. Factors modifying the effect of bystander cardiopulmonary resuscitation on survival in out-of-hospital cardiac arrest patients in Sweden. European heart journal 2001;22:511-9.
28. Wissenberg M, Lippert FK, Folke F, et al. Association of national initiatives to improve cardiac arrest management with rates of bystander intervention and patient survival after out-of-hospital cardiac arrest. Jama 2013;310:1377-84.
29. Hasselqvist-Ax I, Riva G, Herlitz J, et al. Early cardiopulmonary resuscitation in out-of-hospital cardiac arrest. The New England journal of medicine 2015;372:2307-15.
30. Rea TD, Fahrenbruch C, Culley L, et al. CPR with chest compressions alone or with rescue breathing. New England Journal of Medicine 2010;363:423-33.
31. Svensson L, Bohm K, Castren M, et al. Compression-only CPR or standard CPR in out-of-hospital cardiac arrest. New England Journal of Medicine 2010;363:434-42.
32. Hupfl M, Selig HF, Nagele P. Chest-compression-only versus standard cardiopulmonary resuscitation: a meta-analysis. Lancet 2010;376:1552-7.
33. Ringh M, Rosenqvist M, Hollenberg J, et al. Mobile-phone dispatch of laypersons for CPR in out-of-hospital cardiac arrest. The New England journal of medicine 2015;372:2316-25.
34. van Alem AP, Vrenken RH, de Vos R, Tijssen JG, Koster RW. Use of automated external defibrillator by first responders in out of hospital cardiac arrest: prospective controlled trial. Bmj 2003;327:1312.
35. Fothergill RT, Watson LR, Chamberlain D, Viridi GK, Moore FP, Whitbread M. Increases in survival from out-of-hospital cardiac arrest: a five year study. Resuscitation 2013;84:1089-92.

36. Perkins GD, Lall R, Quinn T, et al. Mechanical versus manual chest compression for out-of-hospital cardiac arrest (PARAMEDIC): a pragmatic, cluster randomised controlled trial. *Lancet* 2015;385:947-55.
37. Zijlstra JA, Stieglis R, Riedijk F, Smeekes M, van der Worp WE, Koster RW. Local lay rescuers with AEDs, alerted by text messages, contribute to early defibrillation in a Dutch out-of-hospital cardiac arrest dispatch system. *Resuscitation* 2014;85:1444-9.
38. Bahr J, Klingler H, Panzer W, Rode H, Kettler D. Skills of lay people in checking the carotid pulse. *Resuscitation* 1997;35:23-6.
39. Nyman J, Sihvonen M. Cardiopulmonary resuscitation skills in nurses and nursing students. *Resuscitation* 2000;47:179-84.
40. Tibballs J, Russell P. Reliability of pulse palpation by healthcare personnel to diagnose paediatric cardiac arrest. *Resuscitation* 2009;80:61-4.
41. Tibballs J, Weeranatna C. The influence of time on the accuracy of healthcare personnel to diagnose paediatric cardiac arrest by pulse palpation. *Resuscitation* 2010;81:671-5.
42. Moule P. Checking the carotid pulse: diagnostic accuracy in students of the healthcare professions. *Resuscitation* 2000;44:195-201.
43. Bobrow BJ, Zuercher M, Ewy GA, et al. Gasping during cardiac arrest in humans is frequent and associated with improved survival. *Circulation* 2008;118:2550-4.
44. Perkins GD, Stephenson B, Hulme J, Monsieurs KG. Birmingham assessment of breathing study (BABS). *Resuscitation* 2005;64:109-13.
45. Perkins GD, Walker G, Christensen K, Hulme J, Monsieurs KG. Teaching recognition of agonal breathing improves accuracy of diagnosing cardiac arrest. *Resuscitation* 2006;70:432-7.
46. Breckwoldt J, Schloesser S, Arntz HR. Perceptions of collapse and assessment of cardiac arrest by bystanders of out-of-hospital cardiac arrest (OOHCA). *Resuscitation* 2009;80:1108-13.
47. Stecker EC, Reinier K, Uy-Evanado A, et al. Relationship between seizure episode and sudden cardiac arrest in patients with epilepsy: a community-based study. *Circulation Arrhythmia and electrophysiology* 2013;6:912-6.
48. Dami F, Fuchs V, Praz L, Vader JP. Introducing systematic dispatcher-assisted cardiopulmonary resuscitation (telephone-CPR) in a non-Advanced Medical Priority Dispatch System (AMPDS): implementation process and costs. *Resuscitation* 2010;81:848-52.
49. Nurmi J, Pettila V, Biber B, Kuisma M, Komulainen R, Castren M. Effect of protocol compliance to cardiac arrest identification by emergency medical dispatchers. *Resuscitation* 2006;70:463-9.
50. Lewis M, Stubbs BA, Eisenberg MS. Dispatcher-assisted cardiopulmonary resuscitation: time to identify cardiac arrest and deliver chest compression instructions. *Circulation* 2013;128:1522-30.
51. Hauff SR, Rea TD, Culley LL, Kerry F, Becker L, Eisenberg MS. Factors impeding dispatcher-assisted telephone cardiopulmonary resuscitation. *Annals of emergency medicine* 2003;42:731-7.
52. Bohm K, Stalhandske B, Rosenqvist M, Ulfvarson J, Hollenberg J, Svensson L. Tuition of emergency medical dispatchers in the recognition of agonal respiration increases the use of telephone assisted CPR. *Resuscitation* 2009;80:1025-8.
53. Bohm K, Rosenqvist M, Hollenberg J, Biber B, Engerstrom L, Svensson L. Dispatcher-assisted telephone-guided cardiopulmonary resuscitation: an underused lifesaving system. *European journal of emergency medicine : official journal of the European Society for Emergency Medicine* 2007;14:256-9.
54. Bång A, Herlitz J, Martinell S. Interaction between emergency medical dispatcher and caller in suspected out-of-hospital cardiac arrest calls with focus on agonal breathing. A review of 100 tape recordings of true cardiac arrest cases. *Resuscitation* 2003;56:25-34.
55. Roppolo LP, Westfall A, Pepe PE, et al. Dispatcher assessments for agonal breathing improve detection of cardiac arrest. *Resuscitation* 2009;80:769-72.
56. Vaillancourt C, Verma A, Trickett J, et al. Evaluating the effectiveness of dispatch-assisted cardiopulmonary resuscitation instructions. *Academic emergency medicine : official journal of the Society for Academic Emergency Medicine* 2007;14:877-83.
57. Tanaka Y, Taniguchi J, Wato Y, Yoshida Y, Inaba H. The continuous quality improvement project for telephone-assisted instruction of cardiopulmonary resuscitation increased the incidence of bystander CPR and improved the outcomes of out-of-hospital cardiac arrests. *Resuscitation* 2012;83:1235-41.
58. Clawson J, Olola C, Heward A, Patterson B. Cardiac arrest predictability in seizure patients based on emergency medical dispatcher identification of previous seizure or epilepsy history. *Resuscitation* 2007;75:298-304.
59. Eisenberg MS, Hallstrom AP, Carter WB, Cummins RO, Bergner L, Pierce J. Emergency CPR instruction via telephone. *Am J Public Health* 1985;75:47-50.
60. Akahane M, Ogawa T, Tanabe S, et al. Impact of telephone dispatcher assistance on the outcomes of pediatric out-of-hospital cardiac arrest. *Critical care medicine* 2012;40:1410-6.
61. Bray JE, Deasy C, Walsh J, Bacon A, Currell A, Smith K. Changing EMS dispatcher CPR instructions to 400 compressions before mouth-to-mouth improved bystander CPR rates. *Resuscitation* 2011;82:1393-8.
62. Culley LL, Clark JJ, Eisenberg MS, Larsen MP. Dispatcher-assisted telephone CPR: common delays and time standards for delivery. *Annals of emergency medicine* 1991;20:362-6.
63. Stipulante S, Tubes R, El Fassi M, et al. Implementation of the ALERT algorithm, a new dispatcher-assisted telephone cardiopulmonary resuscitation protocol, in non-Advanced Medical Priority Dispatch System (AMPDS) Emergency Medical Services centres. *Resuscitation* 2014;85:177-81.
64. Rea TD, Eisenberg MS, Culley LL, Becker L. Dispatcher-assisted cardiopulmonary resuscitation and survival in cardiac arrest. *Circulation* 2001;104:2513-6.
65. Hallstrom AP. Dispatcher-assisted "phone" cardiopulmonary resuscitation by chest compression alone or with mouth-to-mouth ventilation. *Critical care medicine* 2000;28:N190-N2.
66. Stromsoe A, Svensson L, Axelsson AB, et al. Improved outcome in Sweden after out-of-hospital cardiac arrest and possible association with improvements in every link in the chain of survival. *European heart journal* 2015;36:863-71.
67. Takei Y, Inaba H, Yachida T, Enami M, Goto Y, Ohta K. Analysis of reasons for emergency call delays in Japan in relation to location: high incidence of correctable causes and the impact of delays on patient outcomes. *Resuscitation* 2010;81:1492-8.
68. Herlitz J, Engdahl J, Svensson L, Young M, Angquist KA, Holmberg S. A short delay from out of hospital cardiac arrest to call for ambulance increases survival. *European heart journal* 2003;24:1750-5.
69. Nehme Z, Andrew E, Cameron P, et al. Direction of first



bystander call for help is associated with outcome from out-of-hospital cardiac arrest. *Resuscitation* 2014;85:42-8.

70. Cha KC, Kim HJ, Shin HJ, Kim H, Lee KH, Hwang SO. Hemodynamic effect of external chest compressions at the lower end of the sternum in cardiac arrest patients. *The Journal of emergency medicine* 2013;44:691-7.

71. Qvigstad E, Kramer-Johansen J, Tomte O, et al. Clinical pilot study of different hand positions during manual chest compressions monitored with capnography. *Resuscitation* 2013;84:1203-7.

72. Orłowski JP. Optimum position for external cardiac compression in infants and young children. *Annals of emergency medicine* 1986;15:667-73.

73. Chamberlain D, Smith A, Colquhoun M, Handley AJ, Kern KB, Woollard M. Randomised controlled trials of staged teaching for basic life support: 2. Comparison of CPR performance and skill retention using either staged instruction or conventional training. *Resuscitation* 2001;50:27-37.

74. Handley AJ. Teaching hand placement for chest compression--a simpler technique. *Resuscitation* 2002;53:29-36.

75. Handley AJ, Handley JA. Performing chest compressions in a confined space. *Resuscitation* 2004;61:55-61.

76. Perkins GD, Stephenson BT, Smith CM, Gao F. A comparison between over-the-head and standard cardiopulmonary resuscitation. *Resuscitation* 2004;61:155-61.

77. Hostler D, Everson-Stewart S, Rea TD, et al. Effect of real-time feedback during cardiopulmonary resuscitation outside hospital: prospective, cluster-randomised trial. *Bmj* 2011;342:d512.

78. Stiell IG, Brown SP, Christenson J, et al. What is the role of chest compression depth during out-of-hospital cardiac arrest resuscitation?\*. *Critical care medicine* 2012;40:1192-8.

79. Stiell IG, Brown SP, Nichol G, et al. What is the optimal chest compression depth during out-of-hospital cardiac arrest resuscitation of adult patients? *Circulation* 2014;130:1962-70.

80. Vadeboncoeur T, Stolz U, Panchal A, et al. Chest compression depth and survival in out-of-hospital cardiac arrest. *Resuscitation* 2014;85:182-8.

81. Hellevuo H, Sainio M, Nevalainen R, et al. Deeper chest compression - more complications for cardiac arrest patients? *Resuscitation* 2013;84:760-5.

82. Idris AH, Guffey D, Pepe PE, et al. Chest compression rates and survival following out-of-hospital cardiac arrest. *Critical care medicine* 2015;43:840-8.

83. Idris AH, Guffey D, Aufderheide TP, et al. Relationship between chest compression rates and outcomes from cardiac arrest. *Circulation* 2012;125:3004-12.

84. Cheskes S, Schmicker RH, Verbeek PR, et al. The impact of peri-shock pause on survival from out-of-hospital shockable cardiac arrest during the Resuscitation Outcomes Consortium PRIMED trial. *Resuscitation* 2014;85:336-42.

85. Cheskes S, Schmicker RH, Christenson J, et al. Perishock pause: an independent predictor of survival from out-of-hospital shockable cardiac arrest. *Circulation* 2011;124:58-66.

86. Vaillancourt C, Everson-Stewart S, Christenson J, et al. The impact of increased chest compression fraction on return of spontaneous circulation for out-of-hospital cardiac arrest patients not in ventricular fibrillation. *Resuscitation* 2011;82:1501-7.

87. Sell RE, Sarno R, Lawrence B, et al. Minimizing pre- and post-defibrillation pauses increases the likelihood of return of spontaneous circulation (ROSC). *Resuscitation* 2010;81:822-5.

88. Christenson J, Andrusiek D, Everson-Stewart S, et al. Chest compression fraction determines survival in patients

with out-of-hospital ventricular fibrillation. *Circulation* 2009;120:1241-7.

89. Delvaux AB, Trombley MT, Rivet CJ, et al. Design and development of a cardiopulmonary resuscitation mattress. *J Intensive Care Med* 2009;24:195-99.

90. Nishisaki A, Maltese MR, Niles DE, et al. Backboards are important when chest compressions are provided on a soft mattress. *Resuscitation* 2012;83:1013-20.

91. Sato H, Komasa N, Ueki R, et al. Backboard insertion in the operating table increases chest compression depth: a manikin study. *J Anesth* 2011;25:770-2.

92. Perkins GD, Smith CM, Augre C, et al. Effects of a backboard, bed height, and operator position on compression depth during simulated resuscitation. *Intensive care medicine* 2006;32:1632-5.

93. Perkins GD, Kocierz L, Smith SC, McCulloch RA, Davies RP. Compression feedback devices over estimate chest compression depth when performed on a bed. *Resuscitation* 2009;80:79-82.

94. Cloete G, Dellimore KH, Scheffer C, Smuts MS, Wallis LA. The impact of backboard size and orientation on sternum-to-spine compression depth and compression stiffness in a manikin study of CPR using two mattress types. *Resuscitation* 2011;82:1064-70.

95. Niles DE, Sutton RM, Nadkarni VM, et al. Prevalence and hemodynamic effects of leaning during CPR. *Resuscitation* 2011;82 Suppl 2:S23-6.

96. Zuercher M, Hilwig RW, Ranger-Moore J, et al. Leaning during chest compressions impairs cardiac output and left ventricular myocardial blood flow in piglet cardiac arrest. *Critical care medicine* 2010;38:1141-6.

97. Aufderheide TP, Pirralo RG, Yannopoulos D, et al. Incomplete chest wall decompression: a clinical evaluation of CPR performance by EMS personnel and assessment of alternative manual chest compression-decompression techniques. *Resuscitation* 2005;64:353-62.

98. Yannopoulos D, McKnite S, Aufderheide TP, et al. Effects of incomplete chest wall decompression during cardiopulmonary resuscitation on coronary and cerebral perfusion pressures in a porcine model of cardiac arrest. *Resuscitation* 2005;64:363-72.

99. Couper K, Salman B, Soar J, Finn J, Perkins GD. Debriefing to improve outcomes from critical illness: a systematic review and meta-analysis. *Intensive care medicine* 2013;39:1513-23.

100. Couper K, Kimani PK, Abella BS, et al. The System-Wide Effect of Real-Time Audiovisual Feedback and Postevent Debriefing for In-Hospital Cardiac Arrest: The Cardiopulmonary Resuscitation Quality Improvement Initiative. *Critical care medicine* 2015:in press.

101. Baskett P, Nolan J, Parr M. Tidal volumes which are perceived to be adequate for resuscitation. *Resuscitation* 1996;31:231-4.

102. Beesems SG, Wijmans L, Tijssen JG, Koster RW. Duration of ventilations during cardiopulmonary resuscitation by lay rescuers and first responders: relationship between delivering chest compressions and outcomes. *Circulation* 2013;127:1585-90.

103. Sayre MR, Cantrell SA, White LJ, Hiestand BC, Keseg DP, Koser S. Impact of the 2005 American Heart Association cardiopulmonary resuscitation and emergency cardiovascular care guidelines on out-of-hospital cardiac arrest survival. *Prehospital emergency care : official journal of the National Association of EMS Physicians and the National Association of State EMS Directors* 2009;13:469-77.

